

# A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural




Museo do Pobo Estradense  
MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA

Núm.  
1999 **2**

# A ESTRADA

## Miscelánea histórica e cultural



*Comité de Redacción:*

OLÍMPIO ARCA CALDAS

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ BASCUAS

JOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

JOSÉ MANUEL MOSQUERA AGRELO

*Coordinación:*

XOÁN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA. MUSEO M.R. PORTELA

1999

Cuberta: Capitol de S. Miguel de Moreira.A Estrada  
Deseño da cuberta: Xosé M. Castaño García.  
© Copyright  
I.S.S.N.: 1139-921X  
Dep. Legal: PO- 224/99  
Imprime: LITOSPRINT S.L.

## PRESENTACIÓN

Constitúe para todos nós un motivo de satisfacción sacar á luz a segunda edición dunha publicación que no seu día naceu, no seo do Museo Manuel Reimóndez Portela, coa vocación de indagar sobre a historia e cultura da nosa comunidade estradense, conforme ás arelas más fondas daquel que fora o seu fundador e dou nome ó museo. Así mesmo compráce-nos comprobar como xoves investigadores se van incorporando ó noso proxecto, contribuindo cos seus traballos ou participando nos foros de investigación que neste momento temos abertos no Museo: **Castelao e A Estrada** (tema que xa produciu dous excelentes traballos publicados neste anuario) e o **ferrocarril e A Estrada**, materia en torno á que están xurdindo interesantes ámbitos de investigación que no seu día serán tratados nestas páxinas. Neste sentido reiteramos a nosa invitación a aqueles que, sentindo a vocación investigadora, desexan ofrecernos o froito do seu traballo ou ben, se así o prefiren, incorporarse ó foro permanente de investigación creado en torno ó Museo Manuel Reimóndez Portela de A Estrada, coa finalidade de indagar en torno a tódalas circunstancias que no transcurso do tempo foron conformando a historia e modelando o nosa particular forma de ser.

Ábrese este segundo volume cun traballo de investigación biográfica sobre as dúas mulleres más importantes da vida de Castelao, a súa esposa, a estradense Virxinia Pereira e súa nai, Xoaquina Castelao. Apaixoante relato de Olimpio Arca que

nos leva dos úbedos vales ulláns ás lonxanas ardentías da Pampa, ós dias felices na Estrada e Pontevedra, e ó exilio na Arxentina.

María Xesús Fernández, fiel ó seu empeño de ir abrindo liñas de investigación en torno a aspectos da historia recente da Estrada, ofrécenos unha primeira entrega da xénese urbanística da vila, traballo imprescindible para todos aqueles que, no futuro, desexen emprender traballos de investigación neste eido da historia contemporánea local.

Juan Andrés Fernández, a través do uso cruzado de fontes literarias e protocolos notariais da época, introducírese na vida diaria dos labregos estradenses do val do Ulla para estudiar os útiles de uso cotiá e o case descoñecido mundo da lectura no rural, ó que accede a través da obra de García Barros *Aventuras de Alberte Quiñoi*, novela dotada dun especial interéss etnográfico.

A mítica *Torre da Barreira*, en Riobó, A Estrada, poboada de mouros e tesouros soterrados, centrou o interéss do medievalista Xosé Manuel Mosquera quen, a través das fontes dispoñibles (especialmente do preito Tavera-Fonseca) introducíenos no complexo mundo da mentalidade medieval indagando sobre conceptos como *castelo*, *torre* ou *fortaleza*. O seu traballo teórico complétase cunha exhaustiva descripción e reconstrucción do que sen dúbida foi importante monumento medieval e que ben merecería un labor de limpeza e consolidación en consonancia co fermosísimo espacio natural donde se encontra.

Mercedes Brea e Gema Vallín ofrécenos cadansúa visión de dous persoeiros xunguidos polos seus nomes a terras próximas e queridas por todos nós: trátase dos irmáns Pay Soarez de Taveirós e Pero Vello de Taveirós. Céntrase Mercedes Brea en achegar argumentos a favor da orixe de ambos nas terras denominadas xenericamente *Tabeirós*, e que coincidría aproximadamente co territorio que hoxe conforma a comarca do mesmo nome; pola súa parte Gema Vallín orienta a súa colaboración na análise da poética de Pay Soarez, unha das máis valiosas da tradición galego-portuguesa, en opinión da autora.

A Etnografía histórica faise presente neste volume da man de Manuel Rodríguez, quen, a través dun exhaustivo traballo de campo e adecuado emprego da bibliografía e fontes dispoñibles ofrécenos un interesante estudio do labor textil na zona estradense dos Veas. Pola súa parte Mario Blanco presenta, a través de cincuenta e dúas fotografías inéditas das que foi autor nos distintos lugares e frentes da Guerra Civil española, un relato-crónica do Batallón Galego que participou na contenda que rematou hai 60 anos.

A fermosa imaxe da Virxe que se encontra na Praza da Inmaculada, a carón da igrexa parroquial da vila da Estrada, obra do escultor Asorey, é obxecto de estudio por parte de Javier Travieso, investigador que no anterior número nos deixou un interesante traballo sobre o lenzo de Corredoira propiedade do Excmo. Concello de A Estrada. Pilar Regueiro aproxímanos, a través dos diarios escolares de alumnos da época, memoria do curso elaborada polo seu avó, o ilustre mestre de Sabucedo don Francisco Regueiro, arquivo parroquial e prensa da época, a un feito transcendental na historia da vida cotiá da parroquia estradense de Sabucedo: a epidemia de gripe de 1918.

E para cerrar este volume ofrecemos a colaboración de Neira Vilas, centrada no seu labor como investigador da emigración galega a Cuba, labor que culminou coa creación da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, do que foi creador e primeiro Director.

*O Comité de Redacción*



## AS DÚAS MULLERES DE CASTELAO

Olimpio Arca Caldas

A vida afectiva da persoa xoga un papel de importancia transcendental no seu desenrollo integral, no seu peregrinar polos vieiros do mundo, nas súas respostas diante das múltiples situacóns individuais ou colectivas. No caso de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, polas circunstancias personais especiais, (emigración do pai na nenez, e logo a enfermidade), han ter unha influencia decisiva as dúas donas máis inmediatas, máis vinculadas a súa existencia: **Xoaquina**, súa nai, e **Virxinia** a súa muller.

Nos primeiros anos da súa vida o ser humano ten nos seus pais, e en especial na súa nai, a forza que o protexe; a manutenza nutricia e sobre de todo o amor mergullado nunha tenrura infinda. En troques, na presencia do cónxuge, atopa solucións ás ilusións conxuntas encol dos fillos; comparte penas e mágoas; amosan unhas mans pródigas en caricias nos intres de abatemento ou enfermidade; alento para empresas difíciles.

Cando nunha homenaxe se fai gabanza dun home, case sempre se escoita a manida frase: "Detrás dun gran home sempre hai unha gran muller", pero esquécese, quizáis pola lonxanía do tempo, da importancia da nai.

Emprendamos, pois é de xustiza, unha pequena singradura polo océano do cariño, polos mares de aloumiños destas dúas mulleres que tanto significaron na vida e na obra deste galego senlleiro.

## XAQUINA

"Miña nai era a muller máis fermosa...

Todo o que son a ela llo debo...

Tódolos meus éxitos na vida son consecuencia da educación moral, intelectual e física que recibín dela".

Jorge Washington

### ENTORNO FAMILIAR

No libro número 16 do rexistro de bautizados da parroquia de santa Columba (1) da Vila coruñesa vila de Rianxo, ó folio 140, volta e co número 33 daquel ano atópase a partida de bautismo de Xaquina Castelao Gemne, nacida e bautizada o día 14 de maio do ano 1858. Filla de Xosé Ramón Castelao e de Teresa Gemne, veciños desta Vila. Son avós paternos Francisco Castelao e M<sup>a</sup> Rosa Vidal; avós maternos Bartolomé Gemne e Joaquina Fuentes. Foron padriños Benito de Noya y *su mujer Josefa Gemne* tía da nena por parte materna. Asina a partida o crego Nicolás Pérez Santamaría.

Xosé Ramón chegara das terras do concello de Vedra, no val da Ulla. Carpinteiro de profesión tiña un pequeno obradoiro onde traballaba pequenas cousas de tipo doméstico para a veciñanza. Xosé Ramón, ben coñecido e apreciado na vila, pai de familia numerosa, tivo seis fillos: Xaquina, Francisco, Pilar, Abelardo, Juan Ramón e Manuel. No taller de seu pai tódolos fillos varóns aprenderán o oficio da trencha, non obstante a economía familiar era normaliña, máis ben tirando a cativa, polo que se fixo preciso sair polo mundo.

Francisco, un ano máis novo que Xaquina emigrou, despois de casado, para Arxentina e finou naquelas terras de América. Juan Ramón, nacido no 1864, tamén pasara o océano e estableceuse na cidade de Rosario de Santa Fe, onde rexentou un importante e acreditado taller de carpintería e chegara a ser un destacado ebanista. Non obstante, enfermou de tise, doença na que gastou tódolos seus aforros, tendo que regresar para acaba-los seus días na casa de súa irmá Xaquina. No cemiterio antigo de Rianxo hai unha praca en bronce coa seguinte inscripción: **"El Centro Unión de Patrones carpinteros de Rosario de Santa Fe a su digno Presidente JUAN CASTE-**

**LAO, República Argentina".** Pilar casou, en primeiras nupcias, con Losada e deste matrimonio naceu no ano 1891 un fillo, Xosé Losada Castelao. Viúva moi pronto, casou con Rodríguez e deste novo matrimonio, no 1905, naceu Manuel Rodríguez Castelao (Insua). Manuel, o irmán máis novo tamén emigrou ás terras de Arxentina.

Xaquina foi, primeiro, á escola da vila de Rianxo, vella e destartelada, e alí soubo da famosa **Carta de Cristus** para aprende-la lectura, e pouco máis. Para completa-lo máis elemental asistiría ás clases particulares, de dona Justa Silva Vázquez de Araújo, nai do bispo auxiliar de Santiago, D. Severo Araújo. Nos seráns da primavera nos arenais de Tanxil e Rinlo, na compaña das primas e compañeiras da escola sempre se podía apañar unha saqueta de berberechos, menguado compango de tódalas familias.

A xuventude daquelas mociñas, as de Rañó, as primas Noya Gemne, as fillas de Francisco, belidas mozas coñecidas no pobo co nome de "As guapas", non foi moi leda por mor do ambiente do pobo, cáseque sen escolas, con máis tabernas que industrias, con moitos siareiros do alcol, prestábase a moitas situacions de menosprecio hacia as mulleres. As festas parroquiais da Guadalupe, na segunda quincena de setembro, amenizadas pola banda de música do señor Piñeiro, as rondallas e comparsas do Entroido e as troulas das parroquias do entorno, sempre baixo a vixiancia paterna, constituían as poucas ocasións dun divertimento axeitado.

**Mariano Rodríguez de Dios**, foi fillo único do matrimonio composto por Manuel Rodríguez García e de Ventura de Dios Figueroa, ámbolos dous naturais e veciños da Vila de Rianxo. Mariano traballaba unhas veces como mariñeiro eventual -a crise da sardiña encontrábase daquela no seu momento álxido- outras, procuraba traballo e diñeiro como mariscador. Asemade sabía facer velas para os barcos, ou sexa veleiro; pero sempre sen un traballo fixo.

### **Xaquina nai.**

Entre Mariano e Xaquina medrou a amizade primeiro; logo chegou o amor. No libro número 17, folio 6, do libro de casa-

mentos da parroquia de Santa Columba de Rianxo, con data 13 de xullo do ano 1885 aparece reflexada a voda de **Mariano Rodríguez de Dios**, de 26 anos de idade con **Xaquina Castelao Gemne** da mesma idade. A cerimonia moi sinxela, en familia, foi oficiada polo polémico crego, reverendo José Magariños.

O mes de xaneiro do ano 1886 presentárase frío, O día 30 Mariano non saíra ó mar. Esperábao un importante acontecemento familiar. No número 29 da rúa de Cabo da Vila, vivenda de Mariano e Xaquina, había moito rebumbio. Chamárase á señora María, muller moi entendida naquelhas labores, para que lle botase unha man á nai e axiña da súa chegada, choraba un raparigo que no mesmo día foi bautizado polo devandito crego José Magariños cos nomes de Alfonso, Daniel, Manuel, sendo padriños os seus tíos maternos, Francisco e Pilar.

Un rapaz que por mor da popularidade de seu avó Xosé Ramón e dos seus tíos sería coñecido na vila polo **rapaz de CASTELAO**, mentres no seo familiar o seu nome era Daniel e para a historia sería Alfonso R. Castelao.

Co nacemento de Daniel, unha boca máis, un primeiro herdeiro que hai que atender e coidar. Faise preciso, pois, acadar para el e para os posibles irmáns un millor porvir do que naquel entón podía ofrece-la economía mariñeira do pobo de Rianxo.

Mariano, veleiro unhas veces, patrón de pesca, as menos; desempregado moitas temporadas, non lle ten medo ó traballo. Sabe que alén mar hai terras onde se podería endereitar a situación económica e matina en tenta-la sorte naquelhas latitudes.

Xaquina malia entender os bos anceios do seu home non os pode compartir. Dende o mesmo intre en que Mariano enxergou a idea dunha posible viaxe, ela sente un pesadelo anímico tan forte que borra o sorriso dos seus beizos, un baleiro tan fondo que non é quen de tapalo aquel meniño que durme no seu colo.

Ela casara por amor, xunguírase de por vida ó seu home; desexaba vivir con el, nas duras e nas maduras, o seu carón. Resistíase a ser outra viúva de mortos coma tantas veciñas e

coñecidas do seu entorno. Ben sabía e coñecía ela veciños, emigrantes naquelhas lonxanas terras, que se esqueceran das súas donas e da familia.

Cando se tratou en firme a viaxe, Xaquina albiscou unha raiola de sosego para a súa mágoa cando Manuel, seu irmán, decide embarcar co Mariano cara o mesmo destino. Asemade, tamén seu irmán Juan xa estaba naquel país e sempre habería algúns que se lembrase da Terra ou que dese novas dos outros.

A despedida foi dura, moi dura. Cun meniño de tres meses nos brazos, longas noites en vela na espreita do sono de Daniel, noites de insomnio preñadas de Pantasmas de emigrantes. Cando xa o barco deixara o peirao de Vilagarcía e puxera proa cara o novo mundo as sabas da cama de Xaquina estaban xeadas de ausencias, húmidas de bágoas de cariño e enrugadas de impotencia.

Mentres nas orelas do río da Prata o Mariano anda na procura dun traballo estable, acá, na tranquila vila de Rianxo, a casa de Xaquina atópase mergullada nun constante desacougo. A constitución fisiolóxica de Danieliño amosa certas carencias que intranquilizan a Xaquina. Aquela faciana sempre esbrancuxada, aquela decote pouca gaña de comer, a floxedade das forzas do picariño non se dan atallado. Sen esperanza nos médicos Xaquina non pode máis. Achégase ata o convento de san Pedro de Belvís, na cidade de Santiago coa fe de que un milagre lle erga a "*paletilla*" ó seu neno.

Xaquina, muller profundamente cristiana teima que o neno senta tamén o espírito relixioso e en verdade que chegou a conseguilo, segundo nos confesará o mesmo Castelao despois da súa viaxe a París. "...*Sería de contar que eu viñese a París para que en min rexurdise aquela fe relixiosa que eu tiña cando era rapaz. Sempre fun, eso sí, fondamentes relixiosos...*"

Malia a axuda que atopa na casa de seus pais, Xaquina, nesa fe súa, quere que o seu rapaz teña tamén unha axuda espiritual e ofrécello á nosa señora, na advocación de Guadalupe, tan venerada na Vila.

A vida de Xaquina estará sempre dedicada ó coidado e protección do seu neno, o seu tesouro afectivo presente, lem-

branza viva do seu proxenitor. Naquelas datas o comportamento cidadán en Rianxo non era moi edificante. Din as crónicas que "*eran moi frecuentes as batallas campais de mocetes, especialmente polas noites, con apedreos á casa do cura, do boticario, con tiros e insultos ós pacíficos veciños*". O mesmo Concello solicitou un posto da Garda Civil para a Vila.

Cando Daniel comeza na escola, xa sexa a de D. Xoán ou a de D. Xosé, Xaquina, denda a xanela da porta non saca ollos da andaina do rapaz ata a mesma esquina da rúa. Logo, cando a epidemia da variola, con nenos mortos, aparece en Rianxo no mes de febreiro de 1892, Xaquina trema co medo pola saúde do seu Daniel de cinco anos.

O xogo no peirao tenlle prohibido polo medo a unha contrariedade seria. Ha xogar no eirado do adro da igrexa e para un mellor coidado fai que se entreteña como monaguillo da parroquial, pois alí sempre atopará modais e ditos más edificantes. Cántanos **Teresa**, que seu irmán Daniel gustaba de xogar ás procesións debaixo do hórreo que había preto da igrexa.

O rapaz, lizgairo de natureza, quere atopar, no único mapa da escola, o punto xeográfico da Santa Rosa naquel pais chamado Arxentina. Tódolos esforzos, tódalas preguntas quedan no ar da ignorancia: "*Debe ser tan pequeño como Rianxo, que tampoco ven naquel mapa*". E súa nai séntese magoada, alá no máis fondo, por non lle poder axudar ó crio.

Os negocios do pai, segundo as últimas cartas, levan un bo camiño. Na inmensa chaira da Pampa atopou creto para mercar un negocio de "*pulpería*", tenda onde se despachan comestibles, bebidas, prendas de vestir e tamén, ás veces, pousada. (Antes pulquería, derivado de pulque=augardente) . Era cousa de que se adxuntanse muller e fillo para axudar ó negocio e voltar con catro perras aforradas.

Cando chegou a carta coas pasaxes, unha nube moura voltou a nubla-la vida de Xoaquina. Seus irmáns, espallados pola xeografía arxentina, nunca deran chegado a carón de seu curmán. Aquel lugar debía estar cabo do mundo, pero era preci-

so acudir á cita, pois Xaquina non rexe aquela ausencia e Daniel vai precisando a autoridade paterna.

Naquel mencer de 1895 sobre das tranquilas augas de Arousa un veleiro, na súa corta singradura de Rianxo a Vilagarcía esnaquiza silandeiro o espello azul do mar. Na popa, de costas ó avance, Xaquina, indiferente á paisaxe, sente esbarar unhas bágoas mornas, salgadas; Daniel, cun nó na gorxa, salouca sen voz, mentres olla a serena beleza da Barbanza e o abrazo agarimoso da terra co mar.

Un vapor levaraos preto de Mariano, home non esquecido e pouco disfrutado, pai descoñecido... Fume negro coma os pensamentos de Xaquina que non é quen de ganduxa-los pouco recordos da menguada ledicia dende o seu casamento. Meses e anos de soedade, noites de mouros presentimentos.

Agora, nun horizonte sempre azul, ceo e mar, na mente de Xaquina xorden a cotío angustiosas preguntas. ¿Sentaralle aquel clima ó seu Daniel?. As comidas han ser moi distintas... ¿Admitirano na escola?... ¿Como pode ser que non haxa crego?.

Por fin, como remate de tan longa travesía, o inmenso peirao de Bos Aires. Manuel e Francisco corren ó seu encontro. Un abrazo longo, agarimoso, quente, bágoas de ledicia... Pero Mariano non veu a recibilos. ¿Estará moi lonxe dalí?. Un día naquela cidade de amplas rúas tiradas a cordel cos grandes edificios e cheas de xentes que van e veñen, descubrenlle a Daniel un mundo onde as persoas non folgan nunca.

O tren, serpe de ferro, alanca sen descanso por hortas e camposas inmensas. ¡Que longo é o mundo, un mundo deserto, sen aldeas, sen casas. ¡Viaxe interminable!. A carbonilla entra polas fiestras e pousase nas pálpebras. Naqueles duros asentos de madeira doen os osos; hinchan os pés, estala a cabeza por mor daquel *traca-tá* que non remata nunca. Magoados no corpo e na alma, chegan á estación final. Acabouse a vía. Non obstante, aínda hai máis; un renqueante carromato de cabalos levaraos ata Santa Rosa, "estancia" aillada nun cruce de camiños, camiños que irán a ningures naque-la extensa planicie.

Chegou o intre tantos anos esperado, Daniel coñece a seu pai; Xaquina fúndese nunha longa aperta nos brazos dun Mariano más forte, más moreno. Unha nova xeira, difícil pero plena de esperanza comeza para os novos moradores daquela estraña vivenda.

¿Onde queda Rianxo, onde as súas xentes, o seu peirao, a súa igrexa? Herba, só herba verde, ondulante. Por non haber, nin montes se ollan.

Xaquina ten que amoldarse a unha nova e distinta vida; ha traballar e sofrir en silencio... ¿Que vai ser do seu Daniel sen escola?... ¡Que futuro máis escuro! E, naquel medio hostil, medoñento, coas obrigas do matrimonio han chegar dúas nenas más, Xosefina e Teresa.

Castelao, nos dous últimos capítulos de "Os dous de sempre" e no seu primeiro "retrinco" nomeado **O segredo** deixanos o testemuño daquela viaxe e daquel vivir decote sen acougo da súa nai e del naquela soedade pampera:

*"Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de sí; e alá fomos embarcados, a miña nai e más eu, nun paquebote alemán. E axiña de arribar a Bos Aires pillamos un tren que corría moi e logo outro tren que corría pouco e dispois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da Pampa. Naquela soedade plan-tara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos; i era forza pechálos ollos ao circio traballo en espera do retorno feliz.*

*"A nosa casa era o centro comercial de dez légoas a redonda. Alí vendiamos de todo e alí mercabamos canto producía o país: lan, coiros e prumas. O mostrador do comercio estaba defendido con reixas de ferro. porque na nosa casa - portelo obrigado de moitos vieiros - paraban a decotío "gauchos" bravos, afeitos a tomarse de bebida para aldraxarnos co coitelo na man.*

*Eu doíame de durmir enriba do mostrador, en compañía do outro dependente. Miña nai, a probe, choraba de verse entre xentes sen relixión. E os dous, feridos de saudade, botabamos de menos a pobreza limpa dos meus abós, que xa se tornara azul diante da moura fartura do presen-*

*te; e no filo en que os nosos ollos se avistaban desbalsábanse en bágoas.*

*Un día chegou ao comercio un vello "gaucho", enxebremente vestido e atrangallado con mil adovíos de prata. O seu cabalo rechinaba no palenque e os nosos cans ouseabanlle de firme.*

-Buen día, gringuito -dixome ao entrar pola porta.

*E cando viña en dereitura do mostrador bambeóuse á maneira dun trompo que morre e deseguida caíu, redondo, batendo a cabeza no chan, co petar sordo dun petador de chumbo.*

*Acudiron os homes da casa. O dependente sacou da faltriqueira un espello pequenío, púxollo diante da boca e, vendo que non embazaba co alento, declaróunos que o vello "gaucho" xa non era do noso mundo. E dispónis, sen ningunha oración, deitaron o morto enriba da mesa de billar, puxéronlle catro velas acesas e deixárono soio.*

*Meu pai dispuxo que o dependente saise en procura do Xuez de paz, e logo enfrentouse con todos e díxonos que gardásemos segredo diante da miña nai. Un segredo tan grande non cabía no meu peito de neno, e axiña que o dependente se perdeu na lonxanía remaneceume o medo de durmir eu soio no mostrador, antre tanto curruncho sombrizo, escoándose polas fendas do tabique lañado a luz do morto. Eu cismaba, cismaba seguro de morrer de arrepío aquela noite, e a morte xa me parecía o xeito de libertarme do medo.*

*Chegou a noite, escura como boca de lobo, eu arelaba botar fora de min, nun brado ceibador, aquel medo abafante.*

*Ceamos, e depois de cear viñeron os contos de risa, que eu escoitei de moi lonxe, ensumido en min mesmo, esgotado de tódalas forzas. E no punto en que para min chegaba xa o fin do mundo, perguntou meu pai, sorrindo con agarimo:*

-¿Qués durmir connosco, rapaz?.

*Ai, a vida voltou nunha branca labarada, e o meu corazón púxose a repenicar na táboa do peito. Cando iamos deitarnos,*

*os ollos da miña nai albiscaron nas tebras da noite unha fita de luz marela crebándose nunha morea de caixóns e barricas.*

*-Anda, meu fillo imos apagala luz da sala de billar, que quedou acesa.*

**A derradeira verba callouse nos beizos da miña nai**  
porque eu collinme a ela, endoudecido de espanto e da miña gorxa rachada fuxeu un chio arrepiante que puñalóu a negrua do silenzo.

*Acudiron todos e todos se riron de min; somentes miña nai esculcábame cavilosa.*

**A probe, sentada no leito, perguntaba, perguntaba...**  
**"¿Que facía alí aquela luz? ¿Por que o rapaz pegou aquel chio de paxaro agoirento? ¿Por que a luz seguía acesa? ¿Que había alí?".**

*Miña nai segueu perguntando e meu pai ríndose dela facendo que se moqueaba das súas cavilacións, mais eu vin que de tanto falar da luz meu pai mesmo colleu medo. E despois de dúas ou tres horas funme quedando na lentura das sabáns, e cando chegou o día xa fuxiran os medos todos.*

*Namentras vivimos naquel deserto miña nai non se decatou de que calquera de nós podía morrer alí e podía ser soterrado como un can. I eu soupen gardalo segredo".*

Coa lectura deste "retrinco" comprendemos algunas das angurias que a "**probe nai**" viviu durante os catro longos, eternos anos da súa residencia na Pampa.

Naquela inmensa chaira, naquel interminable mar verde, de herba da Pampa, ademais dos machetes dos gauchos outras circunstanciais sobrecolllían o espírito de Xaquina.

O pouco de chegar, nun mencer de xullo desatouse, de súpeto, unha tormenta infernal. Aló ó lonxe, moi lonxe, no remate da planicie infinda, uns xigantescos lóstregos esnaquizaron en mil anacos o manto mouro duns nimbos xigantes. Semellaba que o ceo despedía labaradas de lume. Os lóstregos viñeron achegándose. Con eles os tronos eran tan fortes que mesmo impedían unha conversa. Minutos despois un vento de furacán pasou por enriba dos cobertizos, bambeou

as táboas da estancia con tal forza que mesmo parecía que ían voar. O mesmo tempo, unha tromba de auga esnaquizábase contra o chan asulagando o comercio, a vivenda e os pagos.

Malia a tranquilidade do Mariano e as súas verbas dándolle azos, Xaquina e o rapaz arrepiaban co medo. A muller buscou na maleta o libro da misa, agasallo da súa nai, e diante dunha estampa da Virxe de Santa Bárbara pregaron á santa que os deixase a salvo daquel diluvio.

O tempo camiñaba canso e sempre ocurrían desacougos ós que non quedaba outro remedio que adaptarse. Daniel, agora xa peiteaba as cordas da "vigüela" e viña de atrás compoñer versos, versos que querían semellar ós de José Hernández no seu Martín Fierro:

"Ya veo que somos dos/ Astilla del mesmo palo/ Yo paso por gaucho malo/ Y usté anda del mesmo modo".

De seguir alí, axiña sabería manexa-lo "*facón*" coa "*gau-chada*".

Xaquina non coñece o saldo dos aforros daquel traballo arreo de toda a familia durante aqueles anos na pulperia, pero entende que han ser dabondo para levar unha vida en Rianxo afastada das penurias da mocidade.

Xaquina matina, pois, voltar canto antes á Terra por mor da educación do Daniel e das nenas. No embarazo da Teresa sente antollos de ve-lo mar, fartarse das xoubiñas da ría. Mariano promételle que "tan axiña chegue ese esperado terceiro" voltarán os catro, mentres el tentará de vende-la tenda.

Xaquina e os fillos chegan a Rianxo co pasamento do século XIX, ano 1900. Mariano ha seguir alá para arranxa-la liquidación do negocio. Cando o vapor sae do peirao de Bos Aires rumbo a Vigo, Xaquina sente fuxir do fondo do peito un pesadelo enroscado no seu pensamento.

A vila de Rianxo segue no mesmo estado que cando marcharan, sen alumeadó público as rúas, as prazas sen empedrar e coa pobreza de sempre.

No mes de Abril do ano seguinte coa chegada de Mariano, en vestimenta e "*pesos*" un verdadeiro "*indiano*", e na nova

vivenda, na rúa da Praza número 8, Xaquina comeza unha xeira tranquila, feliz, malia que áinda, durante anos os medos da pulpería pampera amosábanse nas noites de inverno. Cando o trebón batía nas fiestras da casa de Rianxo, gauchos armados de coitelos e guitarras desafinadas "*bruaban*" pola casa adiante. Xaquina tiña que alcende-la luz para afasta-los medos.

Este sosego de Xaquina non dura moito tempo. Por unha banda, non ten ó seu carón, por primeira vez, a Daniel, que fora estudiar a Santiago. É unha separación necesaria pero moi sentida pola nai. Pola outra, o Mariano, agora Don Mariano, anda a meterse nas cousas da política e iso a Xaquina non lle gosta.

- ¿Que necesidade tés de meterte nesas compinchadas?  
¡Descansa, hom, e vivamos tranquilos!. Co veleiro "*Xaquina*" xa da nosa propiedade, cumpriches unha antiga arela;  
Disfrutemos co el pola ría.

De nada serven consellos e súplicas. O día 23 de maio de 1907, o síndico Mariano Rodríguez Dios toma posesión da alcaldía de "*Rianjo*", pobo moi pouco urbanizado, pobre e sucio.

Non lle faltaban razóns a Xaquina. Axiña comezan as críticas polo carácter independente e firme de Mariano; persoas amigas e de prestixio fixéronlle o vacío malia ordear obras necesarias: remate da fonte de Rinlo, pavimentación e hixienización da praza do Peixe e adiante de cartos do seu peto para achega-la estrada ata o cemiterio.

Os disgustos non teñen acougo: a prensa ataca á xestión de Mariano; nas tabernas, moitas e con siareiros, tamén se escocitan faladurías cativas do "*mariñeiro indiano*". Os mesmos comerciantes revíranse pola imposición de multas por abrir ós domingos fóra de hora.

O cese de Mariano na alcaldía con data decembro de 1909, foi un alivio para Xaquina, pero os malos tragos "*politiqueiros*" áinda seguían. Entre "*casa Mariano*" conservadora, editora do xornal "*El Barbero Municipal*" (17-7-1910) e "*casa Varela*", liberal, editora do xornal "*Buenas noches*" (17-6-1911) establece unha xeira de insultos, difamacións e bulras, que non deixan sosega-lo espírito de Xaquina.

Estes intres han ser compensados polos estudos de Daniel que cada día está máis preto da súa licenciatura como médico e do crecemento nun bo ambiente social das fillas Xosefina e Teresa. Xaquina, nai cristiana, segue aconsellando a Daniel, xa estudiante, nunha traxectoria de respecto ós demais. No "retrinco" "Sabela" atopamos as advertencias de súa nai encol do comportamento a seguir coa mestra de baile do Daniel:

-*Baila moi ben ¿sabes, miña nai?*

-*Bailarás; pero ela é unha pesca e ti és un estudiante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Probe de ti como nona respetes.*

Tampouco a Xaquina lle facían gracia aquelas libretas, que traía e escondía dela nos tempos das vacacións, cheas de debuxos descarados.

- Daniel, Daniel, ¿como és capaz de perde-lo tempo nestas mamarrachadas? Estudia Daniel, aproveita o tempo en cousas boas, ou ¿xa non lembras o calvario daquelas terras de gauchos? Pois eu áinda os teño metidos no fondo da alma. Sento medo na escuridade da noite.

O matrimonio Rodríguez Castelao celebra con alegría o remate da carreira do Daniel. O pai, no cabe dentro de si; cumpríase unha profunda arela: o fillo médico. A ledicia de Xaquina non se queda atrás e despois dos abrazos e bicos ó "doutor don Daniel" pensa que valeu a pena o sacrificio naquela soedade medoñenta de Santa Rosa de Toay. Cando Daniel comeza as consultas ou as visitas de médico na súa vila de Rianxo, Xaquina persignabao no intre de marchar para o consultorio. Daniel, deixábase facer e co seu humor de sempre regañáballe coas palabras: "*Ai mamá, as tuías mans sempre me cheiran á cebola*".

Xaquina sabe, dos beizos de Daniel, que o seu fillo benquerido, un pouco desgairado, pero moi bo, vai casar cunha rapaza da Vila de A Estrada, filla dunha familia de moito aquel, de alto "copete". Seu pai é avogado e seus cuñados rexistradores e altos militares. Xaquina séntese pequena, pero Mariano, agora xa Don Mariano, dalle azós: "En honrados non

nos gañan, eu fun Alcalde dunha Vila tan grande como pode se-la Estrada, e o noso fillo é médico".

No día do casamento, na Vila de A Estrada, Xaquina non saca ollos dos movementos e acenos da familia Pereira e, sobre todo da noiva, nestes intres xa nora. Axiña atopou sosego o seu espírito, xa que logo a sinxeleza de **Virxinia** agradouelle a **Xaquina**.

Despois, cando Daniel se establece en Rianxo, as dúas mulleres da súa vida chegan a unha mutua compenetración e ámbalas dúas viven días e meses de felicidade. Nai e Muller gustan de achegarse á igrexa, de dar longos paseos polo peirao e polas aforas. Virxinia louba decote as boas disposicións de Xaquina, a beleza de Rianxo, a afabilidade das xentes. Sácallle importancia as loitas políticas entre "*casa Mariano*" e "*Casa Varela*".

A nova do embarazo de Virxinia volta a ser outra gran alegría para toda a familia.. Xaquina, dende o primeiro momento comprende o desexo de Virxinia de vir da-la luz á casa de súa nai, disposición que agradece de corazón a nora. Logo, cando o neto chega a Rianxo, Xaquina convértese na "*nurse*" de Chichiño e non sae da súa beira.

Tampouco a felicidade dura moito xa que logo comezan os problemas da vista de Daniel. Malia non ter coñecemento de medicina Xaquina entende que ese desprendemento de retina do Daniel vai rematar nunha malfadada cegueira. Sabe Xaquina que hai na familia unha herdanza de antepasados con cegueira. ¡Pouca sorte a do seu filliño!

Unha das meirandes desilusións de Xaquina acontece cando Daniel fala de abandona-la medicina. ¡Para chegar a isto, loitou ela tanto! Quere que Virxinia lle saque da cabeza semellante tolería. Acude, en segredo, a beira de D. Angel Baltar Cortés, tamén médico e moi bo amigo, para que lle tire da cabeza semellante despropósito. Tódalas xestións de Xaquina no puideron coa decisión irrevocable de Daniel.

Cando chega a hora de marcha-lo matrimonio para Pontevedra, a Xaquina derrúbaselle o mundo. ¡Alá se van tantas ilusións! E todo pola manía dos famosos debuxos, porque

fixera e triunfara nunha exposición en Madrid. Total, ¿que? se mesmo parecían caricaturas de rapaz. E por isto vai perde-la compañía do seu Daniel.

Anos despois, nova esperanza de que Daniel volte a exercer-la medicíña. A epidemia do ano 1918 trae de novo a Rianxo ó seu fillo e Xaquina, de xionllos, prégalle a Virxe de Guadalupe que faga por que se quede, que volte ó seu; que siga pintando, pero que non deixe a medicina. Mira canto ben veu facer ó seu pobo axudando ó medico titular Varela Abades, ós Doutores, D. Anxel Baltar, D. Gonzalo Vázquez, ó médico Iglesias e ó mesmo crego don José Benito Fariña, pois todos fixeran moita falta. ¡Que alegría lles dera a seus pais o seu comportamento!

E como llo soubera agradece-lo pobo de Rianxo con ocasión do intento da demolición do hórreo da súa finca da Fincheira, coa presencia da garda civil e os canteiros de Asados: "*Os canteiriños de Asados/ gañaban catro pesetas/ saíulle o conto furado/ llevaron catro puñetas.*" ¡Como se lle enchía o corazón de Xaquina de ledicia cando as xentes cantaban!: "*Graneiro que estás no alto/ graneiro que eres de pedra/ graneiro non vés abaixoi/ que non quere a Filosera*" (*a Filosera* foi unha ceguiña que andaba por Rianxo a cantar coplas)

Agora, despois da beca do fillo por terras de Europa, no ano 21, Xaquina perde toda a esperanza de ser a nai dun doutor. Non quere disgustalo por mor da súa doença e porque entende que Daniel é feliz.

A volta de Mariano á alcaldía (1923-1930) cando a dictadura de Primo de Ribera xa non altera as emocións de Xaquina, xa que aquelas rivalidades esmoreceran e certas melloras como o embarcadorio da Rabaleira agradaran a todos.

Nembargantes, naquel mes do ano 1928, Xaquina sente unha fonda mágoa cando o pasamento do neto. A descomposta faciana do pai, Daniel; as bágoas silandeiras de Virxinia, o cadaleito onde descansa o mocioño, convértese nun pesadelo para Xaquina. Aquel amor de avoa, nai dúas veces, para o único neto, guieiro de esperanza para o seu Daniel, esvaécese. ¡Pobre Chichiño! ¡Pobres pais, tan soios, tan abatidos!

No ano 30 o afastamento da política de Mariano trae o sosego ó espírito de Xaquina.

Esta tenta segui-la vida da política na que tamén (o que se herda non se compra) anda envolto, agora máis que nunca, o seu Daniel, xa que ven de ser Diputado nas Cortes Constituientes. ¡Que grande recibimento lle fixera o pobo de Rianxo na praza do pazo de Martelo! Corría o ano 31, Xaquina estaba contenta a medias, pois as andainas da políticas endexamais lle gustaran e menos agora que o país andaba medio revolto. Irmás e pai mercan os xornais de Galicia e de Madrid. Cando as novas e as críticas son boas ha ser Xosefina ou Teresa quen, nas horas de lecer, se encarguen de trasmitirllas. Pero se as opinións non son favorables tentan de agacharllelos xornais.

O ano 1932 vai ser para Xaquina, muller de setenta e dous anos, un ano de gozos e sombras. Gozos, cando en xullo dese ano se lle tributa ó seu Daniel unha homenaxe de toda Galicia na cidade de Lugo. Ela ben sabía que aquela homenaxe era un acto de desagravio pola crítica que facían dos seus discursos nas Cortes de Madrid.

Sombras, mouras e silentes, daquel mes de novembro cando Mariano Rodríguez de Dios, o seu home de por vida, home traballador onde os houbera, dúas veces alcalde do seu Rianxo natal, de súpeto, cando nun serán escoitaba a radio na casa, esmorecen para sempre as súas ansias, a súa vida por mor dun infarto de miocardio.

Xaquina sente, aló, no máis fondo, un pesadelo de dor, de soedade, de vacío. Malia a presencia e agarimo das fillas, Xosefina e Teresa, que en todo momento están ó seu carón, non son quen de enche-lo oco que deixou o pasamento de Mariano.

E chega a guerra civil naquel malfadado mes de xullo do 1936. Outra volta, amargos pensamentos bulen na cabeza de Xaquina. Daniel fuxindo da TERRA, de España, camiño dun forzado exilio. Sen novas, por mor da censura, encol da situación da parella Castelao Pereira. ¿A que viñan aquellas visitas, aqueles rexistros da garda civil a súa casa? ¡Cantas noites de

insomnio! Aquelas autoridades, que se consideraban defensores de Deus e da Patria, mostrábanse irreverentes coa imaxen da Purísima Concepción que Xaquina tiña en custodia na súa casa...Máis salvaxes, más noxentos que os gauchos borrachos da Cruz Colorada alá no desterro pampero.

¿Que delito cometera o seu fillo para que o buscasen coma se fora un bandido, para que lle saquearan a súa vivenda de Pontevedra? Logo, cando acontecían manifestacións pola conquista polas tropas de Franco dunha cidade, aquellas patadas na porta da casa; aqueles aldraxes, aquela insistencia en cantar *Cara al sol* con parada obligatoria diante da súa casa. Se vivise Mariano a cousa non ía quedar así.

Despois, en abril do ano 1937, a trágica morte dos dous sobrinos, Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelo, (Insua) tripulantes do bou *"Eva"*, (hoxe as cinzas destes mártires descansan no mesmo nicho da familia no cemiterio de Rianxo, por expreso desexo de Teresa, irmá de Daniel).

Xaquina, vive agora, na compañía das dúas fillas, lembrando a dura vida de moza, muller e nai, sempre cheo de sobresaltos, de dor e incomprensión. Tamén ela comeza a ver sombras mouras e os seus olliños, que nos últimos tempos non pararon de chorar, perden a visión. Ceguiña e encamada, segue Xaquina coa súa fe e co orgullo naquel seu fillo, Daniel o que tanto quiere e que non vai voltar ó seu carón. Nos derradeiros meses dos seus beizos non sae outro nome que o de Daniel: *"Meu Danieliño, ¡ai meu Danieliño!, ¿onde estás?"*

Aquel mes de Xaneiro do ano 1945 presentárase frío. Xaquina xa levaba unha boa tempada atopándose sen folgos. Esmorecía co nome de Daniel no pensamento e nos labios. E na amañecida do día 24, con 86 anos, más da mitade de sufriementos, rodeada do cariño das fillas e dos parentes tivo lugar o seu pasamento. O seu Daniel, non pode chegar a darlle o derradeiro bico pois vive a miles de quilómetros na cidade de Bos Aires. Conta Teresa que a nova da morte de súa nai comunicóuselle ó doutor Prada. Cando este médico foi a casa de Castelao para dicirillo, Afonso atallouno: - *"Xa sei a que ves, amigo Rodolfo, ves decirme que morreu miña nai Xaquina. Pola súa bondade, abofé que descansa no seo de Deus Pai!"*

## VIRXINIA PEREIRA.

### Entorno familiar

A Estrada, ano 1884. Aquela mañá do vinte de outubro, no chan da carballeira de Bedelle, por mor do vento forte que sopraba do monte da Somoza, as follas murchas das árbores esparexíanse ou arremuiñábanse segundo os antollos do vendaval. Unha mañá gris do outono galego.

Na casa do abogado D. Camilo Pereira observábbase un labor inusual. A serventa non paraba nos preparativos da auga quente e toallas... O amo pechárase no seu despacho. Non tiña acougo. Esperaba por sétima vez ó herdeiro, home. Ian alá seis esperanzas rotas. Seis partos e seis nenas. Con este acontecer debían cumplirse as súas ilusións.

Axiña, no seo da familia Pereira Renda, unha das familias estradenses más sobranceiras daquela época habería unha nova filla: VIRXINIA. Na súa partida de bautismo aparece cos nomes de Virginia, Nicolasa, M<sup>a</sup> de Gracia, Tomasa. Apadriñada polo cura da parroquia estradense de San Xiao de Vea, o pároco D. Nicolás Villar e pola dona Virxinia Nóvoa, veciña da cidade de Vigo. Dentro da familia numerosa Pereira Renda, Virxinia fai o número sete, todas elas mulleres. Con ela remata a descendencia feminina xa que logo os tres irmáns restantes son varóns. Unha das irmás, Aquilina Benita, nacida no 1879 morre moi pequena. Así mesmo o irmán Xosé fina á idade de sete anos.

Seu pai, Camilo Pereira Freigenedo, fillo de Hipólito Pereira e María Freigenedo, oriundos da parroquia de San Xoán de Arcos, no concello ourensán do Carballiño, licenciado en Dereito pola universidade de Santiago, chegara Á Estrada co seu irmán Miguel a finais da década dos sesenta para establecerse como procurador dos tribunais do, había pouco, nomeado Partido Xudicial de A Estrada.

Camilo, de carácter afable e dotado dunha extraordinaria personalidade, axiña se abre camiño naquela sociedade de minguados veciños, moitos deles chegados tamén doutras zonas de Galicia.

No mes de xullo do 1873 casa coa dona estradense Peregrina Renda López, natural da parroquia de San Bartolomé de Pontevedra, filla póstuma de Felipe Renda, natural de san Andrés de Vea, e de Tomasa López, natural de Sabardes, do concello de Outes, ámbolos dous veciños da vila de A Estrada.

D. Camilo ten establecido bufete primeiro nos baixos da urbana propiedade de Aurora Brañas García, filla do escribente Xosé Brañas; despois, dende 1889 na súa casa da Rúa de San Lourenzo da Vila de A Estrada, terreos daquela correspondentes á parroquia de Ouzande. A súa fama de acreditado defensor das causas más liadas chega a tal extremo que ningún veciño quería pleitos se o contricante lle adiantaba que o seu defensor era D. Camilo.

A zona militar establecida por aquelas datas nesta Vila, (do ano 1884 hai actas asinadas polo párroco castrense Ramón de Valenzuela) ó mesmo tempo que aumentou a veciñanza, supuxo unha importante aportación para as relacións sociais. Consecuencia inmediata foron os enlaces matrimoniais de militares coas donas do pobo.

O matrimonio Pereira-Renda, coma tódolos daquela época, formou unha familia numerosa, con dez herdeiros dos que morreron unha nena e un raparigo. Vivirán Sara Plácida, nacida no 1874, quen casa, no ano 1898, co médico militar da zona de A Estrada, Alfredo Pérez Viondi, oriúndo de Cuba; Clemencia Elisa, nacida en novembro de 1875, casará con Benito López Paratcha, comerciante na praza da cidade de Pontevedra; Herminia Pastora, nacida no 1877, casará co Rexistrador da Propiedade do Partido Xudicial de A Estrada, Manuel Fidalgo Lugo, natural de Cira, no concello de Silleda, no ano 1902; María Lía, nacida no ano 1881, casa co tenente coronel, Domingo Abad de Carramega; Eva María, nacida no 1883, casa con Xesús González, avogado, pasante do bufete de seu pai; Virxinia, Camilo Xosé nado en 1886, funcionario do Instituto Estadístico de Xeografía de Pontevedra e máis tarde inspector de facenda e por último, Anxo, militar coa graduación de Tenente Coronel, casado coa dona Herminia Agulló, sen herdeiros.

A fama de D. Camilo como avogado chega a un certo grao de paroxismo, pois contan as crónicas que os veciños dában-

lle o sobrenome de "*o demo*" xa que en tódolos pleitos que interviña era segura a sentencia ó seu favor. Ademais de avogado ten unha activa vida social (socio fundador do Casino estradense, ano 1895), e política.

Integrado no bando liberal de Riestra, chega a Deputado Provincial, cargo que exerce dende o ano 1888 ata o 1896. Nos primeiros anos do novo século exerce de xuiz do Xulgado estradense. Consecuencia deste seu labor profesional e social, as relacións veciñais da familia son moi intensas e importantes. Testemuños fehacientes do dito son os distinguidos padriños do bautizo de tódolos fillos, case todos médicos e avogados, e nas unións matrimoniais das fillas. Conta o neto Alfonso Fidalgo Pereira que na casa da rúa de san Lourenzo, hoxe de Alfredo Pérez Viondi, había un salón, **sancta sanctorum** da vivenda, cunhas belidas cadeiras. D. Camilo tiña a gabancia de contar que todos aqueles que traspasaron aquela porta e sentaron na devandita cadeira, quedaron na familia.

Cando o almanaque matrimonial dos Pereira Renda sinala os cincuenta e cinco anos de vida en común e tódolos fillos teñen, en distintas cidades de Galicia, arranxadas as súas familias e casa posta, D. Camilo pensa en retirarse e achegarse ata Pontevedra, cidade na que están dúas fillas, María Lía con comercio de merceria e Virxinia, ámbalas dúas casadas. Ofrece ós fillos a opción de entregarlle a fermosa casa que erguera anos atrás. Ningún deles mostra interés por ela e o avogado, Pereira Freigenedo vende a casa, no ano 1928 a D. Manuel Durán Esmoris e marcha para a cidade do Lérez.

## Xuventude de Virxinia

Naquelhas datas de comezos de século nas pequenas vilas a xuventude tiña moi minguados intres de esparcemento, máximo sendo mulleres. Por mor desta circunstancia as mocíñas estradenses da elite vilega só se lles permitía asistir, case sempre baixo a vixiancia paterna, ós poucos festexos dunha sociedade que os mesmos pais crearan para unhas axeitadas relacións sociais.

Era o Casino o centro restrinxido para os empregados dos organismos oficiais (Xulgado, Concello) avogados, oficiais da zona militar e determinadas familias estradenses onde as donas atopaban o sitio idóneo para as relacións sociais.

Virxinia, o mesmo que súas irmás, recibe os primeiros contactos coas letras da man dun mestre particular que seu pai contratara para a educación daquela numerosa prole. Non hai dúbida que na enseñanza social han se-las irmás maiores as que leven a tutela de súa irmá. Vive con intensidade tódolos acontecementos sociais da familia.

Cando Virxinia ten dez anos sente o proido quente das bágoas esbarando manseliñas polas súas meixelas por mor do pasamento de seu irmá Xosé dous anos máis novo. Logo, ós 14, asiste, expectante e candorosa, á voda da súa irmá maior Sara co médico Alfredo. Dous anos despois, participa, por primeira vez, na compaña das irmás e pais no "*baile refresco*" que a sociedade Casino organiza co gallo das festas patronais, nesta ocasión agrandadas por mor do comezo dun novo século.

Chega o 1902, Virxinia, cos seus ben armonizados dazoito, coas súas mellores galas será testemuña do casamento de Herminia. Outra irmá que deixa un oco no clan familiar para vivir na nova residencia, rúa de San Paio 8. Nelas mesmas datas, mentres na veciña Compostela o mozo rianxeiro, Alfonso Daniel R. Castelao comeza os estudos universitarios na facultade de medicina, Virxinia, na súa vila, entra pois de cheo, apadriñada polas súas irmás maiores, no círculo da mocidade "*ben*" de A Estrada. A sociedade O Casino contrata un pianista, D. Primitivo Sánchez Quiles, quen no teclado do flamante piano *Charrier Pratt*, mercado un ano antes, executará, cando menos, seis bailes anuais, amáis dos perceptivos de Carnavais e festas patronais.

Coa chegada de novo á Vila estradense do tan esperado Batallón de Reserva e Caixa de Reclutas no ano 1905, as festas sociais collen un novo pulo e organízanse bailes e "*kerme-ses*" con máis frecuencia nos novos salóns da casa de D. Manuel Esmoris (actual solar da Caixa de Aforros de Vigo)

executados por un novo pianista, o señor Ruiz. Comeza así unha época de esperanza para as mozas casadeiras.

Data inesquecible para a nosa protagonista ha ser a imposición da cruz de 1<sup>a</sup> clase do Mérito Militar con distintivo branco coa que fora distinguido seu pai e outros tres veciños da Vila: Jesús Durán, Juan Ciorraga e José Araujo.

Como queira que Sara e Alfredo fixaran a súa residencia na cidade de Santiago, Virxinia e súas irmás, María Lía e Eva María viaxan, con frecuencia, no coche de Mato ata a cidade do Apóstolo. **Será nesta cidade onde Virxinia e Eva coñezan ó estudiante Castelao.** Este sente un primeiro impulso e devaneo por Eva, pero, como xa estaba comprometida, Alfonso consegue unhas consentidas parolas con Virxinia.

O ano 1908 será un ano doce para a familia Pereira Renda. Felices acontecementos familiares dos fillos varóns. Camilo, ascende a oficial primeiro no Instituto de Estadística de Pontevedra, mentres o outro irmá, Anxo, ingresa na academia de infantería de Toledo. Virxinia, por mor do nacemento do primeiro fillo do matrimonio Fidalgo Pereira, adquiere o título de tía.

Naquelhas datas Castelao, mozo de desgarbada anatomía, fillo de indiano rico, era ben coñecido nos ámbitos universitarios de Compostela. Os seus dibuxos de retranqueiro humor galego, as súas caricaturas de personaxes sobranceiros e de actualidade atopaban moi boa aceptación entre os estudiantes. A isto hai que engadir a súa activa participación na tuna da súa facultade como primeira corda. *"Acúsome de ser eu quen dou empezo a isas carantoñas porcas, a ises monicreques noxentos, a ise humorismo de taberna que ainda boxe campa na mesma revista pra regalía dos licenciados de Universidade"*.

Estas circunstancias supuxeron certos atrancos, disgustos e mágoas nas relacións amorosas de Virxinia. Seu pai, D. Camilo, de talante conservador e os curmáns Pérez Viondi, militar, e Manuel Fidalgo, rexistrador, na mesma liña, non vían con bos ollos estas relacións.

O remate da carreira de medicina de Afonso, o seu proxecto de establecerse como médico en Rianxo e a fortaleza no

amor de Virxinia fixeron posible que se lle otorgase a Daniel Afonso o consentimiento pleno.

Con este permiso, Virxinia é unha muller feliz. Aquela primavera de 1912 ten un especial significado para ela. Paseos longos, románticos; asistencia ás festas sociais e animadas charlas nos salóns do Ximnasio, camiñatas nos solpores ata as romerías dos entornos. Tamén Castelao é feliz, segundo a súa testemuña: "*Coñozo A Estrada dende fai moito tempo. ¡Teño da Estrada tantas vellas lembranzas! Eu tomaba o coche de Mato cando estudaba en Santiago, e marchábame á Estrada, onde tiña unha moza. Fun a moitas feiras e romerías: San Pedro de Toedo, San Lourenzo de Ouzande, san Xulián de Guimarey...*".

### VIRXINIA, MULLER DE CASTELAO

*"Porque así como el valor de la piedra preciosa es de subido y extraordinario valor, así el bien de mujer buena tiene subidos quilates de virtud".*

*Fray Luis de León*

Naquela mañá do 19 de outubro do ano 1912 un sol morno asulagaba de luz á Vila de A Estrada. Arredor da igrexa de san Paio unha manchea de veciños e xuventude forasteira esperaba ansiosa a chegada da noiva. Era ela, Virxinia, a derradeira filla solteira da familia Pereira Renda. Emocionada, radiante e feliz, casaba, na igrexa parroquial, adoviada polas amigas con flores brancas, co médico rianxeiro Alfonso Daniel R. Castelao. Voda asistida polo crego poeta, Antonio Rey Soto, amigo do noivo. Aquel mesmo ano chegara á parroquia de san Paio de A Estrada o párroco D. Nicolás Mato Varela quen dou autorización a D. Antonio para que fora el quen presidise a cerimonia.

O matrimonio Rodríguez Pereira establece a súa residencia en Rianxo onde Castelao exerce como médico xeral. Nos intres de lecer toma apuntes para os seus debuxos. Naquela zona a familia de Mariano e Xaquina é ben coñecida e Daniel atende na consulta ás xentes da vila e dos arredores. Virxinia atópase querida polo entorno familiar do home, respetada polos veciños. Vive, pois, intres de felicidade.

Un ano despois, febreiro de 1914, froito do amor nace o fillo, Afonso Xesús de Praga. Neses momentos de nai primeiriza, por mor do pudor da época vense para A Estrada. Aquí será atendida polo doutor **Manuel Leyes**, amigo íntimo da familia Pereira Renda. Pasados os días de obrigadas atencións familiares regresa para Rianxo. Dedica todo o tempo, coa axuda de Xoaquina na crianza do seu meniño e na atención a Daniel.

Pouco despois Daniel sofre o desprendimento de retina. Intres de dor e desacougo para Virxinia que padece en silencio, matina na malfadada enfermidade do seu home e non aparta do seu pensamento unha posible cegueira. A necesaria e urgente operación realizada con éxito aliviou un pouco a situación pero non foi quen de afastar o medo continuo que agarrotaba o espírito de Virxinia.

Non reposta deste amargo trance, Castelao, cabaleiro posuidor dunha grande responsabilidade, na súa inmensa humanidade non se sente o suficiente capacitado para atende-la saúde dos semellantes e abandoa a carreira de medicina. Virxinia, sabe da capacidade de Daniel para emprender calquera actividade pero o afastamento da profesión médica preséntaballe un futuro mouro e inseguro. Hai un fillo, que tampouco naceu biolóxicamente ben constituido, polo que require unha atención continua. E Virxinia sofre calada a nova situación.

Trasladan a súa residencia para Pontevedra xa que Daniel ingresa na plantilla do Corpo Técnico do Instituto Xeográfico e Estadística da capital da provincia. Dous anos despois vive outra alegría polo nomeamento de Daniel como profesor de debuxo no instituto pontevedrés.

Nesta cidade viven enriba da farmacia Lorente, fronte ás ruínas de Santo Domingo, na mesma casa que os Ximénez de Sandoval; ela, irmá do Marqués de Riestra. Ó abeiro do comercio de Benito, home da irmá Herminia, esta e Virxinia voltan a vivir moi preto unha da outra. As moitas e boas amizades de Daniel crean, para Virxinia un ambiente agradable e de consideración.

Estas vivencias ha recordalas Castelao no desterro. Nos veráns, achégase A Estrada por mor do cambio de aires do fillo Pachucho e deixao cos fillos de Fidalgo, na rúa de san Paio.

En xaneiro do ano 1921 Castelao como becario viaxa por Francia, Países Baixos e Alemaña. Virxinia queda na cidade de Pontevedra ó coidado do seu neno de oito anos.

Se ben é certo que na mesma cidade vivía unha das irmás súas, esta circunstancia non chega para tapar o oco que deixa Daniel. Sofre pois Virxinia a soedade amais da in tranquilidade e sobresalto pola pouca saúde do neno.

A relación epistolar do matrimonio é continua pois a separación magoa o sentimento dos dous. No diario daquela viaxe atopamos unha manchea de testemuñas:

Así, no día 27 de xaneiro, un día despois da súa chegada a París, Daniel deixa reflectido: *"Tenó unha grande morriña pola Terra e pola familia. ¡Miña muller e meu fillo!"*

O día 19 de marzo recibe carta de Virxinia in tranquila porque hai días que non recibe carta. En maio, escribe Virxinia comunicándolle que o fillo está enfermo. Castelao deixa escrito no Diario: *"Se me funden o corazón teño negro por dentro. ¡Cantas ganas de marcharme para xunto da dona e do meu fillo!"*.

De volta da viaxe, de novo segue a vida do matrimonio Castelao-Pereira coas alegrías da boa integración na vida social da cidade do Lérez, a publicación do primeiro libro de **Cousas**, o nomeamento de Daniel como membro da **Real Academia Galega** no ano 1926 e a colaboración na fundación do Museo de Pontevedra.

Alegrías que moi pronto se esvaecen pola enfermidade do fillo. Virxinia e Daniel moven Roma con Santiago para atender a saúde do seu *"Pachucho"*. O diagnóstico médico, unha neumonía, non deixa lugar a unha raiola de esperanza. O sufrimento de Virxinia non atopa intres de acougo, sufrimento que está a piques da tolemaia na hora do pasamento de *"Chichiño"* aquel malfadado 3 de xaneiro do ano 1928. Son intres de desesperación e abatemento para o matrimonio.

Castelao desaparece das tertulias, deixa algunas colaboracións e entrégase de cheo, agora, no debuxo e na confección de álbumes. Virxinia, rota, desconsolada, procura un refuxio de paz nas visitas ó cemiterio de san Mauro onde descansa a ilusión da súa vida, o seu neno. Na igrexa, no monólogo de fe cos santos tenta atopa-lo consolo preciso para vence-la pena tan fonda que aniña no seu magoado corazón de nai.

Aínda non cicatrizada ferida tan profunda, Daniel precisa facer unha nova revisión da súa vista que cada día esmorece máis e, outra volta, presentimentos mouros rebulen na mente de Virxinia. As esperas na estación do tren da chegada de Castelao de facerlle as curas un oculista de Vigo, levado da man do seu amigo **Paz Andrade**, estaban preñadas de inquietude.

As boas amizades da familia, conseguen do presidente da Deputación, Daniel de la Sota, unha nova beca, dous anos despois, para que Castelao viaxe pola Bretaña Francesa no estudio das cruses da rexión. Virxinia acompañará ó seu home xa que non aguantaría unha nova soedade.

Malia estas tremendas situacions familiares, Castelao e Virxinia atoparon na cidade de Pontevedra un ambiente propicio. Dende o desterro na cidade de Badaxoz que por mor dos ideais políticos ordeara Lerroux, dende novembro do 1934 a setembro do 1935, Afonso escribirá: *"Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores, coma quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. E débolle a Pontevedra o mellor da miña vida e agora padezo saudade da súa paisaxe, tristura de non vela i esperanza de retornar a ela"*.

A guerra civil española colle ó matrimonio en Madrid e, a carón do governo republicano, alí residen; despois Valencia, cidade na que fai exposicións dos seus debuxos e por último reside en Barcelona. Ademáis da dor pola loita fraticida, o matrimonio sente mágoa pola perda da súa biblioteca, saqueada na súa vivenda, rúa da Oliva, de Pontevedra.

A guerra está perdida para os republicanos e no ano 39 viajan a Moscú e máis tarde a Cuba. Unha serie de conferencias

a prol do Governo no exilio, lévano máis tarde a cidade de Nova Yorque.

Ano 1940, mes de xuño, sae de Nova Yorque no vapor "*Arxentina*" e chega a Bos Aires o 16 de Xullo. Nesta cidade, quinta provincia galega, Castelao tentou distintos negocios con pouco éxito. O montaxe da Taberna "*casa da Troya*" cos irmáns Villaverde rematou noutro trance amargo para Virxinia pois ela ben sabía que os negocios non eran o seu. As mesmas edicións do seu libro "*Sempre en Galicia*" tampouco supuxeron un éxito comercial malia que na homenaxe a esta edición houbo unhas seis mil persoas.

Na rúa Belgrano vive o matrimonio con pequenas estadías en Montevideo, México e París no 1946-47. No mesmo edificio vivía o doutor **Rodolfo Prada**, oriundo dos Peares, médico amigo e protector de Castelao. A muller de Prada axudou a Virxinia cando o levaban para operalo. Castelao, eterno humorista aínda tivo lembranza da canción: "*Entre unha rubia y unha morena*".

Virxinia sempre vai ó seu carón para axudalo e darlle azos. Castelao segue coas arelas da defensa da República e a recuperación de Galiza. Escribe cartas e cartas a Manuel Portela Valladares a Martínez Barrio e a outros antigos compañeiros de loita.

No 1949, coa vista xa reducida ó mínimo, un mal incurable aparece nos pulmóns de Daniel. Nin Castelao nin Virxinia coñecen tan mortal diagnóstico: cancro de pulmón. Non obstante, diante da progresión da enfermidade, Virxinia descobre o segredo. Agora só vive en silencio unha situación que cada día vaise agravando e que ten un definitivo e triste desenlace o día 7 de xaneiro do ano 1950 (1). As súas mans de enfermeira aliviaron a doença biolóxica, os seus louumiños serviron de consolo a aquél que tanto loitara pola Terra, a súa enteireza de espírito deulle azos ó seu Daniel ata o derradeiro salouco.

(1). O mes de Xaneiro representa o mes funerario para a familia Castelao: Nese mes morre a nai Xaquina e o fillo Afonso Xesús.

## VIRXINIA VIÚVA EN BOS AIRES. (1)

En Bos Aires, despois do pasamento de Castelao, Virxinia viviu no mesmo apartamento que ocupara o matrimonio; pequeno andar na rúa Belgrano nº 2.605, preto do Centro Galego.

Virxinia, dinámica e moi ordeada, conservaba tódolos trebellos, apuntes e cousas do home: os derradeiros lápices de debuxo, moi aproveitados, como el os deixara. Dormía coa foto de Castelao baixo da almofada. Ia a menudo á misa. Oficiaba alí un curiña novo de nome Luisiño. Virxinia encariñouse co el e tratábaoo coma se fose un fillo. Tamén co seu dentista, Antero Durán, que era natural de Vigo.

Virxinia vivía dos recordos. As testemuñas que lle chegaron nos días seguintes ó pasamento servíanlle coma antídoto da súa dor e soedade. Logo, nas visitas que recibía gustaba de recordar as súas vivencias con Castelao.

Recordaba con ledicia o humor do home: "*Un día un familiar chegara coa nova de que morrera un home conocido malia estar asistido por tres médicos. Daniel sentenciou: << ¿E que queredes? ; eran tres contra un !>*

Noutra ocasión estaba enferma unha cuñada de Virxinia e esta díxolle ó seu marido, *home, dalle algo*. Daniel contestou: *deixádevos de bromas e chamade un médico*.

Das viaxes que fixera co seu home lembraaba moitas circunstancias. Sempre contaba a sorpresa nunha visita que fixeran á casa duns amigos franceses moi importantes que practicaban o nudismo. A Virxinia, no intre de contalo anos despois, aínda se puña colorada.

A finais da guerra civil pasaran a frontera para Francia e Virxinia non declarou os poucos cartos que levaba. Cando Castelao se enterou, berroulle: *¡Que pensarán de nós!* Virxinia más pragmática contestoulle: *"Que pensen o que queirán, os cartos eran da miña herencia"*.

Virxinia tivera unha época que perdera o sentido do olfato e coa teima de que debía recuperalo buscaba cheiros fortes. Algunha vez, chegou a probar co fedor das alcantarillas.

Entre o matrimonio, en privado falaban sempre en galego. Deixara de chamarlle Daniel, nome doutros tempos. Agora, era para ela "***o meu Castelao***"

Agardaba con verdadeira impaciencia a chegada do serán para achegarse ata o cemiterio de Chacarita, panteón do Centro Galego, para depositar unha flor e falar na intimidade co "seu Castelao".

Unha circunstancia de verdadeira ledicia, quizáis a única na vida de Virxinia xa viúva, acontece o día 25 de Xullo do ano 1961 cando no Panteón do Centro Galego, no cemiterio de Chacarita, o culto crego, D. Antonio Rodríguez Fraiz ofrece, en sufraxio de Castelao a primeira misa en galego que se oficia na cidade de Bos Aires.

A vida de Virxinia na cidade do Río da Prata era unha espantosa soedade cando chegaba a noite. A muller matina decote nos dous seres da súa vida: seu fillo e o seu home.

E, nesas longas noites de insomnio decide traslada-los restos do fillo para o panteón familiar do cemiterio de Figueroa, A Estrada. E Virxinia encamíñase a Galicia.

(1) Esta información corresponde a Lolita Pereira, filla de Lola Rey a modista e confidente de Virxinia en Bos Aires; era, ademais, viúva dun primo irmán dela.

## VIRXINIA DE VOLTA NA TERRA

Virxinia volta a Galicia pois nesta terra áinda viven algúns irmáns e sobriños cos que sempre se relacionou. Traía unha idea fixa. Xa que non se lle poidera cumplir, de momento, o desexo de Castelao de descansar na Terra, alomenos que o seu neno sexa levado para o cemiterio de A Estrada, onde ela tamén deseja ser soterrada.

A primeira vez que, xa viúva, veu A Estrada, viviu na casa de seu irmá Angel no Grupo San Paio. Achegouse ata as familias coñecidas (moitas delas tiveran unha relación bastante afectiva co seu home), pero atopou nalgunhas unha certa indiferencia que voltou a feri-lo seu amor propio e lembrou a inutilidade da loita do seu home.

Unha mañá visitou a **Mario Blanco**, daquela alcalde do Concello de A Estrada. Mario sabía da precariedade económica na que se atopaba, situación que tampouco ela ocultou. Como queira que oficialmente nada se podía solicitar para esta viúva, a Corporación soubo poñerse á altura das circunstancias ofrecéndolle unha axuda.

Poucos veciños da Vila estradense lembraban a tan egrexia dama. Tampouco aínda os tempos coñecían a grande obra de Castelao como político, xa que a censura só permitía loubar á Daniel como dibuxante, caricaturista e escritor. Entre as persoas que máis a acollerón non debemos esquecer a Mario Blanco e a **Dolores Araújo**.

Nun solpor do verán, Virxinia achégase ata o cemiterio de san Mauro, en Pontevedra, onde fora soterrado o seu fillo Alfonso Xesús. O panteón fora profanado e Virxinia retirou os restos que lle pareceron do seu fillo e con eles marchou para Vigo á casa do sobriño Fidalgo. Pouco despois efectúa unha viaxe A Estrada cunha caixa de galletas chea de ósos; caixa que deposita no panteón familiar.

Na súa segunda e definitiva viaxe xa morrera seu irmán Angel (1965) e vive coa súa cuñada a dona Herminia Agulló.

Un serán do verán de 1969, mentres olla a casa de seus pais, na rúa nomeada de Pérez Viondi, onde xogara na súa nenez, unha rapariga en bicicleta deu con ela no chan. No mesmo intre, mentres a axudaban a erguerse Virxinia díxolle á cativa: "*Nenña agora mesmo asinaches o pasamento desta muller!*"

As palabras de Virxinia cumpríronse. Xa non pudo asistir a unha cita en Trasalba. Despois dunhas curas de urxencia, días despois marchou en tren a Salamanca a casa da sobriña Vita.

Naquela noite fría, as rúas madrileñas, acesas as miles de bombillas de cores, semellan ascuas de luz. Os altofalantes ceiban vilancicos a treu; as xentes entran e saen ledas nas tendas.

Mentres, no silencio e oscuridade dunha habitación do sanatorio madrileño "*Ruber*" esmorecía, no solpor do día 23 de decembro do ano 1969, a vida dunha muller de oitenta e cinco anos. Unha dona de nome **Virxinia Pereira Renda**, que percorrerá medio mundo agarimando, alentando e coidando ó seu home, **Alfonso Daniel R. Castelao**. Era ela a dona

Virxinia Pereira de Castelao. Chegara ó centro médico da man de seu irmán Camilo que estivo ata o derradeiro suspiro facéndolle compaña. Tamén a súa sobrina Vita acudira dende Salamanca para acompañala naquel derradeiro adeus.

Poucos galegos souberon a triste nova. Pouca familia Pereira Renda íntima estaba con vida e, case de incógnito, foi soterrada no cemiteiro madrileño da Almudena.

En Vigo negóuselle unha entrevista nun xornal. Na Estrada visitárona **Isaac Díaz Pardo, Méndez Ferrín, Porto Matalobos** e un compositor arxentino.

No mes de Abril do ano seguinte, 1970, o Centro Galego e os centros coruñés, ourensano, lucense e pontevedrés da cidade de Bos Aires invitaron ós socios a unha misa polo eterno acougo da dona Virxinia Pereira de Castelao. Na esquela adicábanselle as seguintes honras:

*"Foi digna esposa do egrexio patriota galego Alfonso R. Castelao.*

*Foi súa garimosa compañeira alá na Terra, nos días luminosos que adicou a soerguer a personalidade histórica de Galicia.*

*Foi súa valente compañeira no rexo percorrer os vieiros do exilio.*

*Foi súa abnegada compañeira e enfermeira, nos tristeiros días e noites da súa longa doença.*

*Foi fidel custodia, eiquí en Bos Aires, do seu ricaz herdo galeguista".*

Xestións posteriores coordinadas por Dolores Araújo Arias e **Josefa Varela Pazo** en colaboración co Concello de A Estrada rexido naquel entón por **D. Manuel Reimóndez Portela** fixeron posible que se cumplise o desexo de Virxinia.

Na actualidade repousa na eternidade a carón do seu fillo no cemiterio de Figueroa, na vila da Estrada, ollando cara o norte a igrexa de San Domingos de Bonaval onde durme o soño eterno o seu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Virxinia Pereira de Castelao, gracias polo teu amor, pola túa compaña e pola túa abnegación para Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, home senlleiro na historia de Galicia.

## **ANEXO 1**

### **PARTIDA DE BAUTISMO DE VIRGINIA PEREIRA**

NO FOLIO 132 DO LIBRO 1 da parroquia de san Paio de A Estrada

*El día 20 de Octubre de 18884, D. Manuel García Preb. Coadjutor de San Pelayo de la Villa de Estrada y su anejo San Lorenzo de Ouzande con licencia expresa de Dn. Francisco González de Penela párroco de ambas parroquias dentro de la iglesia parroquial de Estrada y pila bautismal de ella, bautizó solemnemente y puso los santos óleos a una niña nacida este día, hija legítima de Dn Camilo Pereira y Dña Peregrina Renda vos. de Estrada, nieta por linea paterna de Hipólito Pereira y María Freigenedo, difuntos, vos. que han sido de Santa María de Arcos, provincia de Orense, por linea materna de Dn. Felipe Renda y Da. Tomasa López, también difuntos; fueron sus padrinos Dn. Nicolás Villar, cura propio de San Julián de Vea y Dña. Virginia Novoa de la ciudad de Vigo, se le puso de nombre Virginia, Nicolasa. M<sup>a</sup> de Gracia, Tomasa. Advirtió a los padrinos el parentesco espiritual y más deberes cristianos y para que conste lo firmo, al día mes y año de arriba.*

*Asdo Lexible Francisco González de Penela*

VODA (1) Co número 11 do libro de casamentos. Foi a primeira voda que santificou o crego Nicolás Mato Varela, acabado de tomar posesión como párroco.

*En la iglesia parroquial de San Pelayo de la Estrada a diez y nueve de octubre (sic) de mil novecientos doce, yo, Dn. Antonio Rey Soto, presbítero con licencia expresa de Dn. Nicolás Mato Varela, cura párroco de la misma, previos todos los requisitos canónicos legales, asistí al matrimonio que por palabras de presente y mutuos consentimientos contrajeron de una parte Dn. Alfonso Rodríguez Castelao, soltero, hijo legítimo de Dn. Mariano y doña Joaquina, natural de Santa Columba de Rianjo; y de la otra Dña. Virginia Pereira Renda, también soltera e hija legítima de don Camilo y doña Peregrina, natural de esta villa.*

*Fueron testigos don Isidoro de Yanez y Saenz y don Ildefonso Meruendano Pérez, vecinos de Orense.*

*Para que conste lo firmo en La Estrada a diez y nueve de octubre de mil novecientos doce.*

*Asdo, lexible. Nicolás Mato Varela. Antonio Rey Soto*

(1).- Escrita coa mesma letra do que asina: Antonio Rey Soto.

## BIBLIOGRAFÍA E FONTES

- Arquivo Parroquial de Santa Columba de Rianxo.** (Xentileza de D. Fernando Palleiro, Párroco)
- Arquivo Parroquial de San Paio de A Estrada** (Xentileza D. Manuel Castiñeira, párroco)
- Arquivo Diocesano de Santiago.**
- Arquivo Museo Provincial de Pontevedra.**
- Conversas con Teresa Castelao.** (Xentileza de Teresa Bravo Caamaño, Xuño de 1999)
- Daniel R. Castelao.- *Sempre en Galicia*. Ed- Galaxia, 1986.
- Daniel R. Castelao.- *Retrincos*.
- José A. Durán.- *El primer Castelao. Biografía y antología rotas*.- Madrid 1972
- Revista A NOSA TERRA.-*Castelao*.- A nosa Cultura 12.
- Valentín Paz Andrade.-*Castelao na luz e na sombra*. Eds. do Castro.
- Xosé Filgueira Valverde.- *Diario 1921*. Ed. Galaxia 1977
- Xosé Comoxo-Xesús Santos.- *Biografía de Arcos Moldes*.- (Rianxo: Apuntes dunha vila Mariñеira), 1865-1944.



Ano 1900. -Bos Aires. -Castelao. Xaquina con Teresa. Xosefina. Mariano



Don Mariano Rodríguez Dios, pai de Castelao



Voda de Virxinia e Castelao



Virxinia e o seu fillo Alfonso Xesús (1914-1928)



Virxinia. Foto Pasaporte



Chegada a Bos Aires



Virxinia e Castelao xa enfermo



## **APROXIMACIÓN Á XÉNESE URBANÍSTICA DA VILA DE A ESTRADA. I**

María Jesús Fernández Bascuas

Cando se intenta retroceder na historia da vila da Estrada coa intención de indagar sobre o seu aspecto primitivo e sobre o seu crecemento e evolución ata chegar a alcanza-la súa fisonomía actual, desde o punto de vista metodolóxico xorde, en primeiro lugar, a cuestión da secuenciación dos periodos de tempo nos que ir encadrando a información de que se dispón.

Neste intento de periodización, abordarei nesta primeira parte **o período comprendido entre 1875 e 1900**. A elección do último cuarto de século XIX obedece a que no seu transcurso producíronse acontecementos que xustifican a súa individualización, e, por outra parte, serve esta etapa de punto de arranque de multitud de proxectos que se van materializar durante os primeiros anos do século que agora remata.

Na segunda parte deste estudio abordaremos o período comprendido entre 1901 e 1926, ciclo urbanístico que conclúe coa elaboración do **Plano de Poboación de 1926**, cando xa se empeza a concebir A Estrada como entidade urbana preparada para recibir un asentamento urbano importante.

Unha investigación seria debe buscar tódalas fontes posibles para informarse e para contrastar esa información, eso foi o que pretendín facer con esta aportación ó desenvolvemento urbano desta Vila de A Estrada. Para esto botei man dos esca-

sos traballos que se ocupan do seu pasado, da lexislación vixente en cada época, do Arquivo Municipal e da memoria de persoas que pola súa idade coñeceron unha Estrada distinta á que hoxe temos.

Se nos achegamos ó que foron os inicios da vila da Estrada, o primeiro que chama a atención é que cando a sede da institución municipal pasou de Cereixo para A Estrada (1840), este último lugar era unha aldea de escasas dimensións e pouco poboada. Se nos apoiamos nas aportacións de autores que se ocuparon do tema vemos que se asentou sobre a parroquia de Figueroa da que tamén tomou o seu patrón San Paio, unha parte de Guimarei e outra de Ouzande. Sobre este tema D. Manuel Reimóndez Portela fai unha mención no seu libro "A Estrada Rural": O terreo que entón compoñía a Estrada era o Seguinte: *"El lugar de La Estrada ocupa tres ferrados y doce cuartillos de cavida. El salido de dicho lugar de La Estrada es el camino real y sitio en que se hacen las ferias, tiene de cavida catorce ferrados, tiene tres filas de robles"*.

Despois a este terreo engadíuselle a parroquia de Figueroa e terreos das tamén veciñas Ouzande e Guimarei.

Outro autor que tamén nos dá referencia sobre o tema é Pedro Varela quen nos conta o seguinte: *"En 1836 no pasaba de una aldea, tan modesta que solo contaba con cuatro o seis casas diseminadas..."*

*"Ya sabemos que, de antiguo, dos vías importantísimas se cruzaban en La Estrada, haciendo el punto más concurrido y apropiado para que la población se extendiese: el cruce tenía efecto, aproximadamente, en el centro de la que hoy es la plaza de Ramiro Ciorraga".*

Poucos son os cambios que se perciben entre o ano en que se traslada o Concello á Estrada e 1875, data na que inicio este estudio. Sen embargo entre este ano e o 1900 comenzañ a tomarse as primeiras iniciativas tendentes a transformar esta **aldea** nunha **vila** cunha incipiente planificación urbanística facéndose tamén evidente a preocupación por dotala de servicios e edificios acordes coa capitalidade que quere asumir. Pola súa parte os rexedores municipais empezan a tomar

conciencia das necesidades que teñen os veciños dunha poboación en continuo aumento, de modo que según un Pleno de principios de 1.888 estaban en torno ás trecentas casas: "...de cómoda vivienda y mas de mil habitantes; y con carreteras que la cruzan, como son las de Vea a Folgoso y la de Chapa a Carril".

A evolución urbanística resultou lenta e un tanto anárquica, pois as construccíons fóreronse aliñando a carón das dúas vías de comunicación que, a modo de aspa, se cruzaban na praza principal; esta particular disposición, sumada a outros factores secundarios, condicionou o desenvolvemento urbánístico desta Vila ata datas moi recentes.

Tendo en conta o que antecede, as construccíons fóreronse ubicando en torno a dous focos:

- O primeiro e más importante en torno a **Praza Principal** (hoxe Praza de Galicia) que abarcaba a Peregrina, Travesía de Vea, Consolación (hoxe Pérez Viondi), entorno da Igrexa, Casa Consistorial e Cruceiro.

- O segundo, e de menos puxanza localízase en torno a **Rúa Ulla, Baiuca, e a Feira**.

Varias cousas chaman a atención cando enfilamos o último cuarto do século XIX: A primeira, a falta de infraestructuras básicas; naquela vila todo estaba por facer, traída de augas, luz, pavimentación, beirarrúas, redes de sumidoiros, etc. A segunda é que o concello se trasladou a este lugar, polo que non existía **Casa Consitorial**; buscouse entón unha casa para ubicala e así, con gran precariedade, foise pasando. Sen embargo empézase xa a plantexa-la necesidade de construír un edificio digno que acolla á institución municipal, o xulgado e cárcere do partido, pois A Estrada tamén é cabeza do partido Xudicial; unha igrexa parroquial con cabida suficiente, matadoiro, praza de abastos, grupo escolar, un hospitaliño...

Estas obras vanse dilatando no tempo polas dificultades que se atoparon na súa execución e pola enorme penuria económica que atravesaban as arcas municipais nese período.

Tentaremos agora abordar mais pormenorizadamente o que foi o elemento básico da planificación urbana de A Estrada:

### 1.- A realización dun **Plano xeral desta Vila**.

A principios de 1.875 vemos como o ritmo de edificación fai que os ediles expoñan nun Pleno esta necesidade, chegándose ó seguinte acordo: *"La Corporación hallando de indispensable necesidad en esta población que debido a su reciente desarrollo no obedece en la edificación a un plan regularizado, acuerda autorizar y autoriza en la forma más conveniente para que valiéndose de personal facultativo levante el **Plano general** de esta Villa y al que ha de sujetarse en las sucesivas edificaciones..."*

Pero o problema non é só de normativa senón tamén de delimita-lo contorno do casco urbano, un tanto difuso pola súa xuventude. Neste senso o Notario desta Vila, D. León Torradijo, solicita á corporación no ano 1.876 unha certificación na que se fagan consta-los barrios que constitúen o casco urbano. Unha vez estudiado o tema acórdase: *"fijar para todos los casos que puedan ocurrir, como villa de la Estrada la distancia, o mejor dicho, desde la casa de José Tato, barrio de Bedelle a la de D. Enrique Jiménez; y desde la de D. Silverio Tato hoy su hija Josefa, barrio de Bayuca hasta la de Manuela Souto Cerviño, entendiéndose que el barrio del Crucero queda incluido".*

O problema de realizar o devandito Plano seguía sen solventarse no ano 1.882, porque nun Pleno podemos ler o seguinte: *"La Corporación teniendo en cuenta que la falta de plano del pueblo, retrasa la edificación y da al mismo una **forma prolongada** que se está en el caso de evitar, a fin de regularizar aquella, se acuerda que una comisión compuesta de los señores concejales residentes en la Capital, valiéndose de persona facultativa ó inteligente estudie y presente al Ayuntamiento un proyecto de circunvalación, para luego acordar lo conducente".*

Dous anos máis tarde (1.884) establecense as bases e condicións nas que se ha realizar o Plano, así coma o importe de

tales traballos. Trascribimos a continuación o texto do acordo, que trasmite a visión que tiñan os gobernantes sobre o planeamento urbanístico (ainda que moitos destes proxectos non pasaban de mera declaración de intencións, discurrindo a realidade por outros derrorteiros).

*"... El Sr. Alcalde auxiliado por el Procurador Síndico, dio los pasos oportunos para contratar con persona facultativa el plano de esta Villa, para la sucesiva edificación, manifestando que la proposición más aceptada que halló, es la del Ayudante de obras públicas D. Feliciano Martínez, con el cual ha convenido provisionalmente lo siguiente:*

#### *Condiciones*

*1º- El Director encargado del trabajo en cuestión, se compromete, por el estipendio de mil quinientas pesetas, a levantar el plano de la Villa de La Estrada con todos los detalles precisos para la edificación.*

*2º Así mismo se compromete a que el polígono que ha de circunscribir el trabajo en cuestión, sea determinado en forma que sus diversos lados vengan a constituir, a la vez que la limitación de la zona que se considere de edificación, la traza del eje de un camino de circunvalación.*

*3º El plano de la Villa de Estrada, levantado en la forma prescrita será trasladado al papel en escala conveniente y en el se estamparán las innovaciones que la Corporación municipal determine, como apertura de nuevas calles, modificación de alineaciones para la edificación.*

*4º En el mismo plano, si la Corporación lo estimase oportunamente, se podrá, en columnas simétricas, y del modo mas conciso y compresivo, que posible sea, consignar las bases o preceptos a que en lo sucesivo se ha de ajustar todo genero de edificación, en relación con lo preceptuado en el plano.*

*5º Del trabajo referido se entregará el borrador y una copia en limpio, en papel tela, a la Corporación municipal, con lo cual queda determinado el compromiso.*

*6º- El Director, antes de dar principio a los trabajos, y con la debida anticipación, pasará aviso á la Corporación muni-*

cipal, para que la Comisión que esta designe, prescriba los puntos que juzguen más pertinentes para la dirección general del camino de circunvalación, apertura de nuevas calles, é innovaciones que se consideren necesarias.

7º El Director dará terminado su trabajo en el mes de Agosto, y recibirá la cantidad de mil quinientas pesetas, por el importe del mismo, tan luego sea presentado a la Corporación, y de una sola vez...". A pesar da minuciosa redacción das bases non temos constancia da realización deste plano, que, como outros moitos, quedou na fase de proxecto inconcluso.

As deficiencias e carencias con que se atopan os veciños da vila son multiples, e as soluciones case sempre chegan con retraso; neste senso na década de 1890 houbo que dar nome ás rúas que espontaneamente foran xurdindo e adxudicar número ás casas que alí se levantaban (1), por elo encárgase-lle a Comisión de Policía Urbana que presente un proxecto de rúas e numeración, que presentará o 15 de novembro de 1.894, e que distribúe a Vila do seguinte xeito:

**Plaza de la Constitución:** El Ayuntamiento y Plaza que le da frente. **Plaza Principal:** Comprende, Norte, desde la casa de Celestino Esmorís a la de D. Ramón González; Sur, desde la casa de D. Francisco Rodríguez, a la de D. Manuel Esmorís; Oeste, desde la de los herederos de Blanco a la de D. Cándido Barros, también se incluyen en esta agrupación las tres casas que dan a la fuente. **Calle de Ulla y de Riestra:** Desde la casa de D. Miguel Nine a la de D. Antonio Torrado; y al frente desde la de D. José Paseiro Cumbras a la de D. Francisco Rey. **Calle de la Consolación:** Comprende a una y otra margen desde las casas de D. Ramón González y Dª Agustina do Pazo hasta la de D. Luis Durán.

**Calle de San Lorenzo:** Desde el Solar adjunto a la casa de D. Cándido Barros y la casa de enfrente al término de la recta de la carretera. **Calle de San Pelayo:** Desde la casa de D. Ramón Constenla y la de enfrente, hasta terminar la recta de la carretera. **Calle de La Peregrina:** Desde la casa de Dª Aurora Brañas y la de enfrente a la de D. Cayetano Taboada y D. Sebastián del Oro. **Calle Travesía de Vea:** Desde la casa de D. José Puente y D. Sebastián del Oro hasta la de los herederos

*de D<sup>a</sup> Rafaela Monte y solar de enfrente. **Calle del Mercado:** Desde la casa de D. José Puente hasta el solar que da frente a la casa de D. Camilo Pereira. **Avenida de la Fuente:** La calle que parte, desde la Consistorial, hasta el matadero. **Barrio Nuevo:** Desde la casa horno de D. Camilo Pereira hasta el recodo de la carretera donde termina la finca de D. Ramón González. **Barrio del Crucero:** Desde la casa de D. Benito Lafuente hasta el Crucero que existe frente a la casa de D<sup>a</sup>. María Tato. **Barrio de Bedelle:** Desde el Solar inmediato á la casa se Luis Durán hasta el Puente. **Barrio de Leicures:** El que forma la agrupación de casas allá construidas. **Barrio de la Feria:** Lo constituyen las casas construidas y que se construyan, a una y otra margen, desde la casa de Ventura Trigo hasta terminar la pendiente en dirección Norte. **Barrio de la Bayuca:** Lo constituyen las casas construidas y que se construyan desde la casa de Ignacio Silva, y solares de enfrente hasta las casas de D. Ramón Torrado y D. Diego Esmorís, incluyendo las que existen y puedan edificarse a ambas márgenes de los caminos que comunican con Guimarey al Este y Sur.*

O criterio seguido para adxudicar os nomes foi aproveitar as denominacións tradicionais con que se viñan coñecendo os diferentes lugares e que obedecen ou ben a actividade que alí se desenvolvía (Mercado) ou ben ó lugar a onde conducían (Avenida de la Fuente, de San Lorenzo ...)

Xa delimitadas as rúas, a normativa aplicable era diferente segundo a zona onde se edificase, pois as casas que lindaban coas estradas que cruzaban a Vila (de Silleda a Cuntis e posteriormente a que vai de Vilapouca a Santiago), vanse realizando de acordo coas normas sobre distancias, alturas, etc. que se establecen polo organismo titular da vía e as que a Corporación, na maioría dos casos, concede autorización, sen máis. Así podemos obsevar que á rúa Ulla establéceselle un ancho de once metros ó que se terán que ater as construccóns que alí se realicen; poderíamos citar tamén unha licencia concedida no ano 1887 para construír unha casa na praza Principal na que se lle indica ó propietario que deberá seguir a liña fixada polo enxeñeiro encargado da estrada e con arreglo ó proxecto de edificación que aquel presenta.

As pautas sobre edificación non deberon constituír unha preocupación primordial para as autoridades municipais, nin se axustaban estritamente á lexislación e ordenanzas (ás que se fai mención nunha licencia de 1883). De tódolos xeitos, cando se van outorgando as licencias, nalgúns, establecense pautas dignas de reseñar, como unha que fai mención a que **non se permitirá dentro do casco da Vila construcción de edificio que non conste de dous corpos, con faixa e apilastrado e alto relevo**; sen embargo, salvo casos concretos, isto debeu ser papel mollando.

Tamén é momento de explanación de rúas. A praza do Mercado e a Travesía de Vea polas características do terreo ocasionaron moitos problemas ó igual que a que se iniciará para dar acceso á nova Igrexa ou incluso a praza onde esta se ubicou (actual Praza da Inmaculada) pola cantidade de pedra que nelas existía. Coméñzanse a construír as primerias beirarrúas "*al frente de las casas y solares particulares, y en los sitios públicos*" (Pleno do 31 de outubro de 1.882), que debían colocar os propietarios aténdose a un ancho prefixado, pero parece que o bando publicado a tal efecto tivo pouco éxito, pois non se suxeitaron ó estipulado, nin tampouco se deron presa a realiza-las obras.

Pola súa banda o Concello procedeu á subhasta para a colocación de beirarrúas e empedrado nos lugares máis concorridos da Vila. Parece que as obras comenzaron de seguido pois pouco tempo despois xa se estaban realizados os traballos desde a Casa Consistorial ata a terminación do terreo e capela, polos que se pagaron 398 ptas. Sen embargo o ritmo de execución era lento (en parte debido ó mal tempo) pois deberían realizarse de trinta a corenta metros mensuais, que non se acadaban e por elo deciden relevar ó contratista do compromiso contraído.

No ano 1.884 remántase a colocación das beirarrúas na praza Principal. Sen embargo o seu estado de conservación era, en xeral, bastante penoso. Como ilustración vemos que nun acordo recóllese o abandono en que se atopa a Rúa da Consolación e o ramal de Bedelle, descoidadas e sen que se

realizase ningunha investimento nela, a pesares de levar por aquel intre: "...veintiocho años de existencia..."

Salvo as rúas lindates coas estradas que cruzaban a vila, que dalgún xeito sempre estiveron máis aventaxadas, as demais presentaban charcos, baches e augas procedentes de verquidos domésticos que circulaban libremente por diante das casas. As obras eran costosas e o seu mantemento más, pois non existía, coma hoxe, un servicio municipal estructurado senón que se contrataban ocasionalmente peóns para arranxos puntuais, igual que outros servicios.

A realization do tramo 7º da estrada de Vilapouca a Ponte Vea, que correspondía ó paso por esta Vila ocasionou protestas polo xeito en que se levaron a cabo as obras e polas carencias que evidenciaban, que parecían ser bastante evidentes: "...la necesidad y conveniencia de continuar por frente al templo parroquial de esta incipiente villa la construcción de la acera sobre la cuneta hasta empalmar con la que existe frente a la casa de José Ruza, mediante a que el estado en que se halla y en sitio tan visible y concurrido, es incómodo, peligroso y de muy mal efecto para los forasteros que lo observan..."

Atopámonos que en nun Pleno do 26-8-1887 propónense varias reformas, das que destacaremos as seguintes:

1º *Dirigir atenta comunicación al Sr. Ingeniero Jefe de Caminos provinciales, encaminado se sirva disponer la construcción de acera y cañería correspondiente en el pequeño trayecto que media desde el punto de empalme, frente a la Iglesia parroquial y margen Oeste de la misma hasta enlazar con la de la primera casa que se encuentra a la terminación del atrio de aquella, para la cual se hace difícil la entrada en los meses de invierno por la falta de cubiertas en la cuneta.*

2º *Que una comisión compuesta por D. José Otero y D. Segundo Santos procure estudiar el mejor medio de poner en buenas condiciones el camino que se dirige al cementerio, conferenciando al efecto con el dueño o dueños del terreno y proponiendo al ayuntamiento lo conducente.*

3º *Que se proceda inmediatamente a la reparación de la calle de la Consolación hasta el Barrio de Bedelle, hasta dejar-*

*la en buen estado, utilizando para ello una prestación personal con comisión a los señores Otero y D. Segundo Santos.*

*4º Que con el fin de que las calles de la población se conserven con la limpieza debida y evitar los focos de infección que suelen observarse con los depósitos de estiércoles y materias pútridas en las avenidas y otros puntos de esta Villa, se acuerda: que se ponga en subasta el aprovechamiento de dicha limpieza con la obligación de conservarla, adjudicándosela al que haga mejores proposiciones, si no se presenta contratista, que se contrate a un jornalero con tal objeto, satisfecho del importe que arroje la misma limpieza, y creando un impuesto sobre los puestos ambulantes que se establezcan en las ferias y mercados que se celebren en esta capital.*

*5º Que la Alcaldía obligue a Francisco Bouzón y Manuel Durán a que pongan sus casas y terreno del frente, en iguales condiciones a los demás según el ornato público exige"*

O recurso á Excma. Deputación para afrontar investimentos empeza a ser unha práctica habitual, para axudar a sufrixa-los gastos tanto das nova inversíons como dos acondicionamentos e reparacións; así, pídeselle que embaldose as rúas que atravesa a estrada de Vilapouca a Ponte Vea e outras melloras.

Tamén se van facendo progresos no arranxo e adecentamento das rúas mais concurridas e habitadas. Así atopámonos que no ano 1898 plantéxase a necesidade: "...*del ensanche y arreglo de la calle Avenida de la Fuente por la que se sirve, no sólo el matadero público, sino la sillería con que se construyen las casas en esta villa, y transita porción de gente..."*

En canto ás construccíons, casi todas son de planta baixa, ou baixo e principal (por usar a terminoloxía da época), vanse repartindo ó longo das vías de comunicación que están a dar máis solo urbano e tamén nas rúas más emblemáticas como son neste intre Praza Principal, R/ Ulla, Peregrina e S. Lorenzo. Destacar que ó lado da construcción de nova planta hai moitos arranxos ou ampliacións.

Tampouco faltaron os conflictos, denuncias sobre irregularidades, discordias sobre o trazados de rúas ou problemas para expropiar terreos destinados a novas rúas.

Como vemos, nestes derradeiros anos do século XIX sentáronse as bases do urbanismo na Estrada, pouco sólidas certamente, pero suficientes para afrontar os cambios que ainda tardarán uns anos en chegar e dos que se tratará na segunda entrega deste traballo.

Tamén, por esta época se están a afrontar obras decisivas, pola súa envergadura, como o edificio do Concello, a Igrexa, a praza de abastos, matadoiro, colexios... construccóns imprescindibles para albergaren as institucións que pervivirán no tempo, pois non existían edificios antigos dos que botar man, porque na Estrada todo é de nova creación.

## NOTA

(1) Pedro Varela no seu libro "La Estrada" (pax. 105) di: "*Unos veinte años habían transcurrido, desde que La Estrada era una aldea, cuando en 8 de Enero de 1859, teniendo en cuenta el desarrollo de la población, acordó la municipalidad dar al barrio de Bedelle el nombre de Calle de la Consolación, empezando a numerarla en las casas de Francisco Trigo y D. Francisco da Riva: se puso título a otra calle, la del Ulla, empezando en las casas de D. José Vilas y D. Felipe Trigo; la de la Peregrina, empezando en la casa se D. José María López y D<sup>a</sup> María Ignacia Cadavid, la de la calle de la Iglesia, empezando en la casa de Francisco Trigo y D. Manuel Otero; la de la Travesía de Vea, empezando en la casa de D. Benito Lafuente y D. Francisco Gestoso"*

## APÉNDICE.

Equivalencias do nome das rúas:

- **Calle del Mercado** - Martínez Anido e parte de Avd. de América. - **Avenida de la Fuente** - W. Álvarez Ínsua. - **Plaza de la Constitución** - Praza de Martínez Anido. - **Plaza Principal** - Praza de Galicia. - **Calle Riestra** - Calvo Sotelo. - **Calle de la Consolación** - Rúa Serafín Pazo. - **Calle de San Lorenzo** - Rúa Pérez Viondi.

## FONTES.

Arquivo Municipal do Excmo. Concello da Estrada.


## BIBLIOGRAFÍA.

Pedro Varela: "La Estrada". Tipografía de "El eco de Santiago" - 1923.

José Sanmartín Sobrino: "Un país llamado A Estrada". Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. 1.997

Olimpio Arca Caldas: "Callejero Histórico de la Villa de A Estrada". Excmo. Concello da Estrada-Secretaría Xeral para o Turismo. 1.995


Manuel Reimóndez Portela: "A Estrada Rural". Excma. Deputación Provincial.



Plano do núcleo urbano de A Estrada. Foi elaborado polo Axudante de Camiños Provinciais, don Bonifacio Vázquez e leva data de 25 de outubro de 1904. Obsérvase a presencia de dous edificios xa desaparecidos: a vella Casa Consitorial (tamén cárere) e o cuartel de Garda Civil.

Sacado das.

Escala 1:100.



Antes de proceder á construcción dun edificio era preceptiva a presentación dun plano detallado a escala (cousa que non sempre se facía), coma este dun edificio que aínda hoxe se conserva na Praza de Martínez Anido. Daquela Praza do Mercado. 1907.

## **OS TRABALLOS E OS DÍAS. ASPECTOS DA VIDA COTIÁ NO RURAL ESTRADENSE DO S. XIX. OS TESTEMUÑOS DE GARCÍA BARROS, MARCIAL VALLADARES E ALFREDO VICENTI**

*La historia del campesino no es otra cosa*

*que la historia de su vida cotidiana.*

Pegerto Saavedra. “*La vida cotidiana en la periferia de la civilización*”.

Juan Andrés Fernández Castro

Cando o Quiñolas, acompañado da súa familia, entraba por primeira vez na cidade de Santiago de Compostela, mesmo ó chegar á Ponte Pedriña percibiu un estrondo que o deixou abraiado. Aquel acompañado fragor foi aumentando progresivamente ata que, de súpeto, mergullada nunha nube de vapores xurdíu unha locomotora arrastrando tras de si unhareste de vagóns que o protagonista compara, significativamente, con hórreos rodantes.

Poida que esta fugaz epifanía tecnolóxica sexa unha das poucas evidencias de modernidade que se perciben na novela que García Barros sitúa nunha aldea da comarca estradense do último tercio do século dezanove, nun ambiente dotado dun elevado grao de continuidade cultural. Nuns entornos cronolóxica e xeograficamente próximos ó anterior sitúanse os relatos de Marcial Valladares e Alfredo Vicenti. Estas tres obras que empregaremos como fonte literaria permitirános unha

aproximación a dous aspectos significativos da vida diaria dos labregos: os **obxectos de uso cotiá** e os **libros e impresos**, obxectos estes dous últimos que nos poderán facilitar o acceso a ámbitos más sutís como son as mentalidades, ideoloxías e hábitos culturais. Os protocolos notariais da época ofrecéronos asimesmo información moi valiosa.

Do cruzamento de ámbalasdúas fontes, literaria e notarial, xurdirán aspectos que, sen acadar a categoría de achados excepcionais, nos poderán aproximar, desde este final de milenio, ó universo mental daqueles campesiños que despois de traballar arreo para manter a familia no límite xusto da subsistencia e pagar foros, dezmos, oblatas e hipotecas, áinda conservaba folgos para marca-los puntos dunha muiñeira ou humor abondo para ler á familia convocada arredor do lume as delirantes historias de *Bertoldo, Bertoldino e Cacaseno*.

## ANÁLISE DAS FONTES

**Aventuras de Alberte Quiñoi.** (1) Cando Manuel García Barros escribiu as aventuras do "Quiñolas", trasunto da súa propia infancia, fíxoo coa intención expresa de trascender nas súas páxinas o mero acto de creación literaria e ofrecer ó lector as principais claves da vida cotiá dos labregos da comarca estradense da Ulla entre os anos 1876 e 1890 aproximadamente. Xa que logo o verismo etnográfico e antropolóxico intercalado de continuas referencias cronolóxicas son características que valoran esta obra como documento imprescindible para o estudio daquel espacio e tempo concretos.

A lagoa informativa que nos depara esta fonte literaria (en sentido estricto desde 1800 deica 1876) vese compensado pola información dos protocolos que cobre abondo ese espacio, áinda que cabe reseñar o feito de que os inventarios de diverso tipo ós que acudimos diminúen progresivamente na medida en que avanza a centuria. Referírémonos a este libro de G. Barros coas siglas **AAQ**.

**Maxina (2) Diccionario gallego-castellano (3).** Coterráneo de Manuel García Barros (ambolosdous naceron na parroquia estradense de Berres) foi Marcial Valladares un escritor de

forte lastre moralista, máis atento ós aspectos sociolingüísticos e lexicográficos da lingua que ó relato veraz do entorno no que se desenvolve a acción da súa novela *Maxina*. Sen embargo, e poida que inconscientemente, Valladares non pode evitar o recurso ó popular, a determinados aspectos da tradición oral e ás descripcións de ambientes aldeáns (un tanto idealizados, quizais) que o fan particularmente valioso ás nosas pretensións. (4) A acción da novela desenvólvese entre Santiago de Compostela e un lugar próximo á riveira do Ulla, entre os anos 1850 e 1868. En adiante referírémonos a este libro coa palabra **Maxina**.

O *Diccionario Gallego-Castellano* hanos ser especialmente útil na procura do significado prístino -e perfectamente acorde coa época- de certos vocablos ausentes xa dos diccionarios actuais. Neste sentido debemos recoñecer que aquel ambiente un tanto artificioso e moralizador que impregnaba a novela *Maxina* está ausente no *Diccionario*, e é aquí donde reside o seu valor etnográfico; tanto é así que o censor eclesiástico do libro, nada menos que Antonio López Ferreiro, achacáballe certa rudeza na expresión crara e meridiana dalgúnhas voces e conceptos. Desde o punto de vista cronolóxico ambalasdúas obras de Marcial Valladares públicanse no último tercio do século dezanove, Maxina no 1880 (aínda que concluída no 1870) e o Diccionario no 1884, o que coincide, aproximadamente coa época da novela de García Barros. No **Apéndice I** faremos referencia a aquelas palabras sinaladas cun asterisco (\*) conforme ó seu significado no Diccionario de M. Valladeres, ó que de aquí en diante nos referiremos coas siglas **Dic.**

**A orillas del Ulla (Perfiles Gallegos)** (5) Encontrámonos ante unha colección de crónicas-relatos breves escritos durante o retiro aldeán do autor no lugar de Castrotián, popularmente coñecido por Castación, na parroquia estradense de Oca. Aparte da súa innegable calidade literaria, que se pode apreciar, por exemplo na magnífica descripción da feira do un, no Foxo, valoramos especialmente nestes textos a vontade do autor de ofrecernos o testemuño fidedigno da vida cotiá da comunidade rural na que viviu o seu retiro aldeán. Asegura José Antonio Durán (6) que habería que situar o exilio de Vicenti nun período de tempo comprendido entre os anos

1873-74. Durante este tempo redactaría os apuntes que, xa en Compostela, cobrarían a súa forma definitiva (ano 1875) para seren publicados no *Heraldo Gallego* de Ourense a partir de abril do mesmo ano. En adiante referirémonos a este libro coas siglas **AOU**.

A modo de resumo do que chamaremos as *fontes literarias*, cómpre salientar: a) A práctica superposición cronolóxica das catro obras situadas, aproximadamente, no último tercio do século XIX, feita a salvedade de que *Aventuras de Alberte Quiñoi* escribiuse no ano 1942. b) Todas elas comparten un mesmo ambiente, rural e campesiño, ainda que observado desde ópticas distintas. c) O ámbito xeográfico no que se desenvolve a acción dos relatos é, tamén, prácticamente idéntico (ver mapa) e d) Os autores son persoas perfectamente identificadas co medio que describen e no que, casos de García Barros e Valladares, desenvolveron gran parte da súa vida.

**As fontes notariais.** Os protocolos notariais, especialmente os inventarios nas súas diversas modalidades, *inventarios de tutela y curaduría* (*inventarios post mortem*), *recuentos de bienes*, *memoriales de bienes muebles*, ademais doutros documentos como *testamentos*, *seguros de dote e seguros de lexítima*, constituiron a outra fonte que empregamos neste traballo. O seu cruce coas fontes literarias foi particularmente fructífero no tocante ó contraste, confirmación e complemento dos datos ofrecidos por aquelas. A meirande parte dos documentos notariais consultados proceden do **Arquivo Histórico Provincial** de Pontevedra, que de aquí en adiante denominaremos **AHPP**. Outros documentos, de índole privada, ós que nos referiremos coas siglas **DP**, fóronnos facilitados por algunas familias estradenses (7) para o seu estudio.

Con respecto ós protocolos procedentes do AHPP, empregamos 50 documentos procedentes das notárias de Antonio Carbón, de Barbude; Bonifacio Antonio Paseiro, de Callobre; Francisco Javier Silva, de San Xulián de Vea; José Garrido Mariño de Lobera Oitabén y Alemparte, de Santeles e Miguel Losada Losada, de A Estrada. Consultamos escrituras dos anos 1796, 1797, 1800, 1802, 1817, 1818, 1827, 1873 e 1890 advertindo que, como xa quedou dito, a segunda mitade do século

ofrece moi poucas mostras de inventarios. Os protocolos consultados afectaban ás parroquias de Santo Tomé de Ancorados, Barbude, Berres, Callobre, Codeseda, Curantes, Oca, Remesar e Rubín. Os documentos privados, DP, consistían en *ofertas dotaís, inventarios de bens móbiles de testamentos e tres inventarios de bens procedentes de embargos* e están datados nos anos 1784, 1802 1831, 1844 e 1861, de modo que cobren aceptablemente as lagoas ofrecidas pola documentación do AHPP.

Á hora de realiza-la **crítica interna** dos documentos podemos advertir como a funcionalidade dos documentos, é dicir o seu potencial de ofrecer a información que lles demandamos, varía sensiblemente duns a outros. Así unha *escritura de seguro de lexítima ou de dote* limitarase a constatar exclusivamente aqueles bens que os pais garantizan a un fillo ou filla, mentres que os denominados *recuentos de tutela y curaduría de los hijos menores* (ou *inventarios post mortem*) conlevan a obriga por parte do notario de recountar escrupulosamente tódolos bens que se encontren no domicilio dos causantes. E así se explicita ó final de cada inventario: "... sin que en la casa mortuoria se hubiesen hallado otros algunos efectos...".

Sen embargo encontrámmonos con chamativas ausencias: en ningún dos documentos consultados se citan recipientes de barro, nin obxectos de adorno, nin roupas de meniños; tam pouco efectos de tipo persoal, libros, vasos para beber, cubtería, coitelos etc. Cómpre polo tanto preguntarse se este silencio das fontes obedece a unha ausencia real ou ben a unha convención mediante a que certos obxectos, quizais por carecer dun mínimo valor de mercado, serían sustraídos dos inventarios, que a fin de contas conteñen tan só efectos valorables monetariamente. Isto obríganos a interrogar intensivamente ás fontes literarias no tocante a estos aspectos para completalos se fose preciso.

Cabería por último dilucidar se a actitude subxectiva do notario podería influir na percepción e consignación dos actos dos que da fe. Efectivamente lemos con frecuencia, a carón das cousas que se inventarían expresións como *de moy poca consideración, todo ello viejo y de poca consideración, ou viejo y de poco servicio*. Tales apreciacións subxectivas estarían encami-

ñadas a clasificar cada cousa según unha escala de valor xeralmente aceptada de modo que, admitindo o claro matiz de distanciamento e incluso desprezo ó que se refire Saavedra (8), cómpre tamén recoñecer que estas valoracións pódennos proporcionar información útil sobre os obxectos inventariados.



As terras da Ulla, esceario das vivencias do Quiñolas, de Maxina e dos labregos que maxistralmente nos retrata Alfredo Vicenti

### A CASA, ÁMBITO DE TRABALLO E CONVIVENCIA.

Durante séculos a casa, ámbito da convivencia da familia, mantivo praticamente inalterada a súa estructura, concebida fundamentalmente para albergar unha unidade de produción agrícola prácticamente autosuficiente. En liñas xerais cómpre dicir que a casa labrega do rural estradense non diferiría apenas das vivendas rurais do resto de Galicia e ainda da Europa atlántica; características comúns a todas ela serían o rudimentario das súas instalacións e dependencias, a absoluta austeridade dos seus efectos domésticos e a falta de intimidade, especialmente nas vivendas más pobres dos principios de século. A este respecto son particularmente significativas as referencias de Saavedra (9), Rozados (10) e Michelle Perrot (11).

A estructura-tipo dunha casa labrega do século XIX obedecería ó seguinte modelo: planta baixa repartida entre cociña e

cortes, cun límite pouco definido entre ámbalas dependencia, moitas veces inexistente. Na cociña ábreñse ó exterior dúas portas; por unha delas accédese ó curral e pola que se encontra enfrente, á eira; estas portas serían utilizadas indistintamente por humanos e animais. Nun plano superior encontrábase o sobrado, lugar exclusivamente reservado a habitación humana áinda que tamén se empregaba como almacén de gran. Cociña, cortes e sobrado reciben frecuentemente a denominación de *oficinas altas y bajas* nos documentos da época.

A cociña era sen dúbida a dependencia máis importante da casa e albergaba o principal espacio de convivencia da familia. Nela residía o lume e sobre el o pote, obxecto que non falta en ningún dos protocolos revisados. Da importancia da cociña fálanos o feito de que por aquel lugar comenzaban sempre os inventarios notariais. Arredor do lume da lareira reuníase a familia para se quentar, comer, conversar, rezar e poida que de cando en cando para escutar algúnhha lectura colectiva.

A meirande parte das cocñas carecían de chemineas, estructura de certa complexidade constructiva e polo tanto reservada ás casas dos labregos máis acomodados. Por ese motivo o fume da lareira vagaba por toda a casa invadindo cuartos e estanzas e dotando ós obxectos desa pátina especial dun ton entre castaño e negro para despois sair mansamente polos intersticios dos pobres tellados.

**Una cama de caballetes ocupa un ángulo y encima de ella protegido por unas cortinillas verdes, se desangra un crucifijo ahumado.** AOU. pax 53.

**La chimenea suele representar un gasto superior a los medios del propietario, el cual, antes de abrir un simple mechinal por donde entren el aire y la lluvia y apaguen más que animen la fogata del lar, prefiere cerrar toda salida a la combustión y recluirse con los suyos, retando a la asfixia en torno de la piedra cenizal ...** AOU. paxs. 190-191.

**Na mesma parede, tras da garmalleira, a crus, unha crus de pau, pouco menos que de tamaño natural, cuberta da feluxe amontoada polos moitos fumes que alí leva sofrido.** AAQ. pax. 66. Do antedito pódese deducir que as

cociñas eran escuras e pola noite a única iluminación procedía do lume do lar. É significativo que de tódolos inventarios consultados se consignase un só candil **Un candil de alumbrar**. AHPP. 1797, se ben se empregaría tamén os cabos de vela, ... **Inés, gabexando nunha hucha, sacando dela un candeeiro de metal, un cabo longo de cera e unha espabiladeira de ferro sen estrear, meteu o cabo no candeeiro, acendeu aquel e puxo este coa espabiladeira enriba dun bufete\***. Max. pax. 74. Este testemuño ofrecémolo con certas reservas pois M. Valladares, ó noso xuicio, esaxera un tanto o nivel material da familia que adopta a meniña Maxina. Tamén Vicenti fai referencia a este obxecto: - **Y ahora, Manuela, enciende el candil y tira del caldo...** AOU. pax 97; do mesmo xeito encontramos unha referencia, áinda que indirecta, en García Barros que cita o combustible habitual dos candís: **Na parte de arriba gardábase ... a botella do gas ... AAQ. pax. 66.**

O chan da cociña era, as máis das veces, de terra, **O neno estaba pousado nun mantelo vello, estendido no chan da cociña, e había que ter conta de que non se botara de gatas, rabuñando terra e levántoaa á boca.** AAQ. pax. 66, e as paredes presentaban a obra viva: ... **y sin cal ni argamasa en las paredes vestidas no obstante de polvorrientas telas de araña que simulan tapices.** AOU. pax.53.

No mesmo centro da lareira reinaba o **pote\***, recipiente metálico cuia panza simbolizaba a fartura que moi poucas veces contiña. Esta peza de moi distintos tamaños, pero que conservou sempre a súa característica forma, a xuzgar polo testemuño das fontes, non faltaba nunca, e con frecuencia constatamos ata catro potes de distintos tamaños na mesma casa. A súa presencia é tamén abondosa no cantigueiro e refraneiro galego. Tal circunstancia obedece sen dúbida á capacidade de tal recipiente para satisfacer óptimamente as necesidades culinarias dos labregos: pola súa capacidade podía conter auga suficiente para prepara-lo caldo para varios días; non precisaba unha atención continua pois unha vez enchido de auga e introducidos os alimentos, a muller podería atender outros labores; ademais, pola súa forma e material conservaba unha gran inercia térmica, de modo que unha vez fervía a auga, a cocción proseguía cun considerable aforro de

combustible. A súa mesma forma, cun centro de gravidade moi baixo, e a presencia de tres pés para adaptarse ben ás irregularidades da lareira fixeron do pote o recipiente mais idóneo para as lareiras labradoras. Constatamos a presencia en varios inventarios de potes crebados e inservibles deixando constancia do seu valor en moeda corrente. Poida que os mesmos fragmentos metálicos se reutilizasen para refundir, que se vendesen a charreiros ou mesmo que se entregasen na compra dun pote novo, a cambio dunha certa rebaixa no seu valor.

**Un pote de metal derrotado y rotificado por muchas partes, 10 rs. DP. 1831**

Do aprecio que gozaba o pote danos unha idea a reserva de bens que realizou ó seu favor a "petrucia" viúva María A. B., unha vez efectuada a partilla das suas propiedades:

**Una arca mediana con su fecho y llave...**

**Un caldero de cobre...**

**Un pote pequeño, valor 20 rs.**

**Una sacha**

**Una colmena.** DP. 1784

Con certa frecuencia aparecen nas escrituras potes dotados dun aro metálico que facilitaba a súa colocación na gramalleira: **Un pote de metal con su aro de fierro.** AHPP. 1797. **Dos potes de metal con aro de fierro.** DP. 1802.

As referencias ós potes nas nosas fontes literarias son abundosas, especialmente no relato de García Barros: **Para facelo (o caldo) había dous potes na casa: un que lle chamaban o "mañeiro" ... e outro más grande, o "pote grande" ... Ademais había un pequerrecho ... AAQ. pax. 69.**

**A aboa estaba ó pé do pote quitando o caldo.** AAQ. pax. 98.

**... pendurado da garmalleira, fervía un pote grande...**

AAQ. pax. 270.

Alfredo Vicenti fai referencia a el nestes termos:

**... retire el pote de la garamalleira (llares), ponga al fuego la sartén ... AOU. pax. 97.**

O **caldeiro** e a **caldeira** aparecen nambalasdúas fontes, literaria e notarial, inmediatamente por detrás do pote no tocante a número de referencias. Trátase sempre de recipientes metálicos de ferro ou cobre, circunstancia que se especifica sempre nas escrituras, e que poden contar, ademais, cos seus aditamentos de cinta metálica que reforzaría a súa estrutura, especialmente no borde, e aro que posibilitaba o seu pendurado da cadea da gramalleira. Podían tamén colocarse sobre as trepias porque, a diferencia do pote, as caldeiras carecían de pés de seu. Dos dous recipientes, ambos de fondo cóncavo e paredes rectas, o de maior tamaño era sempre a caldeira, que apenas se movía da cociña, mentres que o caldeiro, moito máis lixeiro, empregábase, entre outras cousas, para carrexar auga. Así se refexa nos protocolos notariais:

**Un caldero de cobre con cinta del mismo metal y aro de fierro.** AHPP. 1797.

**Una caldera y un caldero, la caldera con cinta de fierro.** DP. 1802.

**Un caldero de cobre.** AHPP. 1817

**Un caldero de cobre con sus cintas y aro de hierro.** DP. 1831.

Desta forma se refire García Barros á caldeira:

**... caldeiras, que en tódalas casas había unha polo menos, que se tiña colocada sobre unha molida de palla nun recanto da cociña. Era imprescindible para cocer as marañas, para facer as morcillas, e para algunha cousa más.** AAQ. pax. 184.

Comprobamos que o tamaño daquel recipiente o adaptaba para labores que requerían gran cantidad de auga como coce-las morcillas ou por a branquexa-lo liño.

Así nos describe este labor Gil de Bernabé: (*As marañas*) "...volven para a casa e métense nun pote con auga, no que se incorporan cinza de carballo ou videira, counselos, xabón e un óso de porco; pónense a ferver durante un tempo de cinco ou seis horas, para branqueo ... ó termino, purifícanse en auga limpia e cólganse de novo a secar." (12) Poida que este mesmo

labor se repetíse en moitísimas casas da comarca, donde a producción textil tivo unha presencia non pequena.

Outros recipientes citados nos inventarios son o **pichel**\* e **picheta**\* de estaño; a **limeta**\* e a **sellá**:

- ... **un pichel de estaño** ... AHP. 1797.
- ... **una picheta de estaño** ... AHP. 1817.
- ... **dos limetas de bidro** ... DP. 1831.
- ... **una sellá para portar agua** ... AHP. 1873.

As referencias literarias, por outra parte:

**Colleu dous caldeiros e foise por auga "para limpo" á fonte do lugar.** AAQ. pax. 252. Alfredo Vicenti efectúa unha posible referencia a unha caldeira nestes termos:

**Casi entre mis pies hervía una inmensa olla repleta de castañas.** AOU. pax. 41.

A **gramalleira** nas súas distintas modalidades, fixa ou desplazable mediante brazo xiratorio, facilitaba os labores realizados na área da lareira. Non se encontra en tódolos inventarios, que se refiren a ela, cunha soa excepción (llares), coa denominación de *cadenas de sobre fuego*. Alí donde faltase a gramalleira encontrarían pleno sentido as trepias obxecto do que encontramos unha única referencia (1817) nas fontes notariais, sen desbotar que os pequenos recipientes, quizais os de barro, se pousasen directamente sobre o rescolo.

**Una cadena de sobre fuego colgada de un palo.** AHPP. 1797.

**Una cadena de sobre fuego, toda de fierro.** AHPP. 1800.

**Una cadena de sobre fuego.** DP. 1802.

**Unos llares o cadenas de sobre fuego.** AHPP. 1817.

**Las cadenas de sobre el fuego de fierro.** DP. 1831.

As **trepías** resultaban tamén imprescindibles para soste-las **sarténs**. Estes recipientes ocupan o terceiro lugar en canto á sua frecuencia de aparición nos instrumentos notariais, donde se lles chama *sartén de fierro*: anos 1797, 1800, 1802, 1817 e 1831. A función principal da sartén era cocinar aqueles alimentos que precisasen fritura ben con aceite (moi raras veces) ou graxa. **Encima poñíase borcada unha tixola grande de**

**rabo longo...** AAQ. pax. 67. ...ponga al fuego una sartén, mire si hay aceite en la alcuza para hacer el rustrido del bacalao... AOU. pax. 95, esta referencia sitúase na casa dun "cadista", emigrante retornado de Cádiz, circunstancia que explicaría a presencia de aceite e bacallao, alimentos de certa excepcionalidade no ambiente labrego do século XIX.

As **cuncas**, **concas** ou "**escodillas**" empregábanse fundamentalmente para conte-lo caldo, que se sorbía directamente do recipiente axudándose dos dedos para inxeri-la (xeralmente pouca) bastura, en forma de pataca picada, herbellas, berzas e pan de broa que quedase no fondo; o emprego da culler, sempre de pau, era excepcional, e só o poímos documentar nas fontes literarias. As **cuncas** estaban construídas en madeira, poida que de abeneiro, de factura artesanal e por iso de certa baratura. Nos instrumentos notariais faise referencia á súa cantidade e material e vese asociada sempre ós **pratos**, peza que, por ser de emprego máis restrinxido (non podía conter caldo, dieta cotiá do labrego, nin leite, nin auga...), aparece en menor cantidade. Existirían ademáis cuncas e pratos de porcelana ou barro; tamén se estilaba colocar o manxar, sobre todo se se trataba de carne, directamente sobre unha rebanda de pan que facía de prato.

**Doce concas y seis platos de palo.** AHPP. 1797.

**Doce concas de palo.** AHPP. 1800.

**Seis concas de palo y tres platos de lo mismo.** AHPP. 1802.

**Seis escodillas de madera.** AHPP. 1817.

**Ocho concas y tres platos de madera.** AHPP. 1817.

As fontes literarias fan varias referencias a este recipiente, se ben acollemos con certas reservas, polos motivos xa anteriormente expostos, as de *Maxina*.

... tiña contra riba dúas portas, baixo delas un caixón pras cuncas, que por iso se chamaba o cunqueiro ... AAQ. pax. 66. ... a tía Xacoba arrecadou o pote para xunto do cunqueiro, descolgou a culler de ferro, sentou nun tallo á beira do pote, e collendo as cuncas, unha e logo outra ... AAQ. pax. 70. ...nalgúnhas casas soían terllas (as cuncas) de pau ós pequenos ... AAQ. pax. 70. **Poñer pratos non se estilaba, a non ser polas festas ou pola malla.** AAQ. pax.

**95. O resto reparteuno dándolle a cada cal a súa parte que recollían e poñiana encima do pan.** AAQ. pax. 99.

... mentres non veu o café que serviron Adria e Inés, a primeira, traendo o líquido nunha pequena taza branca de porcelana, co seu correspondente prato; a segunda tirando dunha lacena outro prato con azucré ... Maxina. pax. 73.

**Inauguraron el festín las tazas de barro llenas de humeante líquido y acompañadas de gruesos pedazos de borona ...** AOU. pax. 98.

A presencia de pezas de louza de Talavera importada probablemente por mercaderes maragatos e mercada nalgúnha das feiras dos arredores (poida que na do Foxo, que se celebraba os primeiros de cada mes), fainos pensar no éxito desta louza decorada tan ó gusto popular, e dotada, sen dúbida dunha grande resistencia. Trataríase de louza reservada para os días da festa grande, dunha voda na casa ou calquera cunstancia de certa solemnidade.

**Dos fuentes de Talavera ...** DP. 1802.

**Era unha cunca de Talaveira. Tirou del. Dentro tiña así coma unha libra de azucré ...** AAQ. pax. 104. **Daquela auga levar dous netos nunha xerra branca, de Talaveira, todo isto antes de que o sol saira ...** AAQ. pax. 285.

A cubertería de uso persoal, fundamentalmente culleres e garfos, tiveron unha presencia bastante restrinxida nas casas labregas áinda que o seu emprego foise xeralizando a medida que avanzaba o século, coincidindo co regreso de emigrantes de América e mesmo de Cádiz, destinos de tantísimos estradenses.

En ningún documento notarial se fai referencia ás cubertas, o que nos fai pensar que, ou ben non eran de uso común, circunstancia bastante improbable, ou que se trataba de enseres de tan pouca entidade que o escribán non consideraba dignos de aparecer nos inventarios. Admitimos tamén a posibilidade dunha insuficiencia da nosa mostra.

A **culler** de madeira de buxo ou amieiro, sería o utensilio empregado para inxerir alimentos de consistencia líquida. O

**garfo** apenas se empregaría, sendo sustituído polo coitelo, navalla ou sinxelamente polos dedos.

**Culleres non se dabán ... AAQ. pax. 299**

**... tirando dunha lacena outro prato co azucré e unha culler de buxo ... Maxina. pax. 73.**

Sen embargo sí que poímos constatar con certa abundancia a **culler grande**, que servía para extraer o caldo da escura barriga do pote, mantenza cotiá dos labradores. Velaquí algunas referencias nas fontes notariais:

**Una cuchara de fierro.** DP. 1802; AHP.1797, 1800, 1817.

E nas fontes literarias:

**... e dun costado penduraba dun cravo a culler de ferro de quitar o caldo.** AAQ. pax. 67.

**... o Alberte descolgou a culler de ferro ... AAQ. pax. 95.**

Entre o mobiliario da cociña, francamente escaso, destacaba a **artesa\***, moble ó que cabería aplicar a calificación de plurifuncional. Efectivamente valía para sentarse, para mesa de comer, como superficie de traballo, para gardar diversos efectos (circunstancia pola que, a veces, nos documentos notariais se indica a súa capacidade), para amasar o pan ou salar a carne ... entre outros cometidos. En certas ocasións aparece dotada de pechadura. A presencia da artesa constatámola nos protocolos notariais:

**Dos artesas, una de salar carne y otra mediana.** AHP. 1796.

**Una artesa usada de madera de roble sin pechadura.** AHP. 1797.

**Una artesa de amasar pan.** DP. 1802.

**Una hartesa vieja enla cocina de porte dos hanegas.** DP. 1831.

Deste moble que non faltaba en ningunha cociña danos tamén cumprida referencia García Barros e Vicenti.

**Entrando pola porta do quíntero, á esquerda, estaba a artesa...** AAQ. pax. 67.

**Despois abreu a artesa, colleu un prato de pau acurutado de fariña e foina botando ó pote ... AAQ. pax. 70.**

**... a la izquierda e inclinada sobre una artesa, dividía en porciones simétricas la masa de maíz dispuesta ya para la cocedura ... AOU. pax. 41.**

A comodidade era moeda moi pouco corrente nas casas labregas do século XIX e reservábase, cando moito, para o **xergón** da cama, recheo de palla, follatos de millo e ás veces, lá; os **asentos** eran de madeira, de forma e tamaño moi variable, e nalgún caso a comodidade reducíase, sinxelamente, á presencia dun **respaldo**, circunstancia que sempre se fai constar. Os asentos aparecen case sempre na cociña, ámbito da convivencia cotiá, podéndose desprazar a outros lugares -ó sobrado, ou mesmo á eira - en caso de necesidade, como por exemplo unha festa ou unha sega. Nas fontes notariais estes mobles aparecen baixo as seguintes denominacións:

**Banco de respaldo:** 1797, 1802, 1817, 1831, ... **para sentarse al fuego...** 1873.

**Tabolete, taburete:** 1802, 1817, 1831.

**Mesas en la cocina para sentarse:** 1800, 1817, 1831.

**Tallos para sentarse:** 1831.

**Banco:** 1797, ... **para sentarse al fuego...** 1873.

Todos estes modelos responden a un prototipo básico: o banco de táboa de madeira con catro patas, podendo adoptar diversas variantes en canto á forma e tamaño: **tallos** e **taboletes** serían baixos e individuais, propios de rapaces e adoitados para sacar á eira para facer traballos de *sentados*. Nesta clasificación entrarían tamén as **mesas**, moble propio para sentarse, semellantes ós **bancos**; nos documentos apostíllase, para evitar confusións, *para sentarse*. Por último encontramos os **bancos de respaldo**. Algúns destes mobles conservarían unha situación fixa diante do lume e, especialmente os de respaldo, estarían reservados ós petrucios e ós mais vellos.

En ningún dos protocolos consultados aparecen **sillas** nin **cadeiras**. Parece deducirse, tanto das fontes notariais coma das literarias que o feito da *comida diaria* realizábase arredor da lareira ou en lugares indeterminados da cociña -que o cos-

tume reservaba a cada quen- e sostendo a cunca na man. Incluso podían habilitarse como sentadoiros o regazo do forno ou mesmo os pasos da escaleira do sobrado. Vexamos as referencias literarias a este respecto:

**Pedro e Xan puxérонse apegados á nai no banco de respaldo...** AAQ. pax. 198. **Nalgunhas casas soían terllas** (as cuncas) **de pau ós pequenos por mor do mesmo, e senón, ó sentalos no chan, poñianlle acabalo das pernas un talliño co sitio furado para asentar alí a cunca.** AAQ. pax. 70. **O Albertiño fora tamén pola súa e sentou coila no tramo da escaleira.** AAQ. pax. 70.

**... Caitán presentoulles seguidamente tallos ...** Maxina. pax. 74.

**Alrededor de una mesa de roble, desde cuyo centro atrae la atención una mugrienta baraja, y sentados en taburetes o banquillos de madera...** AOU. pax. 53.

A meirande parte das casas labregas estaban dotadas dun nivel superior de vivenda que xeralmente se situaba enriba das cortes. Accedíase a este estrado, coñecido polo nome de **sobrado**, mediante unhas escaleiras que partían da cociña. Este ámbito reservábbase ó descanso nocturno. Os leitos, huchas ou arcas e algún bufete constituían o mobiliario máis frecuente neste lugar, donde tamén podían almacenarse as reservas alimenticias ou a semente.

O piso estaba formado por táboas, xeralmente de castiñeiro, e no alto as tellas, que, sostidas por vigas de carballo, algarrobo ou castiñeiro, constituían a cativa separación entre a habitación humana e as agresións dos elementos. O máis frecuente era que a superficie do sobrado formase un *continuum* sen división algúnhha que preservase a intimidade. Esta promiscuidade das casas labregas de antano supuxo unha preocupación persistente para os párrocos, que exhortaban desde o púlpito a preserva-la intimidade, especialmente do matrimonio, naqueles sobrados donde durmían familias enteiras. Excepcionalmente, nalgunhas vivendas de máis posibles, podían existir divisións que, cando menos, reservasen un trozo do sobrado para cuarto do matrimonio; podía haber tamén

unha mesa grande que se reservaba para as grandes celebracións familiares.

Nos *inventarios* consultados distínguese claramente entre **cociña e sobrado\***, que se identifica baixo as seguintes denominacións: *sobrado, cuarto alto de la casa, cuarto alto que se balla contigo a la cocina, cuarto de arriba de la cocina, oficinas altas de la casa, cuarto de la nave de la casa.*

O sobrado -cando existía- supoñía, por oposición á cociña e as cortes, a zona noble da casa; alí se gardaban os obxectos más persoais do labrego e non deixaba de ter para os rapaces -O Quiñolas- un aura de misterio. No sobrado estaban os poucos libros que había na casa, as estampas de tódolos santuarios pegados na parede ou os escapularios, medallíñas e rescritos da avoa pendurados de cravíños na parede.

**No sobrado, coma no cuarto, había camas, huchas grandes para gardar o centeo e o trigo, e más pequena prá roupa... AAQ. Pax. 67. ... chegándose moi campante e índose moi enteiro a poñelo no seu sitio de costume, que era metido co rabo por riba dunha viga do sobrado. AAQ. pax. 82. ... subiron todas ó sobrado, que aquelas ben coñecían, ocupou cada unha seu tallo ... Maxina. pax. 100. E Bieito, baixando do sobrado un mazo que alí tiña de follatos, meteu nel o papeliño feito polo señorito de Rebordán. Maxina. pax. 129. ... subiron ó sobrado ambos e, sentándose nos peares da ventá, leu Bieito en alta voz. Maxina. pax. 134.**

En tódalas escrituras faise constar a existencia dunha ou mais **arcas** ou **huchas\***, especificando sempre a madeira empregada na súa construción circunstancia que, xunto co estado de conservación, determinaban o seu valor monetario. Poden faltar os leitos pero en ningúnhha casa constatamos a falta de arcas de madeira. Estes móbiles, tan polivalentes coma as artesas, satisfacían en primeiro lugar a necesidade de almacenar o gran preservándoo da humidade e dos roedores. Alí gardábase sempre o trigo, o centeo, o millo miudo e, en ocasións, a liñaza. No século XIX o millo almacenábase habitualmente nos hórreos, e debullábase na medida das necesidades do momento (13). Pero a arca servía tamén para gardar os máis

preciosos obxectos que a cativa facenda do labrego podía posuir: a roupa de garda, algunha colcha da cama, pezas de louza fina para os días da festa, as fogazas de pantrigo, unha manchea de azucré para un enfermo, os traxes da voda ...

Supoñían tamén as arcas pequenos ámbitos reservados alí donde a privacidade non era fácil de acadar: nas casas labregas todo estaba á vista. Cando ademáis se buscaba un lugar seguro para gardar os obxectos de máis valor como moedas de ouro ou prata reservadas para unha necesidade, as escrituras das propiedades ou mesmo o precioso cereal do que dependía a mesma existencia, daquela facíase imprescindible a **fechadura**. Encontramos referencias abondo deste feito tanto nas fontes literarias coma nas notariais.

Algúns dos moralistas que escribiron obras dirixidas ós labregos prestaron unha atención especial ás pechaduras. Así Ramón María García Abad alerta sobre os roubos no seo da propia familia - debía ser polo tanto unha práctica bastante frecuente- e expón que *Para impedir este delito y otros muchos hay que usar de una cosa que cuesta poco y vale mucho ¿Cuál será? Llaves, llaves, llaves, en las arcas del dinero y del centeno, llaves en todas las puertas y aún en las ventanas ... llaves, llaves y cerrarlas por ti mismo todas las noches y ponerlas debajo de la cabecera.* (14). Pola súa parte Marcial Valladares no seu *Diccionario*, na voz *bucha* inclúe este significativo refrán: *Na bucha aberta, o justo peca.*

Nas fontes notariais aparecen con profusión arcas e huchas; vexamos a modo de exemplo algunas referencias:

**Una arca vieja de castaño con pechadura y sin llave vacía.** AHPP. 1797.

**Una arca de pino con su fechadura y llave.** AHPP. 1797.  
**Una arca porte ocho ferrados de maiz, dentro de ella ropas de mujer y camisas de hombre, dos sirvilletas y dos sábanas. Otra arquita y en ella no se halló cosa de consideración.** DP. 1802.

**Una arca vieja y en ella como dos afusales de lino en paja.** AHPP. 1817.

**Una harca de madera de pino, porte de ocho hanegas.**  
DP. 1831.

**Una arca de castaño con su pechadura y llave en que se hallan depositados tres sábanas de lienzo, dos de estopa, unos manteles, una colcha, una almohada sin garnición, otra con ella, otra sábana de estopilla y unos manteles.** DP. 1844.

**Una arca de madera de cedro.** AHPP. 1873.

A arca ou hucha documéntase abondosamente nos referentes literarios confirmando a súa numerosa presencia nas fontes notariais. Habitualmente ubícase no sobrado, áinda que tamén se localiza a súa presencia na cociña e na adega.

**No sobrado, coma no cuarto, había camas, huchas grandes para gardar o centeo e o trigo, e más pequenas prá roupa ... AAQ. pax. 67. Antre a testeira da hucha grande do sobrado e a parede había un recanto ... AAQ. pax. 73. Comenzou pola hucha da aboa. Foi levantandoa roupa que tiña hastra verlle o fondo. AAQ. pax. 103. E Inés, tirando da súa hucha media libra de chocolate ... Maxina. pax. 76.**

**... tres arcones apolillados que contienen maíz sirven de asiento lo mismo que de adorno.** EOU. pax. 53.

De cando en cando xorde nos inventarios un móbel denominado **bufete**, especie de mesa máis ou menos grande habitualmente dotada de queixóns. Cando presentaban fechadura servían para gardar cousas de certo valor ou confidencialidade como documentos e papeis en xeral:

**... un bufete de cuatro pies bien tratado con un caxón con su llave ... AHPP. 1797. ... un bufete viejo con un cajón vacío ... AHP. 1797. ... un bufete viejo con un cajón y dentro de él papeles, y con pechadura ... DP. 1802.**

**... un bufete viejo con un cajón ... DP. 1831.**

En ningún dos inventarios se fai referencia ás **mesas** polo que cabe deducir que tal denominación é perfectamente asimilable coa de **bufete**; a este respecto velaquí o que nos refieren as referencias literarias:

**Foise logo ós caixóns da mesa. O que había nun deles xa case o sabía, pois xa o tiña gabexado un cento de veces. Pro o outro estaba decote pechado.** AAQ. pax. 103.

**... acendeu aquel e puxo este coa espabiladeira enriba dun bufete.** Maxina pax. 74.

Así como en tódolos inventarios consultados constatamos a presencia de alomenos unha ou duas arcas, o **leito** documentámolo tan só na mitade dos protocolos. Por outra parte é moi frecuente encontrar o leito fóra da área habitual de descanso -o sobrado- e aparece na cociña baixo a denominación de **camarriña**. Salvo excepcións, o número de camas é sempre sensiblemente inferior ó de habitantes teóricos das casas. Destes datos podemos extraer as seguintes consideracións: a) os leitos propriamente ditos estarían reservados ós petrucios ou ben ó matrimonio principal da casa, destinando os demais *mobles de dormir*, cando os houbese, ós demais membros da familia conforme a unha consabida gradación de idade e xerarquía; b) un mesmo leito podía ser compartido por dúas, tres ou máis persoas, sobre todo tratándose de rapaces; c) en moitos casos habilitárianse xergóns tendidos no chao a modo de durmideiros, ou mesmo un brazado de palla nas casas más humildes.

Os inventarios ofrécenos unha variada tipoloxía de leitos, desde a **cama** propriamente dita formada por unha superficie de madeira coa súa correspondente cabeceira e patas pasando pola **tarima** (un estrado ou queixón sen patas soerguido do chan), o simple xergón sen máis adobíos, e rematando no brazado de palla sobre o que o labrego pouaría os seus ósos cansados.

**Un lecho dormitorio en la cocina.** AHPP. 1796. **Un lecho de dormir con su sábana, manta y cavezal.** Otra cama o lecho en la cocina. DP. 1802. **Un leito o terima.** AHPP. 1817. **Un lecho dormitorio en el sobrado.** AHPP. 1817. **Una terima en el mismo sobrado, de poca consideración.** DP. 1831. **Dos jargones de estopa y tomentos de medio uso y rotificados.** DP. 1831. **Un lecho de dormir en la cozina.** DP. 1831. **Dos terimas de madera de castaño.** AHPP. 1873.

Os fogares labregos do século XIX mal illados da intemperie e abertos a toda cras de humidades e correntes de aire debían ser bastante inhóspitos e fríos. Neste sentido son particularmente reveladoras as palabras de Valenzuela Ozores que, se ben se refiren ás **chouzas** ou **cabanas**, vivendas que cons-

titúan o derradeiro eslabón da pobreza, poderían aplicarse en xeral ás casas labregas do XIX: ... pero fuerza es convenir en que existe un malestar en el seno de la sociedad gallega, que se revela más que en la cifra de indigentes en la oculta miseria de la población campesina, que no mendiga ni se queja, pero muere o emigra al continente americano ... Dentro de sus chozas, que inunda la lluvia o penetra el viento helado de la noche, la estación rigurosa multiplica las previsiones hasta un grado desconocido. Allí puede leerse la historia de la indigencia en sus más minuciosos detalles (15).

Pola noite o xargón de palla ou doutros materiais illantes preservaría ós durmientes da friaxe do chan, mentres que as mantas -escasas a tenor do que nos mostran os inventarios- e a calor humana que proporcionaba o contacto dos corpos, facían menos rigorosas aquelas vivendas húmidas e frías.

A **Roupa da cama**, fundamentalmente sabas, mantas e cabezais servían para preservar ós durmientes dos rigores do inverno; a posesión de máis roupa da estritamente necesaria, especialmente a denominada *roupa branca* era considerado como signo de desafogo económico.

Nos inventarios emparéllase sempre a peza mencionada á materia prima de que está elaborada, circunstancia que proporciona información complementaria de bastante interés. Citámolas a continuación:

**Sábanas** (de tomentos, de estopa, de estopilla, de lienzo), **mantas** (de burel, de lana de la tierra), **cabezales** (de estopa), **cobertores, almohada, fundas, una colcha de estopa**. Por veces citanse os servicios completos, o que nos dá cumplida información sobre a dotación habitual dun leito: **Un lecho de dormir con su sábana, manta y cabezal.** DP. 1802. **Dos lechos de dormir y en cada uno de ellos su manta de burel\***. AHPP. 1802. ... **ropa de dos camas, cada una con manta, sábana y un cabezal.** AHPP. 1873.

Encontramos dúas referencias a *una cama de ropa* e tres a *una mesa de manteles*. En ambos casos trátase da dotación completa dunha cama ou dunha mesa de comer, respectivamente. Habida conta que os invernos na zona obxecto deste

estudio poden acadar certo rigor nas temperaturas e, sobre todo, a rapidísima disipación do calor da casa unha vez apagado o lume, parece evidente que unha manta e unha saba, dotación habitual de cada cama, difícilmente poderían mitigar a friaxe das noites de xeadas o que confirmaría o testemuño de Valenzuela, corroborado así mesmo polos nosos autores de referencia: **Antes que despunte el día, el labrador salta de su lecho, que ocupa casi siempre un ángulo de la cocina y es en este caso un cajón de madera enclavado en la pared lo más cerca posible de la lumbre.** AOU. pax. 57. Un sueño tan profundo como el sopor de la fiebre ablanda la paja conglutinada del fermentido lecho y da consistencia y calórico a las casi transparentes frazadas. AOU. pax. 58.

Na casa había dúas camas, ademais da camariña. Ista abaixo, pé da lareira, como era o seu lugar, e as outras arriba, sendo bastante estreitas, pois a casa non era moi folgada ... AAQ. pax. 195. Á outra banda ... estaba a "camariña", unha especie de caixón con porta a todo o alto ... dentro, no piso, palla centea de abondo sobre a que se facía a cama. AAQ. pax. 67. A tía Xacoba remexeu pola huchas quitando as colchas de degarda para lle poñer ás camas ... AAQ. pax. 359.

**A verdá, como a casiña é pequena e non hai máis deste cuarto, por eso o meu Caitán fixo soilo a (cama) en que está a señorita. Sabaniñas, si, inda hai; palla fresca non faltará e ...** Maxina. pax. 77.

Encontramos nas escrituras, ademais, a seguinte roupa: **Manteles de cubrir mesa; servilletas;** varias **mesas de manteles.**

Os **manteis**, reservábanse para as solemnidades familiares e o resto do tempo permanecerían gardados na correspondente arca da roupa. As **servilletas** eran pezas de tea de aproximadamente 60X60 cm. e empregábanse para cubrir obxectos delicados, alimentos ou todo aquilo que se puidese lixar; tamén para ocultar á curiosidade da xente o que se transportaba nunha carabela ou nun cesto. Tanto manteis como servilletas, tamén *mesas de manteis* e *camas de roupa* formaban

parte, entre outras cousas, da **dote dunha moza casadeira**. Vexamos dous fragmentos de dote:

... de darle por una vez una vaca que se halla en la aira de la casa de color bermejo, más catorce ferrados de maíz. Una cama de ropa compuesta de jargón de estopa, sábena y un cabezal y un cobertor en buen estado, más dos sábanas de estopa y una de lienzo; un refaijo de baeta bueno y un mantelo de lana de casa... estos, la vaca, el maíz y la blancura se los entregarán al tiempo que se case. DP. 1861.

... un carro sin fierro, media cama de ropa a uso de labradores, una arca nueva porte 24 ferrados de maíz, un pote porte doce cuartillos, un lechoncito pequeño para criar, ocho ferrados de maíz, una mesa de manteles, cuatro servilletas AHPP. 1796.

Antes da misa era o benzoamento; para recibir o cal, as mulleres que as levaban, abrían as servilletas. AAQ. pax. 90. Cestas e carabelas coas servilletas que as cobrían medio volteadas para que se vise o que tiñan. AAQ. pax. 174.

Os protocolos consultados non fan referencia algúns ós **obxectos de adorno** e as referencias literarias que empregamos móstranse tamén moi reservados neste eido. As **estampas** de santuarios e romaría asumían unha triple función; acreditaban a visita a un determinado santuario, servían ós letrados da casa para leren en comunidade as oracións que incluíán e por último podían adornar paredes ou portas de armarios. Existían outro tipo de estampas, estas de carácter profano, que se colocaban en distintos lugares.

Así tiña o local por dentro todo gornido de estampas, algunas de santos, outras quitadas de calquera revista que lle caíra nas mans; etiquetas de botellas, grabados recortados dos periódicos ou das caixas de mistos ... AAQ. pax. 103. ... no cuarto había ademais un almario de pino no que estaban apegadas tódalas estampas de tódolos santuarios a que tivera ido a xente da casa ... AAQ. pax. 67.

Outro obxecto de índole relixiosa que localizamos nun dos protocolos é a **cruz**, símbolo que xeralmente preside a coc-

ña. Igualmente aparecen nas fontes literarias **ramos bieitos, rescritos, rosarios, escapularios...** obxectos que nos falan dunha relixiosidade elemental e popular, moi sensible todavía ós ritos e signos externos.

**Un corzafijo con su cruz, valor 8 rs.** DP. 1831.

**Na mesma parede, tras da garmalleira, a crus, unha crus de pau, pouco menos que de tamaño natural, cuberta de feluxe amontoada polos moitos fumes que alí levaba sofrido.** AAQ. pax. 66

**Una cama de caballetes ocupa un ángulo y encima de ella protegido por unas cortinillas verdes se desangra un crucifijo ahumado.** AOU. pax. 53.

## OS LIBROS

Fronte ó absoluto silencio das fontes notariais encontramos no libro de García Barros *Aventuras de Alberte Quiñoi* unha extraordinaria riqueza de referencias ós libros e á lectura. O home que mostraba unha avidez tan grande pola lectura non podía menos que gardar na súa memoria todos aqueles libros e impresos que na súa xuventude tivera ocasión de ler ou vira na casa paterna - moitos deles herdados de xeracións anteriores- e que nos transmite con absoluta fidelidade. Así mesmo encontramos no relato posibilidades excepcionais para estudiar de preto o complexo mundo das mentalidades con respecto ós libros no mundo rural do século XIX, un mundo no que a lectura constituía unha actividade certamente marxinal e moi restrinxida.

Entre as circunstancias que limitaban o acceso ós libros encontramos en primeiro lugar o **nivel de alfabetización** dos labregos; neste sentido Valenzuela Ozores dinos que no 1860 no partido xudicial de Taboires sabían ler o 18% dos homes e o 3'3 % das mulleres (16). Observamos que o analfabetismo, especialmente o feminino acada extremos singulares, circunstancia por outra parte constatable nos documentos da época donde a firma da muller é prácticamente inexistente, salvándose a circunstancia coa consabida fórmula *y por ella no saber lo hace uno de los testigos a ruego de la sobredicha*. Así mesmo encontramos

referencias indirectas ó analfabetismo feminino nas fontes literarias: *Pro que ben escribe para muller!* (Maxina. pax.135) afirma asombrado o Bieito despois de ler a carta da rapaza.

Con estas cifras parece evidente que o acceso á lectura encontraba no analfabetismo unha barreira case infranqueable. Sen embargo cómpre dicir que como en todo modelo lector antigo moitas persoas exercían esta actividades de modo indirecto a través dos ollos e a voz do mestre na escola, do cura na igrexa, dos cegos nas feiras, das comparsas no entroido ou das persoas letradas que existíse nas familias; como podemos comprobar, o exercicio da lectura comportaba unha forte dose de oralidade e non esixía necesariamente a pertenencia ó restrinxido mundo dos alfabetizados:

**Con frecuencia, en ocasión de atoparse a carón do lume, namentres as mulleres fiaban e os rapaces esfolaban as castañas, o patronciño que sabía ler collía na lacea o pronóstico, sentábase nun tallo ... impoñía silencio ós rapaces e escomenzaba a ler os santos de cada día ... AAQ. pax. 58.**

Podía accederse tamén ós libros e impresos ilustrados, a nivel exclusivamente icónico, folleando e mirando as súas ilustracóns, dun modo similar ó que hoxendía fan os meniños:

**Se lles cadraba, collían uns libros que estaban esquecidos, metidos sobre unha viga ou sobre a táboa do alzadeiro do cuarto e sentábanse nos piares da ventán para verles os santos". AAQ. pax. 72**

O **precio** dos libros e impresos tampouco resultaba un obstáculo insalvable para a práctica da lectura cando se trata de libriños baratos de temas populares, coplas de cegos ou calendarios con información agrícola e predicción do tempo, isto é, a literatura de consumo máis frecuente nos labregos galegos do dezanove. Moitos libros pertencían á casa como a artesa ou o pote, víñanse lendo de xeración en xeración e tampouco precisaban sustituirse por outros pois colmaban abondo as necesidades dos seus lectores. Moitos libros e impresos prestábanse a familiares e amigos, de modo que circulaban poucos libros pero estes eran sometidos á lectura intensiva da

que fala Engelsing (17). Por último habería que ter en conta a influencia dalgunhas bibliotecas particulares que prestarían libros a certos aldeáns especialmente interesados. Velaquí algúns fragmentos que nos ilustran en todo o anterior:

**Emporiso na aldea había libros. En cada parroquia había unha ou dúas casas de señores que, se cadra, tiñan boas librerías.** AAQ. Pax. 59.

A este respecto parece seguro que García Barros tivo acceso á biblioteca do seu veciño Marcial Valladares (18)

**... e cando podían compraban tamén algún libriño de Calleja que un vello mestre vendía a real polas feiras ...** AAQ. pax. 303. **O que cantaban era a copra de Farruco, o preiteante galego, e tanto lle gustou que daquela, si que non resisteu a mercala. Costaba un carto ...** AAQ. pax .140. O propio García Barros declara que estas coplas xunto co libro *Non máis emigración* foran as únicas obras en galego lidas na súa xuventude (19).

No tocante á **accesibilidade e distribución** dos libros e impresos (20) tivemos xa ocasión de comprobar que se ben na zona rural existía unha dificultade evidente para conseguir libros (menos quizais para acceder ás coplas e romances, a xeralmente coñecida como *literatura de cordel*, que encontraba nas feiras o seu medio óptimo de difusión), esta non era en absoluto insalvable. O préstamo intra e extrafamiliar, a compra nas feiras ou incluso a quincalleiros ambulantes supuñan formas efectivas de distribución, pero non eran as únicas. Era frecuente que os emigrantes trouxesen ó seu regreso algúns dos libros más populares aló de donde viñan, libros que inmediatamente se incorporaban ó patrimonio común da casa. **Algún que chegaba das Américas traguía, se cadraba, a hestoria de "Bertoldo" ou algún almanaque vello con chistes.** AAQ. pax. 58. **... saber noticias da Guerra de Melilla por algún número da "Gaceta de Galicia" que traguía de Santiago algunha vez o panadeiro ...** AAQ. pax. 132. **Cando iba á vila tiña a costumbre de comprar "O Imparcial" ...** AAQ. pax.279. **As compras de "Margarita Cachuela", que troxera seu pai da feira, léraas hastra sabela case de mamoria.** AAQ. pax.68. **Sobre un taboleiro ... andaban ... as últimas**

**copras que cantaran os cegos polas feiras ... AAQ.** Pax. 133. **O Mingos trouxera algúns (libros) da Habana, antre illes un atlas de Xeografía.** AAQ. pax. 303.

Na **escola** entrábase en contacto con certo tipo de libros, fundamentalmente os silabarios e os de iniciación á lectura. As *Cartillas co Cristus* citadas adoito no libro de García Barros e que deron título a algunha obra do rexurdimento galego, contiñan o abecedario precedido dunha cruz, de xeito que o alumno recitaba a lección deste modo: *Cristus, a, be, ce, de ...* acompañando cada letra co seu dedo índice. O *Juanito* e a *Cartilla da Doutrina* completaban a exigua biblioteca donde os escolares decimonónicos se introducían no mundo das letras. Nesta penuria bibliográfica cobran especial relevancia os papeis dos *procesos*, documentos manuscritos conservados polas familias que servían de exemplario para leren os escolares ... e tamén para trazar as súas primeiras letras a pluma como tivemos ocasión de comprobar nalgúns destes protocolos. A familia cobraba en ocasións o papel de continuadora da escola, práctica que era incluso estimulada por autores, xeralmente relixiosos, que escribían libros adicados ós campesiños. Así encontramos nun deles *Para que los padres cumplan mejor y más fácilmente la obligación de instruir y educar a sus hijos, es de grande importancia que les enseñen a leer, escribir y contar, especialmente a leer ... deben enseñar a leer no sólo a sus hijos sino también a sus hijas* (21).

Vexamos algunas testemuñas do anteriormente expresado, comenzando polas *partillas* e *procesos* como os denomina García Barros:

**E Bieito, baixando do sobrado un mazo que alí tiña de follatos\*, meteu nel o papeliño feito polo señorito de Rebordán.** Maxina. pax. 129.

**Foise logo ós queixóns da mesa. O que había nun deles xa case o sabía ... pro o outro estaba decote pechado ... Meteu a chave e abreu. Había papeles enrolados escrebidos a pruma, que calquera lía.** AAQ. paxs. 103,104

... papeis que se gardaban con coidado e ós que se lles profesaba certo respecto reverencial que se extendía tamén ós libros:

**Donde hai cartas, calan barbas; o que se escribe lese;  
... un papeliño sempre é bo señorito.** Maxina. Pax. 118.

**Il non tivera ocasión de comprobar iso, pro deciao o libro e abondaba.** AAQ. pax. 185. **No cartafol levaban tódolos avíos da escola: o silabario co "Cristus" ben destacado, o Catón de San Casiano ... a cartilla do P. Astete ... e algunha partida vella da casa ...** AAQ: pax. 126. **Para aprender a letra de pruma levaban "procesos", que así lle chamaban a calquer documento vello que houbera pola casa, xeralmente partillas.** AAQ. pax. 126. **Lourenzo acostumaba a tomarlle a leución cando estaba na casa, a leución da cartilla que era do que máis entendía.** AAQ. pax. 129.

Desde o punto de vista da ortodoxia católica os libros clasificábanse en *libros bos*, aqueles que contaban co correspondente *placet* eclesiástico e o *imprimatur*; *libros malos*, os que carecían de tales requisitos e por último os *libros prohibidos*, incluidos no *Índice de libros prohibidos* que se conservou vixente ata ben entrado o século XX. Neste aspecto os cregos mantiveron unha actitude de permanente vixilancia que exercían desde o altar, o púlpito e o confesonario. Tiñan facultade para negaren a absolución a aqueles fregueses que amostrasen algún tipo de desviación grave da doutrina (non pagar a contribución decimal ou ler libros prohibidos, por exemplo), e incluso para revisar os testamentos a fin de comprobar a corrección da **parte pía**, na que, entre outras cousas, se especificaba o número de sacerdotes que habían acudir ós funerais, (Ver **Apéndice II**)

Esta insistencia da Igrexa amostra ben ás claras que, no tocante á lectura, houbo persoas de espírito abierto, librepensadores ou simplemente mentes curiosos que buscaban resposta ás súas inquedanzas intelectuais fóra do restrinxido marco dos libros canónicos.

Deste xeito argumenta o autor de *El tesoro de los labradores* sobre os libros "bos" e "malos":

*Labrador: ¿Y qué deberé decirles a los que cuando les exhorto a leer libros buenos me dicen: que los libros tienen cuenta de lo que les ponen ... ?*

*Sacerdote: ... los verdaderos sabios creen todo cuanto dicen los libros buenos y aprobados por la autoridad infalible de la Iglesia ... Los únicos que se burlan de estas cosas son los sabidíos o sabios a medias que sólo saben lo malo que han aprendido en cuatro libros impíos e inmorales... (22)*

(A avoa) **Decía que mellor sería aproveitalo (o tempo) lendo un libro "bo"** AAQ. pax. 265. **Cando iba á vila tiña a costumbre de comprar o "Imparcial", e algunha ves "As Dominicales", dende que unha ves lera o cura adevertindo que era cousa prohibida.** AAQ. pax. 279. ... o cura quería facer uso do dereito que tiña de ver a copea do testamento a ver si se comprían os "items" correspondentes á chamada "parte pía", e había que levarlo. AAQ. pax. 269.

As actitudes heterodoxas eran sen embargo frecuentes, ben sexa de pensamento, palabra ou lectura. Así o propio García Barros confesa ter lido a obra de Volney, ilustrado francés de espíritu liberal cuia obra íntegra estaba incluída no Índice. Por outra parte un dos persoaxes da novela manifesta coñecer tamén a obra do escritor francés, circunstancia que nos fai pensar no aprecio que García Barros lle profesaba:

**Xa o dixo Volney, fai moitos anos, que "saber dudar é o principio da sabiduría"** AAQ. pax. 211. E deste xeito se expresaba o Tío Pesqueiras: **De calquera xeito, como dicía un libro xa ben esfollado que me veu ás mans xa fai tempo: "saber dudar é o principio da sabeduria"**

- **Sería un libro prohibido- repuxo a da Chousa.**
- **Os libros que chaman prohibidos tamén hai que lelos ...** AAQ. pax. 281

Os labregos estradenses do século XIX buscaban na lectura fundamentalmente información, divertimento, predicción do tempo e tamén satisfacción das súas necesidades relixiosas, o que habitualmente chamamos devoción. Deste modo os contos e novelas populares, as coplas, certos diarios, calenda-

rios, pronósticos e libros de devoción colmaban abondo tódalas súas necesidades.

García Barros describenos no seu libro un modelo-tipo de lector (ou de lectura se se prefire): o *modelo de transición*, é dicir aquel que conserva certas características do antigo ou tradicional, pero que adianta rasgos do que era xa nos ambientes urbanos o *modelo lector moderno*.

O *modelo antigo* básease fundamentalmente na oralidade; cando a tradición oral se alía coa alfabetización e a distribución de libros e impresos, aparecen os libros de chistes, as parodias e críticas políticas, as popularísimas coplas, os calendarios, pronósticos e demais *obras* de consumo popular. Pero simultaneamente -observámolo con craridade nas *Aventuras*- xorden, aquí e alá indicios de modernidade como a contestación en certos sectores ás normas prohibitivas da Igrexa, a extensión da lectura como exercicio individual, certos elementos de crítica política asociada á lectura de periódicos liberais e unha incipiente presencia da prensa diaria no ámbito rural (23).

---

Incluimos de seguido a relación comentada dos libros e impresos citados na obra de García Barros *Aventuras de Alberte Quiñoi*.

"... a bestoria de Bertoldo ... " pax. 58.

- **Historia de la vida, hechos y astucias sutilísimas del rústico Bertoldo, la de Bertoldino su hijo y la de Cacaseno su nieto: obra de gran diversión y de suma moralidad, donde hallará el sabio mucho que admirar y el ignorante infinito que aprender, repartida en tres tratados** Giulio Cesare Croce (1550-1620)

Existe unha versión traducida do italiano por Juan Bartholomé, da que cremos saíu a edición americana que se cita. Editado por Manuel Sauri, Barcelona 1873.

"...aparecía tamén o **Lunario perpetuo** ... Pro o libro de mais prestixio era, sin disputa o **pronóstico**, fose o **Zaragozano** ou o **Pertugués** " pax. 58.

- Lunario y pronóstico perpetuo general y particular, compuesto por Gerónimo Cortés. Ahora de nuevo corregido. Contiene una cronología de Varias noticias de cosas sucedidas desde la muerte de Cristo hasta el presente, con una breve y sucinta relación de los principales sucesos de la revolución española
- Pronóstico verdadero: relación nueva de lo que ha de suceder en el presente año y el pronóstico venidero ... Imprenta de D. José Marés. Madrid 1850.

"... ou algún almanaque vello con chistes ..." Pax. 58.

- Almanaque de los chistes para 1867 compuesto y arreglado por F. de P. Hidalgo. La Publicidad, Cádiz 1866.
- Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono" Soto Freire, Ed. Lugo 1866.
- Calendario Zaragozano. Pronóstico moi popular nos ambientes rurais galegos. Publicouse por primeira vez no ano 1856.

Nos almanaques e pronósticos reflexábase a cultura do pobo. Neste sentido afirma Burke que estes libros ... *cambeaban moi pouco de ano en ano e incluso de século en século, ofrecendo os mesmos consellos astrolóxicos, médicos, agrícolas ou similar instrucción relixiosa.* (24). Pola súa parte Thompson incide na mesma cuestión ... *As tradicións populares perpetúanse en gran parte por medio da transmisión oral, co seu repertorio de anécdotas e de exemplos narrativos; donde a tradición oral se ve complementada polo crecente conhecemento das letras, os productos impresos de maior circulación como os libriños de coplas, almanaques, follas soltas ... tenden a someterse ás expectativas da cultura oral en lugar de desafiala ...* (25).

*"Se lles cadraba, collían uns libros que estaban esquecidos, metidos sobre unha viga ... Estes libros eran Áncora de Salvación, Camino recto y seguro para llegar al cielo e Jardín florido del alma".* Pax. 316.

- **Áncora de salvación o devocionario.** José Mach, (M. SS. CC). Consultamos un exemplar da duodécima edición, corregida e aumentada. Sl. 1900.
- **El compañero del cristiano: camino seguro para reinar con Cristo.** Obra póstuma del Ex -sacristán de Fruime, Diego Cernadas de Castro. Imprenta J. M. Paredes. Santiago 1874.
- **Jardín florido del alma cultivado del christiano con el ejercicio del Santo Rosario, del Vía Crucis y otras muchas devociones ...** José de Carabantes, religioso Capuchino. Imprenta de D. Manuel Martín, Madrid 1764. (Agradecemos a Mónica Seijas esta referencia bibliográfica)

*"No cartafol levaban tódolos avíos da escola: o silabario ... o Catón de San Casiano ... a cartilla do P. Astete con adicións dun tal Mendes de Luarca ..."*

- **Silabario español corregido: aprobado por la Real Junta Superior de Inspección de Escuelas del Reino, y mandado usar en ellas por orden de S.M.** Imprenta de Juan Rey Romero. Santiago 1849.
- **Nuevo silabario de San Antonio para uso de los niños.** Ed. Celta, Lugo, sd.
- **Catón de San Casiano. Santiago, 1894.**
- **Catecismo de la doctrina cristiana. Escrito por el P. Gaspar Astete y añadido para su mayor declaración con varias preguntas ... por el Licenciado D. Gabriel Méndez de Luarca.** Santiago 1920 (a edición que consultamos).

Poida que sexa este o libro máis universalmente coñecido na Galicia do século XIX, imprimiuense por primeira vez en 1559 e acadou máis de 600 edicións. Gabriel Mateo de Luarca y Queipo de Llano (1742-1812) é o autor das primeiras adicións ó Catecismo de Astete.

*"Xa o dixo Volney, fai moitos anos, que saber dudar é o principio da sabiduría"* pax. 211.

Constantin François Chasseboeuf, conde de Volney (1757-1820) é autor, entre outros dun libro que acadou grandísimo

éxito entre os ilustrados e liberais españoles que o llían a pesares de estar incluído no Índice. Trátase de

- **Meditación sobre las revoluciones de los Imperios, seguida de la Ley Natural.** Existe unha traducción ó español de donde pode estar sacado o pensamento citado por García Barros. Trátase da edición de 1854 saída da imprenta de don Constantino Armesto en Madrid, 1854. A ela pertence este fragmento:

*- ¡ Oh genio sagacísimo! Te ruego que perdone mi debilidad: sin duda tu lengua no puede proferir sino la verdad pura; mas tu celestial inteligencia comprende claramente y en toda su fuerza todo lo que mis groseros sentidos no ven sino con oscuridad. Lo confieso: la convicción no ha penetrado en mi alma y he temido que mis dudas podrían ofenderte.*

*- ¡ Y que tiene la duda, respondió, que pueda hacerla criminal! ... creer sin evidencia, sin demostración, es un acto de ignorancia ... Pax. 34.*

*"Cando iba á vila tiña a costumbre de comprar o Imparcial, e algunha ves As Dominicanas, dendeis que unha ves lera o cura adevertindo que era cousa prohibida." Pax. 279.*

De novo atopamos unha actitude craramente contestataria con respecto ás lecturas prohibidas pola autoridade eclesiástica. Baixo o título xenérico de *As Dominicanas* pensamos que se encontra a colección de 6 opúsculos publicados co título

- **Conferencias dominicales sobre la educación de la mujer.** Rivadeneyra, Madrid 1869.

Un simple repaso a algúns dos títulos (*Educación conyugal de la mujer*, *Influencia de la mujer en la sociedad* ou *La misión de la mujer en la sociedad*) explícaríanos a actitude belixerante do sacerdote contra este libro publicado no fervor liberal da "Gloriosa" e entre cuios autores se encontra Francisco Pi i Margal, que co tempo sería presidente da Primeira República. Estas actitudes críticas contra o poder establecido -ben sexa político ou relixioso- áinda que mornas-refrexarían non só o pensamento do autor senón tamén a mentalidade liberal que impregnaba certos sectores campesi-

ños e que se manifestaría explícitamente nos episodios revolucionarios do XIX e nos movementos agraristas que tiveron como escenario as terras de A Estrada. Sen embargo o interdicto ás Dominicanas debeu ser exclusivamente verbal, xa que dita obra non se encontra incluida no *Index Librorum Prohibitorum*.

A literatura popular ten unha presencia continua ó longo da obra de García Barros. Por exemplo as coplas que os cegos cantaban nas feiras vendíanse a un precio moi asequible para seren despois lidas e relidas nas aldeas. Lembremos, por citar só dous exemplos:

- **O crime das dúas pesetas.** Pax. 179.
- **En el Puente de Alcolea.** Pax. 168, donde se celebra a victoria de Serrano sobre o isabelino Marqués de Novaliches o 27 de setembro de 1868. (26).

"*O Quiñolas fixera unha cometa. Unha cometa grande prá que lle servira de modelo a que tiña nun grabado do Juanito*" pax. 259.

- **Juanito: Obra elemental de educación para los niños y para el pueblo. Designado como libro de texto para las escuelas y colegios del reino.** L.A. Parravicini. Traducción del italiano de Mariano Torrente. Imprenta de A. Mateis. Madrid 1849.

"*Cando iba á vila tiña a costume de comprar o Imparcial...*" pax. 279.

- **El Imparcial.** Diario editado en Madrid (Gasset y Artíme 1866-1933), de talante liberal moderado.

"*Ou saber noticias da Guerra de Melilla por algún número da Gaceta de Galicia ...*" pax. 132.

- **Gaceta de Galicia.** Diario de Santiago de línea liberal-católica no que colaborou Alfredo Vicenti. Publicouse entre 1879 e 1918.

"... e cando podían compraban tamén algún libriño de **Calleja** que un vello mestre vendía a real polas feiras ..." pax. 303.

Saturnino Calleja publicou desde a súa casa editorial de Madrid multitude de libriños de contido pedagóxico-recreativo que tiveron unha gran aceptación debido ó seu precio e á asequibilidade dos seus contidos.

"-Home, si, anque xa léra no **Rueda** algo desto." Pax. 222.

Sen dúbida se refire o Quiñolas ó daquela moi coñecido libro de Ricardo Díaz Rueda

- **La escuela de instrucción primaria o colección de todas las materias que comprende la Primera Enseñanza conforme al plan vigente ...** Cuesta y Cia. Valladolid 1850.

Temos noticia doutros libros que leu o noso autor Manuel García Barros na súa xuventude, moitos deles chegados a Galicia a través de emigrados americanos:

- **Los misterios de la Inquisición** (27).

Novelas de Javier Aymón de Montépin. A Máis popular delas foi

- **El marido de Juana (El ahorcado)**. Posiblemente se tratase da versión española da Tipografía Franco-Española, Madrid 1890. (28).
- **Non mais emigración. Apropósito lírico-dramático en 2 actos e 7 cuadros**. De Ramón Armada Teixeiro "Chumín de Céltigos", e música de Felisindo Rego. A Habana 1886. (29).
- **O pleiteante galego. Relación que un litigante chamado Farruco fai ó cura da súa Parroquia do que lle sucedeu no Tribunal da Cruña o ano de mil oitocentos trinta e sete**. Gómez, Ferrol. (30 )

## APÉNDICE I

**Artesa.** Especie de cajón que sirve para amasar el pan.

**Bufete.** Mesa destinada a comer, estudiar, escribir etc.

**Buriel.** Burel, paño pardo.

**Hucha.** Arca de los labradores. Alcancía.

**Follatos.** Libros viejos sin empastar; papeles de poca o ninguna importancia.

**Limeta.** Botella.

**Pichel.** Vaso de estaño con tapa y más ancho del suelo que de la boca.

**Picheta.** Especie de pichel del que se distingue en tener la garganta mucho más estrecha en la parte inferior.

**Pote.** Especie de vaso alto de hierro, con tres pies, asas y aro, para colgarle y moverle de un sitio a otro.

**Sella.** Balde. Especie de olla o cántara de madera, para el agua.

**Sobrado.** Habitación, aposento o cuarto en las casas de los más modestos labradores junto a la cocina y sobre la cuadra del ganado.

## APÉNDICE II

Fragmento da *parte pía* dun testamento outorgado perante Bonifacio Antonio Paseiro, Escribano. Callobre 1817. AHPP.

...hallándome a pie con achaques habituales dimanados de la crecida edad con que me hallo, pero en mi sano y cabal juicio y entendimiento natural y creyendo como firmemente creo en los Divinos Misterios de la Santísima Trinidad ... y recelándome de la muerte, que es cosa común y natural a toda creatura viviente, a fin de que mis cosas queden bien dispuestas y ordenadas a la voluntad santísima de Dios, bien de mi alma y descanso de mi conciencia, hago y ordeno este dicho mi testamento ... primeramente mando y encomiendo mi alma a Dios Nuestro Señor que la compró y redimió ... a la siempre Virgen María Madre de Dios y Señora Nuestra, al Santísimo Ángel de la Guarda, el de mi nombre ...

...el cuerpo mando a la tierra de que ha sido formado, el cual, hecho cadáver, sea amortajado en hábito de sayal del precio de cuarenta y cuatro reales ... que a mi entierro y actos funerales de séptimo día y como de año me llamen y convoquen ocho señores sacerdotes, incluso el señor Cura ... y además ... mando se me digan por una sola vez cien misas rezadas ...

## NOTAS E BIBLIOGRAFÍA.

- 1- GARCÍA BARROS, MANUEL, Ken Keirades, Aventuras de Alberte Quiñoi. Primeira Edición. Vigo 1972. Tamén do mesmo autor, As Aventuras de Alberte Quiñoi, Edición, introducción e notas de Carlos Loureiro e Xesús Oreiro, A Coruña 1990. A notación das citas vén dada por esta última edición.
- 2- VALLADARES NÚÑEZ, MARCIAL, Maxina, Edición de Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca Roig-Rechou. Vigo 1991.
- 3- VALLADARES NÚÑEZ, MARCIAL, Diccionario Gallego-Castellano, Santiago de Compostela 1884.
- 4- Maxina, nota crítica, paxs. 15-16.
- 5- VICENTI, ALFREDO, A las orillas del Ulla (Perfiles gallegos) en "Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional" Edición, estudios preliminares y notas de José Antonio Durán, pags. 9-123. Madrid 1984.
- 6- Aldeas, aldeanos y labriegos ... Paxs. 15-17.
- 7- Agradecemos ás familias Fernández Baltar e Caramés Baltar a súa amabilidade permitíndonos consultar os respectivos arquivos familiares.
- 8- SAAVEDRA, PEGERTO, La vida cotidiana en la periferia de la civilización, en Ayer nº 19, 1995, "La historia de la vida cotidiana", paxs. 101-133, Madrid 1995.
- 9- SAAVEDRA, PEGERTO, Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860 en "Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia", Bermejo Barrera, J.C. (Coordinador), Santiago de Compostela 1988.
- 10- ROZADOS FERNÁNDEZ, M. A. Campo y ciudad: niveles materiales y mentalidades del siglo XVII a través de los inventarios post mortem. Tesis de Licenciatura. USC. Santiago de Compostela 1986. Tamén da mesma autora, El marco material de la vida familiar en la Galicia del Antiguo Régimen, en "Parentesco, Familia y Matrimonio en la Historia de Galicia", Bermejo Barrera (Coordinador), Santiago de Compostela 1988. A vida cotiá familiar deica os inicios da Idade Contemporánea estudiouna DUBERT, I.

Historia de la familia en Galicia durante la Época Moderna, 1550-1830. A Coruña, 1992, de lectura moi recomendable.

- 11- PERROT, M. Escenas y lugares en "Historia de la vida privada", Vol. VIII. Ariès P. e Duby, G. directores. París 1987. Sobre vida cotiá en Galicia pódese tamén consultar BRAVO CORES, DANIEL, "La vida cotidiana en los pueblos del Barbanza en los SS. XVI, XVII y XVIII" en Brigantium nº 8, paxs 141-149. A mellor aportación ó estudio da historia rural, que coincide ademais coa área obxecto deste traballo, segue sendo REY CASTELAO, OFELIA, Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (Siglos XVII y XVIII) USC. Santiago de Compostela 1981.
- 12- GIL DE BERNABÉ, XOSÉ MANUEL, O liño. Vigo 1992. Pax. 85.
- 13- ROZADOS FERNÁNDEZ, M. A. Campo y ciudad ...
- 14- GARCÍA ABAD, RAMÓN MARÍA, El tesoro de los labradores. O sea avisos muy útiles a los mismos para lograr abundantes cosechas y una vida larga y dichosa. Es muy útil también a los artesanos y a cuantos desean ser verdaderamente felices. Soto Freire Editor, Lugo 1865.
- 15- VALENZUELA OZORES, ANTONIO, Memoria estadística sobre la Provincia de Pontevedra y Censo de 1860. Imprenta de José Vilas. Pontevedra 1862. Paxs. 62-63. Comisión ... para estudiar la crisis por la que atraviesa la agricultura y la ganadería. Tomo 16- VALENZUELA OZORES, A. Memoria estadística ... pax. 44. Sobre un aspecto tan importante como a alimentación dos labregos galegos do XIX ver, La crisis agrícola y pecuaria. Tomo II. Madrid, Tip. Rivadeneyra, 1887. Interesan especialmente as respuestas 21 e 22.
- 17- DARNTON, ROBERT, Historia de la lectura en "Formas de hacer historia" Burke, Peter (Ed). Versión española de Gil Aristu, J. L. Madrid 1993. Paxs. 177-208.
- 18- GARRIDO COUCEIRO, XOÁN CARLOS, Manuel García Barros, loitando sempre. Vigo 1995. Pax. 33.
- 19- GARRIDO COUCEIRO, X. C. Manuel García Barros ... paxs. 32-33.
- 20- BURKE, PETER, La cultura popular en la Europa moderna. Edición española, Madrid 1991. Pax. 354.

- 21- GARCÍA ABAD, R. M. El tesoro de los labradores. Pax. 227.
- 22- GARCÍA ABAD, El tesoro ... paxs. 213-214.
- 23- THOMPSON, E. P. Costumbres en común. Ed. Española, Barcelona 1995. Tamén particularmente interesantes sobre estes aspectos da lectura as obras citadas de Burke e Darnton.
- 24- BURKE, P. La cultura popular ... pax. 359.
- 25 THOMPSON, E. P. Costumbres ... pax. 21.
- 26- Sobre literatura popular, e concretamente a denominada literatura de cordel, ver CARO BAROJA, JULIO, *Ensayo sobre la literatura de cordel*, Madrid 1969; BOTREL, JEAN-FRANÇOIS, *Libros, prensa y lectura en la España del S. XIX*. Trad. De David Torra. Madrid 1993; Tamén de BOTREL, *La Iglesia católica y los medios de comunicación impresos en España 1847-1917*, Madrid 1982 e igualmente BOTREL, *La diffusion du livre en Espagne, 1864-1914*. Madrid 1988. Así mesmo MARCO, JOAQUÍN, *Literatura popular en España en los SS. XVIII y XIX*, Vols. I e II. Madrid 1977 e HEBEL, JOHANN PETER, *Cofrecillo de joyas*, Trad. De Antón Dieterich. Barcelona 1998. Sobre libros e lecturas nos séculos XVII, XVIII e principios do XIX na cidade de Santiago de compostela vid. BARREIRO MALLÓN, BAUDILIO, *Las clases urbanas de Santiago en el S. XVIII: definición de un estilo de vida y de pensamiento*; REY CASTELAO, OFELIA, *El clero urbano compostelano a fines del siglo XVII: mentalidades y hábitos culturales*, ambos traballos incluidos en "La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos" traballo realizado no Departamento de Historia Moderna da USC. coa coordinación de Antonio Eiras Roel. Santiago de Compostela 1981. Tamén de REY CASTELAO, "Las bibliotecas institucionales en la Galicia de fines del Antiguo Régimen" en *Antiguo Régimen y Liberalismo*, 3, Madrid 1995 e o capítulo "Libros, bibliotecas e lecturas" en A Galicia Clásica e Barroca, Vigo 1998.
- 27- GARRIDO COUCEIRO, Manuel García Barros, pax. 32.
- 28- Idem pax. 32.
- 29- Idem pax. 33.
- 30- Idem pax. 33.

## Capítulo 8º

— 88 —

“... para aprender a letra de pluma levaban *procesos*, que así lle chamaban a calquera documento vello que houbese pola casa, xeneralmente partillas...” *Aventuras de Alberto Quiñóo*.



As romarias celebradas en santuarios famosos, coma este de Nosa Señora do Amparo, en Berres, A Estrada, eran lugares donde se combinaba o festivo e relixioso.



## EL GLORIOSO S. ELEUTERIO, que se venera en San Esteban de Lagartones (Estrada).

El Emmo. Sr. Cardenal Arzobispo de Santiago, D. Miguel Payá y Rico, concedió 100 días de indulgencia á todos los que rezaren un *Padre nuestro* y *Ave María* delante de esta Imagen.

Santiago, 1906: Imp. del Seminario.

As estampiñas que se traían a modo de testemuño da visita a un santuario gardábanse no medio dalgún libro de devoción ou pegábanse nas paredes. Contiñan inxenuos grabados populares de santos, coma este de San Eleuterio de Lagartóns, A Estrada.

# CATECISMO DE LA DOCTRINA CRISTIANA

ESCRITO POR EL

P. GASPAR ASTETE

y añadido para su mayor declaración con  
varias preguntas y respuestas que se hallan  
entre estas señales\*\*

POR EL LIC.

D. GABRIEL MENENDEZ DE LUARCA

Colegial que fué en el insigne de San Pelayo de la  
Universidad de Salamanca, Catedrático de Filosofía  
y Teología en ella, y después Canónigo Penitenciario  
de la Santa Iglesia Catedral de Segovia.

En la presente edición, autorizada por el  
EMMO. SR. CARDENAL MARTIN DE HERRERA  
ARZOBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
se ha modificado lo relativo al cuarto precepto de la  
Iglesia, conforme a las disposiciones del Derecho  
Canónico.

SANTIAGO  
T.P. DE EL ECO FRANCISCANO  
1920

O Catecismo ou *Cartilla* de Gaspar Astete, poida que un dos libros más coñecidos na Galicia de s. XIX.

# VERDADES ETERNAS,

EXPLICADAS EN LECCIONES,  
ordenadas principalmente para los días de  
los Exercicios Espirituales.

POR EL PADRE CARLOS GREGORIO  
*Rosignoli, de la Compañía de Jesús.*

TOMO PRIMERÓ, Y SEGUNDO.

TRADUCIDAS D E L TOSCANO  
Por un Religioso de la misma Compañía  
de Jesús;

QUIEN LAS DEDICA A LA GRAN MAESTRA  
de la Celestial Sabiduría María Santísima,  
Señora nuestra.

VAN AÑADIDAS EN ESTA IMPRESSION  
las breves Meditaciones sobre los Novísimos, re-  
partidas por los días del mes : con la Regla para  
vivir bien en todo tiempo , escritas por el Padre  
Juan Pedro Pinamonte , de dicha  
Compañía.

---

CON LICENCIA : En Madrid : En la Imprenta  
de Joachín Ibarra , calle de las Urofas.  
Año 1758.

En tódalas casas existía alomenos un devocionario no que o *petrucio* efectuaba lecturas colectivas á familia; en ocasións prestábase entre os veciños para atender necesidades especiais como a recomendación da alma dun moribundo. Moito deles (*Imitación de Cristo, Verdades Eternas, Áncora de Salvación ou a Guía de Pecadores*) experimentaron múltiples reedicións para atender a demanda daqueles lectores.




Descubre al fin la niñera  
al rostro con tanto pelo,  
y a punto está que se muera.



El novio descubre el yerro,  
mas, al ponerse el sombrero,  
se muere de risa el perro.




En otro banco sentada  
hallan una *nurse* tiesta,  
en la lectura enfrascada.



Y el perro con mucha guasa,  
como una bala perdida,  
por entre sus piernas pasa.



Lo cual hace que la inglesa  
deba proseguir leyendo,  
tendida en el suelo tiesta.



Verduras ve en la ribera  
un hombre que está pescan-  
do,

y pacientemente espera.



Cuando un pez logra con-  
fimado  
por su espalda el carajo  
y le deja con la caña.



Y lo lleva presuroso  
a Loló, que está admirado  
de pescado tan hermoso.



En una taza lo frien  
y se lo comen contentos,  
mientras del chasco se ríen.

A gran popularidade que alcanzaron os centos de libriños de contos saídos da imprenta de Saturnino Calleja basábase na simplicidade do seu contido e nuns preços asequibles.

# APROXIMACIÓN Ó MUNDO DAS FORTALEZAS NA GALICIA MEDIEVAL. AS TORRES DA BARREIRA EN RIOBÓ-A ESTRADA (PONTEVEDRA)

Manuel Mosquera Agrelo

## I. A CONFORMACIÓN DUNHA FORTIFICACIÓN

### 1. As pretensiós do traballo.

É o castelo, por excelencia, ícono significativo de todo o que implica a época medieval. Cabaleiros e doncelas, maxia, torneos, guerras e tramas de poder teñen sempre como trasfondo as ameas dunha destas fortificacións. Ten o castelo sen dúbida unha especial facilidade para evocar unha época singular e concreta do entramado histórico. Por desgracia, este tipo de edificacións, noutrora abundantes na nosa xeografía galaica, teñen desaparecido case que por completo. Excepto en casos moi contados, case non podemos apreciar a magnificencia que implicaría unha Galicia cuberta por máis de 300 castelos. Hoxe témonos que conformar con contemplar os mínimos restos que se conservan, con poder aproximarnos ó que foron e significaron; á súa forma arquitectónica e á súa significación social e política. Isto é precisamente o que imos tentar de tratar nas próximas páxinas ó escoller como tema do noso traballo a **fortaleza da Barreira**.

A metodoloxía que guiará os nosos pasos nesta investigación será sinxela. Por unha banda a maior parte das nosas conclusiones nacen da consulta dos documentos que conservamos da Idade Media. Particularmente, contamos para esta temática cunha documentación xenerosa e rica que será a base fundamental para toda a reconstrucción material da nosa *Fortaleza* e que coñecemos coma o “**preito Tabera - Fonseca**”<sup>1</sup>. A partir desta fonte documental extraemos tódalas noticias sobre a forma, elementos constitutivos, estado de conservación a principios do século XVI e apariencia da construción da Barreira.

Por outra banda, o tema xa non é novo na historiografía da nosa terra. Diversos artigos e notas se teñen escrito dispoñendo á Barreira como protagonista principal. A partires destas obras xa publicadas, trataremos os aspectos sociais e políticos que afectan dalgunha maneira ó noso artigo. Todos eles aparecerán citados na sección de bibliografía complementaria disposta ó final do traballo.

## 2.- Unha puntualización sobre a linguaxe da documentación.

Entramos en materia cunha pequena reflexión. Moitas veces trasladamos os nosos esquemas mentais, sen ningún tipo de reparo, ás interpretacións históricas que realizamos.

Posiblemente isto resulta inevitable. Sen embargo, non resultaría un esforzo baladí, tentar un acercamento ó xeito de pensar e vivir a realidade tal como a entendían, disfrutaban ou sufrían as testemuñas do noso pasado histórico. Iso é o que imos tentar, dunha maneira sinxela e sen profundas pretensións, neste epígrafe: unha aproximación á linguaxe con que os protagonistas da Idade Media definían as **torres da Barreira**. Ubicados nunha sociedade sen tecnoloxía, sen medios de comunicación, sen imaxes nin sons artificiais, pode resultar clarificador para o noso coñecemento puntualizar cada un dos conceptos que definen o campo de traballo que nos temos marcado.


Concretando un pouco o que tento expresar,imaxino e propóno que para un habitante da pequena aldea de *Ribadulla dos Basteiros* -situada moi preto da Barreira-, en pleno século XV, non significaba o mesmo ter enriba da súa existencia o

control que podía exercerse dende unha simple torre, que a forza do dominio que se presentaba dende un castelo ou dende unha fortaleza. Mentalmente as imaxes que se desprendían de cada un destes termos -torre, casa forte, castelo, fortaleza - eran distintas, e para eles cada realidade supoñía unha forma de dominio cunhas implicacións e consecuencias radicalmente diferenciadas no seu xeito de vivir ou incluso de sobrevivir. Por iso resulta amplamente ilustrativo proceder a puntualizar cal é o papel que xoga a construción que nós estamos estudiando dentro do imaginario popular medieval e dentro da imaxe que se formaban os protagonistas da Idade Media, coñecedores de que a utilización dun concepto ou doutro implica condicións radicalmente distintas, vitais - para eles - e históricas - para nós -. Precisamente por todo isto resulta necesario tentar discernir con absoluta concreción cal era o calificativo que se lle aplicaba á edificación de Riobó.

Para executar esta proposta os nosos métodos de traballo son simples e incluso poden parecer infantís, condicionados sobre todo pola ausencia de documentación que puidese esclarecer máis polo miúdo as dúbihdas que nós suxerimos. Por outra banda, más que resultados científicos profundamente asentados, conformámonos de momento con aproximarnos a calquera conclusión que poida proporcionar claridade para a tarefa que nos temos marcado. Partindo do *"preito Tabera - Fonseca"* como base fundamental de traballo -completado con aqueles outros documentos medievais manexados para a realización deste artigo -, contabilizaremos as ocasións nas que calquera testemuña se teña referido á Barreira, determinando e fixando os distintos calificativos que se poidan ter empregado para definir esta edificación. Este esforzo conta con determinados condicionantes que resulta necesario aclarar. Xa teño explicado que o *"preito Tabera - Fonseca"* é un cuestionario ó que as testemuñas teñen que respotar. Desta maneira, a formulación das preguntas pode condicionar a resposta. É dicir, se a unha persoa se lle pregunta pola "fortaleza da Barreira", é moi posible que na súa resposta o preguntado empregue o mesmo termo "fortaleza" para respotar. Pero a propia dinámica do traballo matiza esta obxección que vimos de presentar, xa que a maior parte dos edificios que aparecen na documen-

tación se nos presentan mergullados nunha abundante variabilidade de denominacións a pesar de que na pregunta se opte por un só dos conceptos. Isto fai que a discusión sobre a utilización dos conceptos castelo ou fortaleza na Idade Media, e concretamente no caso da Fortaleza da Barreira, teñan un valor moi significativo. Precisamente é a Barreira un deses casos nos que as testemuñas optan sen xénero de dúbida polo concepto "fortaleza". Dentro da confusión xeral con que se presenta o emprego dos conceptos que mentamos anteriormente, o acordo con respecto á Fortaleza da Barreira é case que unánime xa que o 97% das ocasións nas que alguén se refire a esta fortificación, emprega a calificativo de "fortaleza" <sup>2</sup>.

Esta claridade pode proporcionarnos pistas sobre os motivos que moven ós enquisados a empregar abertamente a denominación de fortaleza no caso da Barreira. A modo de hipótese podemos plantexar diversas razóns comezando por



aquellos derivadas da propia tipoloxía da edificación -entrando no xogo motivacións coma a ubicación do edificio, a funcionalidade e a finalidade pola que se realiza a construción -. Podemos plantexar tamén razóns de "rango" ou "categoría" tanto do propietario da fortaleza -neste caso o arcebispo de Santiago - como a importancia da fortificación no conxunto das propiedades dessa persoa en concreto. As cercas e torres, capela, baluartes, barbacás, saeteiras, foxos e ameas conforman unha entidade defensivo-ofensiva que define claramente cal era a imaxe que os poboadores medievais tiñan dunha fortaleza. Hoxe en día os diccionarios plantexan os termos

Fortaleza e Castelo como sinónimos, pero naquel intre sabían claramente cando se atopaban diante dunha **fortaleza**, e aquello constituía a **máxima plasmación da arquitectura do poder**. A edificación que pola súa categoría, entidade, conformación e ubicación tiña a capacidade de provocar o temor, sobrecollemento e admiración na mentalidade das xentes do medievo. E, sen dúbida, a nosa fortaleza da Barreira pertencia a este selecto grupo de construccóns.

### **3.- Tipoloxía, funcionalidade, Organización Interna e Sistema Administrativo**

#### **3.1. O proceso constructivo**

Comezaremos pola base. Imaxinemos por uns intres que asistimos ó proceso de construción da *fortaleza da Barreira* a partir das diversas noticias que posuímos sobre a acción constructiva nestes baluartes dos séculos baixomedievais.

A decisión de executar a construción dunha fortificación non parece amedrentar o máis mínimo á nobreza galega medieval xa que “*en este Reino de Galicia abia muchas fortalezas y casas fuertes porque cada hidalgo y señor si allaba lugar aparejado donde azer alguna fortaleza la hazia e abiendo ansi las dichas fortalezas los dichos caballeros y señores della hera fama publica que con ellas se aseñoreaban del reino e no obedescian al Rey...*”<sup>3</sup>. Para proceder con este tipo de actuacións, o señor necesitaba moitas veces do consello dos seus criados, servidores e cabaleiros<sup>4</sup>.

Tra-la consulta, a idea ten que plasmarse na práctica. Ó longo da realización das obras ímonos decatando da existencia de numerosos cargos que, ás ordes do señor supervisan a correcta execución da construcción. Os tesoureiros do arcebispo, encargados da administración económica, facían provisión ós mestres artesáns do material de obra necesario como por exemplo a madeira e os “*clabos*”<sup>5</sup>, incluso, na propia Barreira.

Pola súa parte, os mordomos, tiñan un contacto máis directo cos operarios ó teren que supervisar persoalmente os avances da obra, encargándose de executar as penas necesarias cando algúns dos vasallos do señor se negaba a “colaborar”

na construción. Tiñan tamén ó seu cargo a responsabilidade de pagar ós Mestres e Oficiais que traballaban na fortaleza<sup>6</sup>, ou se encargaba de facilitarles a comida <sup>7</sup>.

O cargo de mordomo tiña que supoñer unha grande responsabilidade, sobre todo no aspecto de recadación de rendas e na obriga de controlar os gastos do seu señor, hasta tal punto que no testamento de Pero Vázquez de Ínsoa establécense cláusulas para que ninguén efectúe reclamacións contra os "Moordomos" que estiveron ó seu servicio <sup>8</sup>.

Tamén vemos que nalgunha ocasión os paxes poden axudar ó seu señor na construcción da fortificación. Este é o caso de Parragues e Gómez Pérez das Mariñas, "*porque Parragues havia sido su paje, y le ayudó a levantar la Proba de Parraga...*"<sup>9</sup>.

Estamos vendo que construír e organizar administrativamente unha fortaleza non debe ser tarefa dourada. Nembargantes esas dúas facetas da realidade cotiá de cada edificación implican que no intre da plasmación práctica, sexa necesario ter unha idea moi clara da forma, e dos espacios, planificar cada un dos elementos do conxunto, establecer "a priori" os entes arquitectónicos máis axeitados para as prestacións que se queren obter da fortificación. Planificar e pensar unha fortaleza é un exercicio que nos axuda a coñecer e definir os distintos elementos e partes que poden compoñer esa estructura non só deseñada para guerrear ou defenderse, senón tamén para vivir.

### **3.2. A organización administrativa.**

Unha vez terminada a construción, chega o momento de dotala cunha guarnición e cuns cargos de goberno que se encarguen de mantela en pé ó servicio do propietario da fortaleza. Neste caso é o señor quen organiza e determina ós que ocuparán os diversos cargos, entre eles os de "alcaides e meiriños"<sup>10</sup> actuando con plenos poderes de goberno. Outra posibilidade era que o señor entregase a fortaleza en réxime de *tenencia ou préstamo* encargando a outra persoa, polo xeral da nobreza, o coidado e goberno da fortificación a cambio dunha serie de prestacións que analizaremos posteriormente. Este tipo de "acordos" supoñía en moitas ocasións abundantes pro-

blemas como acontece na propia *fortaleza da Barreira*, tal como nos relata López Ferreiro<sup>11</sup>.

Deste xeito o castelo, sobre todo aqueles máis importantes, como é o caso da Barreira, confórmanse **como centros da administración dun territorio**. Administración que, polo que parece, non sempre se exercía dunha maneira ortodoxa xa que “*dellas [das fortalezas] fazian muchos males e robos y rescates y presiones de onbres porque prendian y rescataban dellas las gentes que andaban por los caminos y salian a fazer saltos y que traian consigo malfechos y se acogian en ellas*”.

As guarnicións non eran permanentes en tódalas fortalezas, e moito menos nas de escasa importancia, polo que caían nun relativo abandono. Este descoido pode ter unha explicación por “...no ser nesçesarias e tambien por ser muy costosas a llebantar y tambien en las sustentar y de pagar de alcaldes...” pero tamén “...por se conseguir dellas poco probecho por no competir ni confinar con tierras que poseen los caballeros ni otros señores...”<sup>12</sup>.

O reforzamento da guarnición levábase a fin só cando as circunstancias obrigaban, enviando entón todo o necesario para afrontar con garantía as escaramuzas militares, así como os continxentes humanos indispensables compostos por *escudeiros e peóns* cunha persoa ó fronte<sup>13</sup>; posiblemente poderiamos encaixar aquí a figura dos capitáns ou “*capitanes*” que aparecen tantas veces ó servicio do señor e moi ligados a el (ate o punto de que no caso do pasamento, a familia, fillos e bens son encomendados encarecidamente á protección do magnate)<sup>14</sup>. Esto acontece, sobre todo, cando falamos de fortalezas tan importantes como A Barreira ou A Rocha Forte de Santiago, á que o seu alcaide, Álvaro Sánchez, “*traia consigo quinze o beinte peones*”<sup>15</sup>.

Por tanto, *castilleros, alguaziles, merinos* ou *alcades* eran os delegados do señor na fortaleza, torre ou castelo. Non temos moi claro a súa orixe social, pero parece que as posibilidades son bastante amplas, dende personaxes de prestixio, de “antigua cavalleria”<sup>16</sup>, a individuos relacionados parentalmente con membros da nobreza. Incluso nalgúns ocasions, o alcaide podía ser ó mesmo tempo propietario doutra fortaleza, coma

no caso de Fernán Sanjurjo, propietario da torre de Támoga e, ó mesmo tempo, "...alcalde de Villalba por Diego d'Andrade"<sup>17</sup>

Cando o alcaide tomaba posesión da fortaleza, tiña que realizar un "*preito de homenaxe*" ó propietario<sup>18</sup>. Nestes preitos encontramos mencionadas algunas das responsabilidades do *meiriño*. Debe gardar e defender o castelo, quedando claro que a fortificación queda sempre a disposición do señor, que pode dispor dela ó seu antollo, e no momento que desexe. O alcaide contrae a obriga de recibir ó propietario no castelo en calquera momento, tendo que acollelo a él e a tódolos que o acompañen áinda que as circunstancias da chegada do señor á fortaleza sexan pouco apropiadas.

Obriga fundamental é aquela na que se dispón que o alcaide queda baixo as ordes do propietario e ó seu pleno servicio no caso de que sexa reclamada a súa axuda militar en guerras ou combates. A posición do castelán parece moi feble, xa que o seu posto está totalmente a disposición do seu señor, que pode dispor libremente dél cando entenda necesario entregar a fortaleza a outras mans, o que nos explica a necesidade dos numerosos emprazamentos reais para abandonar a posesión de fortalezas, ou os casos de resistencia armada ó propietario da fortificación cando éste require a súa devolución.

### **3.3. A funcionalidade.**

Non sorprenderá a ningúén que destaquemos a funcionalidade destas fortificacións como pezas fundamentais no entramado das relacións de poder dos séculos medievais. Pero os castelos van máis aló de seren elementos de control dun territorio frente ás intencións expansivas de señoríos veciños<sup>19</sup>, centro de defensa dos señoríos fronte a incursións depredadoras<sup>20</sup>, punto de refuxio dos poderosos no caso de ver ameaizada a sua integridade física ou, incluso, recantos para ocultar e reter ós más preciados prisioneiros<sup>21</sup>.

Non obstante, áinda que nos pareza sorprendente, o papel máis destacado das fortificacións baixomedievais, sobre todo das más importantes, resultaba ser a súa hexemonía dentro do territorio onde se atopaban encravadas. Eran a principal ferramenta coa que contaba o señor na administración da súa

xurisdicción. Así, a *fortaleza da Barreira* era peza fundamental para o señorío do arcebispo de Santiago. A *Terra de Santiago* era gobernada polo arcebispo dende que Alfonso II concedera á catedral compostelá o señorío do territorio no radio de tres millas ó redor do templo catedralicio. Esta xurisdicción estendeuse notablemente a partir dos reinados de Ordoño II no ano 915 e sobre todo da reina Urraca, que o 13 de xuño de 1120 concede á catedral a xurisdicción sobre tódalas terras entre os ríos Ulla e Tambre. Finalmente, no documento do rei Alfonso VII, confírmase esta doazón e amplíase ó intercambiar coa igrexa compostelá toda esta terra de Taboirós polo castelo do *Faro* da Coruña.

Esto provoca que dende o primeiro momento a **Barreira se constitúa como clave no sistema administrativo da comarca de Taboirós**. As prácticas habituais dun señorío xurisdiccional coma este, implican que dende esta fortificación se cobrarían as rendas que cada veciño tiña que render co seu señor, e incluso podemos especular coa conformación do castelo coma centro de administración de xustiza, aínda que non temos ningunha testemuña que nos confirme esta hipótese. O cobro destas remuneracións fixas poderíamos engadir a recepción doutro tipo de rendas coma os posibles servicios na fortaleza, tanto de vixilancia<sup>22</sup> como a habitual práctica de servicios de mantemento ou reconstrucción do castelo<sup>23</sup> que podían obrigar a un pago en metálico ou á realización de diversos traballos manuais. Nalgúns casos, a disposición física dos castelos axuda para que estes poidan practicar o cobro de rendas sobre o paso de mercadorías ou incluso de persoas. A ubicación xeográfica da Barreira no entramado de camiños da Idade Media incita a pensar que esta práctica non era executada nesta fortificación, xa que se atopa relativamente alonxada das principais rutas de paso (sobre todo da Ponte Ulla e da Ponte Ledesma) e convértese en protagonista, ela mesma, do camiño que a comunica co resto de vías que se dirixen a Santiago, a través da ponte de Sarandón, ou cara a Ourense<sup>24</sup>.

Ademais destas funcións, podemos observar outras ocupacións de índole interno no acontecer diario da fortaleza. Evidentemente, o arcebispo residiría na fortaleza da Barreira en moi poucas ocasións e, probablemente, case que sempre,

de paso. Máis isto non implica que o edificio estivese deshabitado. Xa temos comentado aspectos que nos invitan a pensar todo o contrario. A presencia constante do meiriño (xa nomeado polo propio arcebispo, xa pola persoa que tivese a fortaleza no seu nome) coa súa familia, parece inevitable nunha fortificación destas dimensións e importancia. O que si transmiten os documentos é unha considerable mobilidade das personaxes que exercían este cargo, non permanecendo nel por moito tempo as mesmas persoas. Isto implica unha serie de edificacións que nos dan indicios do carácter residencial dalgúns dos castelos. Incluso no caso da Barreira, algunha das torres e o bastión da porta de entrada parecen ter sido utilizados polos vixías como puntos de residencia (incluso na compañía das súas familias)<sup>25</sup>.

Por último, a existencia nestas fortificacións de elementos coma fornos, muíños ou capelas, tennos que facer reflexionar sobre a imbricación destes bastiós coas comunidades campesiñas próximas, e como a presencia dos elementos constitutivos dunha fortaleza podía afectar e axudar nos aconteceres da rutina diaria destas comunidades.

## A BARREIRA: FORTALEZA SIMBÓLICA DO PASADO MEDIEVAL

*“Esta fortaleça está en el jusgado de Tabirós en un boyo casi cercada de un río. Está ya por el suelo y no tiene sino ruinas de los edificios antiguos. Está en la felegresía de San Martiño de Rioboo”.*

*Cardenal Jerónimo del Hoyo.  
año 1607<sup>26</sup>.*

### 1. A BARREIRA

#### 1.1- A Barreira na historiografía

Non é o da Barreira un tema inédito na historiografía galega. O estudio desta Fortaleza preocupa dende moi pronto a algúns dos historiadores máis afamados da Galicia do século XIX. Así, nas obras máis xenéricas de don Antonio López Ferreiro aparecen citados diversos acontecementos relacionados coa evolución histórica do edificio, chegando este autor a dedicarlle un pequeno artigo no que reflexa as notas recollidas por él mesmo nunha visita ó solar da Barreira 30 anos antes da súa redacción<sup>27</sup>.

Non transcorrerá moito tempo cando Don Pedro Varela Castro, nunha obra de carácter erudito na que proporciona datos relacionados co pasado das terras da Estrada, no que se refire a variados aspectos relacionados coa historia, etnografía, estatística e xeografía, trata o tema da Barreira<sup>28</sup>. Sen embar-

go, a súa aportación é praticamente nula ó ter reproducido case que por completo o que López Ferreiro xa tiña publicado na **Galicia Histórica**, e completado con varios datos históricos extraídos doutras obras do mesmo autor que citamos tamén na nosa bibliografía.

Anos despois, foi don **Manuel Reimóndez Portela** o que se adicou nun importante estudio a profundizar no coñecemento das marcas dos canteiros que tiñan participado na construcción das *torres da Barreira*. Neste artigo, don Manuel fai unha reseña introductoria das testemuñas históricas que falan das Torres, da súa descripción, do seu estado no ano 1986 e, nun orixinal e valioso exercicio de análise, propón, mediante a realización dun debuxo hipotético, a reconstrucción do edificio principal da Fortaleza<sup>29</sup>.

### **1.2.- Un estudio a partir das fontes.**

Tendo en conta o que vimos de plantexar, parece a priori que pouco podemos engadir que non se teña estudiado xa. Non obstante, falta neste panorama sobre a Barreira unha peza fundamental: a análise dunha fonte documental extraordinaria. Partindo das testemuñas reflectidas no **preito Tabera-Fonseca**, tentaremos incrementar tódolos coñecementos que xa posuímos sobre esta Fortaleza.

*“2ª - Si saven y an noticia e conosamiento de las fortalezas y casas llanas del arçóniso de Santiago, bespecialmente de las siguientes: el castillo de Lobera, el castillo de Jallas, el de Grobas, el de Monte Sagro, la fortaleza de Ontes, la de la Barrera [...] y declaren los testigos qué fortalezas y casas tienen noticia y cómo la tienen y qué bedificio e de qué calidad el de las dichas casas e fortalezas”*<sup>30</sup>. A partires das respostas a este cuestionario presentado polo procurador do arcebispo de Santiago, así coma ó interrogatorio plantexado polo doutor Pedro de Cisneros -no que se especifican máis polo miúdo os elementos constitúntes dos castelos -, tentaremos de establecer coa máxima fidelidade posible unha hipotética reconstrución da forma e apariencia da Fortaleza da Barreira.

Deixando de lado a pormenorizada descripción que se nos presenta no 2º cuestionario<sup>31</sup>, son 10 as testemuñas que na súa

declaración proporcionan datos de interese en cantidad e calidade aceptable para o noso propósito<sup>32</sup>.

### 1.3.- A ubicación estratéxica na xeografía.

Case que completamente rodeada polo Rio Boo, *A Barreira* constitúese en claro exemplo do castelo que se ubica estratéxicamente na orografía da zona. Buscando unha situación que permitise ó mesmo tempo unha fácil defensa e unha proximidade ó territorio que se pretende controlar, a *Fortaleza da Barreira* estaba construída ó carón mesmo do río Boo, preto dos lugares de As Cancelas, Vila do Sol, Os Besteiros e A Mota, na parroquia de San Martín de Riobó, dentro do concello da Estrada (3º cuadrante da folla 121 do mapa topográfico nacional de España -A Estrada -, concretamente en 42° 44' 42" N. e 8° 24' 11" W.).

Aproveitando as facilidades defensivas que proporciona a disposición do río, o edificio dispone nun montículo de pare-




des escarpadas, que xa en época anterior podería ter sido o asentamento dun castro -atendendo sobre todo á denominación da capela que existía no recinto amurallado -. Tan só polo lateral N.E. atopamos unha posibilidade de acceso máis doados á fortificación. Sen embargo, cómpre matizar que este acceso puido quedar atenuado polo trazado e construción da estrada que pasa ós pés deste lateral da Fortaleza.

A modo de descripción xeral, no conxunto da Barreira podemos definir tres diferentes áreas segundo a súa altitude. Entre o punto inferior e o superior existe unha diferencia de entre 25 e 30 metros. No nivel máis baixo atopamos o río, a unha altitude de 120 metros sobre o nivel do mar, que incluso chega a descender ós 110 metros no lado máis ó norte do lugar. Na actualidade acédese a este punto a través dun camiño que transcorre dende a estrada ó longo do lado *este* da fortificación e que reflectimos no gráfico adxunto cunha liña de puntos. Precisamente ascendendo polo camiño chegamos ó segundo nivel, a 135 metros de altura -aproximadamente -, aparecendo unha chaira nas que estarían as primeiras edificacións do castelo. Finalmente, o cumio do lugar é unha mota con certa apariencia de ter sido creada artificialmente, ou, cando menos, de terse acentuado unha elevación previa para favorecer a súa faceta estratéxica, alcanzando uns 140 metros de altura.

#### **1.4.- A súa distribución.**

En xeral, moitas das testemuñas fan referencia á construcción dunha forma vaga e xenérica; para eles a Barreira non pasa de ser unha construción da que “*aze mencion con sus torres e vara de casa, cercas e barbacanas e iglesia e cabas e mina, segun que en la pregunta se contiene*”<sup>33</sup>. Non obstante isto serve para trazar unha panorámica xeral dos elementos constitúntes do edificio. Outros individuos profundizan a caracterización da Barreira e pormenorizan un pouco máis na súa descripción<sup>34</sup>. Pero son aqueles testemuños nos que se comenta amplamente as características da Fortaleza os que imos analizar intensamente para proceder coa descripción que tentaremos executar.

Para facilita-la comprensión e análise dos diferentes datos que imos estudiar, resulta máis doados plantear unha división



de toda a superficie da fortificación en distintas seccións que trataremos individualmente. Estas seccións aparecen delimitadas no gráfico que se adxunta. Existe unha equivalencia entre a estructuración en altura -que vimos de plantear no epígrafe anterior - e esta distribución, xa que na chaira do nivel dos 135 metros dispoñeríanse as seccións numeradas como 1, 2 e 4 no gráfico, namentres que no cumio de 140 metros dispónese a sección nº 3.

#### **1.4.1.-Os restos que nos quedan. Os exteriores da forteza (Sección número 1).**

De todo o que no seu momento significou o magníficente entorno da Barreira, apenas atopamos hoxe algúns míнимos restos que nos proximaren á súa auténtica dimensión arquitectónica. Esquecéndonos desta realidade, tentaremos agora un intenso exercicio de imaxinación que nos aproxime á aparenzia pasada desta fortificación.

Nada mellor para iso que comenzar pola porta de entrada, a principal -mais non a única - de todo o entramado de patios e murallas que conforman a estrutura da superficie fortificada. Denominada como a "*porta de Mariña Carreira*<sup>35</sup>", non se nos presenta coma unha simple porta, xa que a súa forteza e disposición fan que cobre máis aparenzia de torre que de porta. Comezamos a decatarnos xa aquí do carácter acentuadamente

defensivo desta fortificación. A complementación da porta con unha torre na parte superior é normal nalgúns das fortalezas galegas do momento (coma por exemplo nas Torres de Mens). Isto outorgalle novas utilidades á porta, ó atoparnos cun habitáculo deseñado para a presencia constante dunha garda que vele específicamente pola seguridade da entrada, xa que calquera que entre no recinto ten que pasar por debaixo da estancia na que está disposto o garda. As dimensións da porta de *Mariña Carreira* tiñan que ser o suficientemente amplas coma para permitir a habitabilidade do peón e da súa familia, con piso de madeira e cuberta con palla de centeo ou de trigo xa mallada (*colmo*).

Sen embargo, un pequeno detalle chama a nosa atención na declaración de Besteiro. A pesar da disposición desta porta de *Mariña Carreira* como porta principal, da presencia constante dun garda e da súa aparente consistencia, a disposición no entramado arquitectónico é secundaria, xa que esta porta tan só permite o acceso a un primeiro patio (que estudiaremos de seguido) no que outros elementos fortificados defenden máis eficazmente a edificación. Isto fai que, aparte do característico nome que xa coñecemos, esta porta se coñeza tamén como a "Porta Falsa"<sup>36</sup>, reservándose entón o nome de "*Mariña Carreira*" exclusivamente para a torre disposta enriba desta "Porta Falsa", o que nos fai pensar en que o antropónímico pode derivarse do nome dalgúnha das mulleres dos peóns<sup>37</sup> que habitaban na susodita torre.

Precisamente, orientada cara ó este, conservamos hoxe o que no seu momento puideron ser parte dos cimentos desta torre de entrada (no mapa de localización que se adxunta, estes restos identifícanse coa letra "*a*"). Na ladeira do montículo, dende o camiño que baixa ó río, obsérvanse restos da cimentación dunha torre cadrada, con sillares ben traballados e más pequenos que os doutras partes da fortificación. Os constructores aproveitaron o que semella unha das zonas máis rochosas de toda a superficie do recinto, para asentar os cimentos da porta, conseguindo así unha grande fortaleza e seguridade para o asentamento desta porta-torre de entrada.

Dende a porta principal parte un cinto de muralla ó redor de toda a superficie do edificio ate voltar á porta comentada<sup>38</sup>. O asentamento e disposición deste muro, construído con bloques de granito ben traballados, estaba condicionado polos distintos desniveis do terreo, polo que a súa altura variaba segundo a zona da Fortaleza, xa que nalgúns puntos, o arranque do muro e dende moito máis abaxo do nivel do chan que temos trazado por exemplo para a porta de Mariña Carreira ou para os patios das seccións 2 e 4. Precisamente é esta disposición nas zonas más agrestes do relevo da Barreira a que ten facilitado a conservación dalgúns dos cimentos de asentamento dos lenzos desta muralla, que, por outra banda, constitúen case que a totalidade do que podemos considerar coma os "restos" da Fortaleza que estamos a estudiar (no mapa de localización que se adxunta, estes restos identifícanse cás letras "c" e "d"). A partir destes restos podemos facernos unha idea das dimensións -cando menos da anchura - deste muro que circunvalaba á Barreira. Dende o lateral Norte ate o Sur-leste desta área conservamos unha grande parte dos restos desta muralla. Na súa parte máis baixa, este muro (ver fot. 1) ten visible un mínimo de metro e medio de altura, namentres que na parte de máis dificultade orográfica a altura alcanza os 6-7 metros de altura. No que afecta á anchura, esta é de 2 metros, manténdose uniforme ó longo do muro que conservamos á vista, confirmando os testemuños que reiterativamente falan dun muro grosso. Son estas unhas medidas aproximadas que nos falan das dimensións tan só dos cimentos dun muro exterior que teríamos que dispor xusto enriba dos restos que estamos a medir<sup>39</sup>. Muro que, por outra banda, contaba no seu deseño con tódolos elementos de defensa propios desta época coma o *adarbe*<sup>40</sup> da zona superior da muralla, disposto a modo de corredor que permitía o paso da garda no seu exercicio de vixilancia e que estaba protexido do exterior polas ameas que coroaban a muralla e polo *petril* de barro e manpostería que facilitaba a manobra de asomarse por riba dos muros e protexía ós defensores dos ataques feitos ós pés da muralla. O dispositivo de defensa da muralla exterior completábase con dous elementos claves. En primeiro termo a presencia dun *baluarte*<sup>41</sup> ou obra exenta da muralla a modo de grosso terraplén revestido de pedra ou terra para facilita-la

defensa da porta principal. A súa altura podía estar entre os 2 e 3 metros, medida que tiña como obxecto defenderse tamén dos posibles ataques de homes a cabalo. A presencia deste elemento na Barreira parece ter sido provisional, construído tan só con motivo da inseguridade dos anos de revolta de mediados do século XV, máis concretamente a partir do sitio ó que estivo sometida esta fortaleza, e disposto a partir de materiais puramente provisionais. Polo demais descoñecemos a forma ou a disposición desta obra, aínda que sabemos que estaba preto da porta de *Mariña Carreira*<sup>42</sup>.

O outro elemento que completa a muralla son as tres torres que se disponían alternas ó longo do perímetro, pero procederemos á análise de cada unha delas individualmente e segundo a sección na que se atopen ubicadas, tentando rastrexar as escasas noticias que a elas se refiren.

#### **1.4.2.-O espacio do cotián (Sección número 2).**

Precisamente é a primeira torre da muralla exterior o que chama a atención das testemuñas ó traspasar a porta de *Mariña Carreira* e entrar no primeiro patio da Barreira. Ubicada á dereita do patio, segundo se entra pola porta, máis que unha torre, algunas testemuñas empregan o termo "*torrejón*"<sup>43</sup> que parece implicar unha notable diferencia de tamaño, calidade de construción ou incluso de forma respecto do que comunmente se entende coa palabra torre. Non obstante no interrogatorio presentado polo doutor Cisneros plantéxase a existencia dunha "torre"<sup>44</sup>. A descripción deste elemento, descuberto e ameado, cos seus "*peituriles*", saeteiras e troneiras non parece indicar unha construcción feble. Xorden desta ambigüidade varias hipóteses. Por unha banda, que ábalas descripcións coincidan na mesma torre, pero temos que ter en conta que o interrogatorio de Cisneros ten que demostrar que unha importante serie de boas edificacións se viñeron abaixxo polo descoido do arcebispo anterior, polo que agora se lle reclaman eses danos. Isto fainos pensar nunha subxectividade clara tendente a esaxerar a calidade dalgunha das construcións para sobreelevar a contía das indemnizacións. Desta maneira pode que efectivamente esteamos a falar do mesmo "*torrejón*" nos dous testemuños. Pode ser tamén que Juan

Besteiro empregue no seu testemuño a palabra *torrejón* sen connotacións despectivas, facendo referencia co uso dese termo a unha simple diferenza de forma: parece empregar a palabra *torre* para as torres de forma cadrada, namentres que pode que empregue o termo *torrejón* para aquelas con forma redonda, menos válidas dende a perspectiva da arquitectura defensiva. A outra posibilidade é que existise unha torre, tal como indica o interrogatorio de Cisneros, que, derrubada na revolta irmandiña, se tivese substituído polo *torrejón* ó que pode estarse referindo Juan Besteiro, que pode quedar corroborado polo testemuño de Lopo de Pallares<sup>45</sup>, o que nos dá unha pequena pista para supoñer que esta era a denominada "torre de Belputo" ou "torre Redonda"<sup>46</sup>.

O que si é moito máis claro é que neste "*primeiro corral*" estaba a que se coñecía como *Eira do Pan* ("Hera del pan")<sup>47</sup>. Parece claro que poidamos asociar a súa denominación coas tarefas agrícolas que implican unha relación coa recollida do cereal, o depósito e a malla. Esta idea parece confirmarse cun dato realmente curioso: de tódalas testemuñas que proporcionan algunha información sobre a fortaleza da Barreira, en case que tódolos casos falan e describen cunha grande claridade este primeiro patio, pero só unha ínfima parte deles proporcionan información do outro patio da Barreira, oculto tras as diversas murallas, paredes e portas. Eis o que nos pode indicar que nesta "*Hera del pan*" acontecían as tarefas más cotiás da vida na Fortaleza, e que era a parte máis accesible para aqueles que tiñan que cumplir coas obrigas administrativas que se desprendían do señorío xurisdiccional que a Barreira significaba. Sobre todo para proceder ó pago das rendas, xa en moeda, xa en especie -que podían implicar unha substitución da moeda polo pago con diversos productos da terra coma por exemplo diversos tipos de cereais panificables, ou a realización de diversas tarefas de traballo no propio recinto da fortaleza, entre as que de seguro se atopaban aquellas relacionadas co proceso de colleita, selección e almacenamento do cereal.

A comunicación co segundo patio (que comentaremos como sección nº 4) aparentemente oculto para a maior parte dos visitantes da fortificación, faríase a traveso da porta que

coñecemos como “*Puerta de en Medio*”<sup>48</sup>. Configurada tamén a maneira de torre cun recinto para asentamento da garda, co seu “peituril” e as súas ameas, e, cando menos, coas súas dúas portas de boa madeira, separaba o espacio máis público da fortaleza do resto das áreas que conformaban o recinto.

Neste patio temos constancia tamén da existencia dun dos elementos característicos de calquera castelo medieval: a “*Mina*”<sup>49</sup> ou tunel-conducto subterráneo que na Barreira parecía facilitar a saída cara ó río. Na maior parte dos casos, este elemento ten xerado unha longa serie de lendas comúns a case que tódalas edificacións lendarias e con orixe pouco clara para os habitantes destes lugares. Precisamente por causa deste tipo de lendas, en moitas ocasións se ten assumido que as noticias sobre a existencia no castelo dun elemento como unha mina ou un túnel poden ter xurdido máis da mitoloxía popular que da propia realidade. Non obstante, no caso presente, contamos con indicios que nos permiten aseverar a presencia deste compoñente da Fortaleza da Barreira. Baseámonos en primeiro lugar no testemuño de Juan Besteiro, quen asegura ter visto a mina despexada e coa súa entrada neste primeiro patio. Ademais, temos que ter en conta que non é improbable que algúns dos camiños que alcanzaban á Barreira chegara dende o outro lado do río -coma por exemplo o de Sarandón -. Precisamente ó carón do río, no lado norte, xusto ós pés do castelo, parecen conservarse algúns restos que incitan a pensar na posible existencia dunha ponte que atravesase o río e conectase con algúns destes camiños que facilitase a comunicación da Fortaleza coa outra banda do río<sup>50</sup>.

Polo seu lado esquierdo este patio queda delimitado por outro muro. Unha *barbacana*<sup>51</sup> parece estenderse dende a porta de Mariña Carreira ate a Porta do Medio. A barbacá é un muro pequeno e baixo que adoita empregarse como reforzo na defensa da edificación principal do castelo ou incluso, disposto no borde do foxo, para incrementar a potencialidade defensiva deste último elemento. Era esta barbacá unha especie de parede defensiva que conectaba polo seu *adarbe* as tres portas principais do recinto, protexendo ós gardas co seu *peituril* e as súas ameas. A súa disposición nesta fortaleza parece obedecer máis a unha clara intención de dispoñer unha primeira

barreira fronte a un hipotético ataque inimigo que a de defender un foxo, xa que, polo que parece, as características do terreo facían que na Barreira non se necesitase, áinda que na actualidade se observa á man esquerda do primeiro patio unha depresión no terreo que parece indicar a existencia deste elemento de defensa (no mapa de localización que se adxunta, estes restos identifícanse coa letra "b"). Ningunha das testemuñas que coñecen a fortaleza en profundidade fan referencia á existencia deste elemento, e só no caso de Pedro de Costenla se menta a presencia de *cabas* no castelo, feita esta mención a modo de enumeración xenérica sen maior descripción. Isto fai-nos pensar que o oco lonxitudinal que podemos apreciar na actualidade, pode corresponderse coa antiga ubicación da barbacá que vimos de comentar, formándose este desnivel de terra no exercicio de extracción da pedra<sup>52</sup> como material constructivo para outros edificios, proceso sufrido na Barreira sen ningún tipo de contemplacións durante os últimos séculos.

#### **1.4.3.-A forza da seguridade (Sección número 3).**

É esta a parte máis importante da Fortaleza. Defensivamente, confórmase aquí a sección mellor parapetada. Administrativamente estamos diante da residencia do señor, ou, cando menos, do seu representante. simbolicamente, a arquitectura do castelo, no seu pleno desenrollo, fai ostentación dun poder pleno e absoluto. Nunha área sobreelevada por riba das outras partes da fortificación, con 60 metros de longo no seu eixo lonxitudinal norte-sur e 42 metros de anchura nunha transversal leste-oeste, dispoñíase nos séculos medievais o "*sancta sanctorum*" da Barreira. Nunha disposición posiblemente moi similar á que áinda hoxe se conserva no castelo de Pambre, preto de Palas de Rei, nas terras da Ulloa, esta sección configuraba un patio no que o centro estaba ocupado pola Bara de Casa ou torre principal da Barreira, coñecida coma *Torre da Homenaxe*<sup>53</sup>. Último e máis importante reducto defensivo, era tamén esta torre a residencia do señor, contando concretamente no caso da Barreira con tres pisos (áinda que algunas testemuñas indican a posibilidade de que fosen catro pisos) ou *sobrados* de madeira de castiñeiro. Na cima, a torre estaba tellada sobre madeira, e tiña unha "especie" de capitel de pedra que indicaba o punto máis elevado dunha obra que

chamaba a atención pola súa altura<sup>54</sup>. Rodeada de ameas e con guirnaldas, toda a torre estaba feita de granito encaixado con argamasa. Incluso a partir dalgúnhas testemuñas plantéxase a posibilidade de que a torre estivese encalada<sup>55</sup> (descoñecemos se por dentro ou por fora) rompendo así a monotonía da pedra e mostrando unha capa de cor branca (aínda que con certeza este non fose o fin último do encalado) que, de maneira trabucada, moi poucas veces somos capaces de imaxinar nunha construccion da época medieval.

Ós seus pés, diversos edificios completaban o núcleo residencial: dúas salas de aposentos, cortes para máis de 100 cabalos, un forno e un pozo que tiña unha serie de escalóns ate alcanzar o nivel da auga<sup>56</sup>.

Todo isto, así disposto, quedaba arroupado e protexido por unha muralla que rodeaba o montículo. Nesta muralla estaban dispostas tres torres que axudaban na defensa do edificio, dun piso de altura<sup>57</sup>, con ameas, cubertas con madeira de castiñeiro, e telladas<sup>58</sup>. O acceso a esta especie de cidadela facíase a través dunha entrada practicada neste muro, entrada que estaba reforzada con catro portas de madeira dunha grande resistencia<sup>59</sup>. Partindo da descripción de López Ferreiro, esta porta tamén se conformaría a modo de torre de dous pisos, achegada á muralla, da que sobresairía a modo de baluarte. Este corpo de entrada salvaría o desnivel existente entre os patios inferiores e o montículo da *bara de casa*. Desta maneira, no nivel dos patios estaría a primeira entrada protexida por dúas portas e que comunicaría, coa propia entrada da muralla, enriba do montículo e protexida tamén por outras dúas portas, todo isto de doada defensa ó formar este corpo parte da muralla que rodeaba a torre, e, polo tanto, perfectamente defendible dende o seu adarbe superior, obrigando, coma nas outras dúas entradas da Barreira, a que calquera que quixese penetrar no recinto tivese que pasar por debaixo da posición do garda, ó tempo que se garantía a seguridade dos defensores para quedaren parapetados de hipotéticos ataques dende os montes veciños<sup>60</sup>.

Precisamente, temos que comentar de seguido os datos proporcionados por Antonio López Ferreiro no seu artigo que xa temos citado. En moitos destes apuntes que vimos de suli-

ñar, a nosa descripción non coincide coa proporcionada polo recoñecido historiador compostelán. Non é nada raro, xa que don Antonio refire nas súas notas á descripción das reconstruccións que se fixeron na fortaleza a partir do século XV, data na que a revolta irmandiña derrúe por completo a estructura da Barreira. Isto obriga a un aproveitamento de restos e materiais, pero, como xa temos visto, a magnificencia da fortaleza desaparece nos conflictos do século XV. É por iso polo que, por exemplo, no artigo da **Galicia Histórica**, non se reseña a presencia dun elemento tan importante como a Torre da Homenaxe, non aparecen restos do forno nin do pozo ou non coincide o número de torres dispostas na muralla que reforza a bara de casa. Este problema xa foi observado por don **Manuel Reimóndez** no seu artigo de 1986, cando á hora de plantear a reconstrucción apunta o que sigue: “*Hemos conseguido un antiguo plano del edificio que acompañamos, con la salvedad de que la situación de los contrafuertes que guarnecían o protegían las esquinas de la Torre están representadas en sentidos opuestos a como las describía López Ferreiro, aunque parezca más lógica desde el punto de vista de su cometido que su situación sea la representada en el plano*”<sup>61</sup>.

Un último elemento completaba este dispositivo. A que coñecemos coma *Porta do Medio* e o baluarte que facilitaba a entrada ó recinto da *Torre da Homenaxe* estaban comunicadas por unha barbacá, que sería a prolongación daquela que xa temos visto no primeiro patio e que tiña por finalidade a comunicación de tódalas portas da Fortaleza<sup>62</sup>.

#### **1.4.4.- O espacio vedado (Sección número 4).**

É aquí onde as fontes documentais calan case que por completo. Parece esta unha zona da Fortaleza vedada ó coñecemento dos visitantes. Son poucas as informacións pero non inexistentes. Polo de pronto sabemos que nesta área atopábase a capela do castelo. Un edificio ben labrado, en consonancia coa calidade do resto das edificacións da fortaleza, e baixo a advocación de **Santa María de Castro ou Santa María da Barreira**<sup>63</sup>. Como xa temos comentado, esta advocación fainos pensar na posible existencia dun Castro anterior ó asentamento do castelo, pero as dúbihdas son moitas, e o máis probable

e que precisamente a denominación castrum estea asociada ó termo "castelo", implicando unha advocación máis acorde co tema que estamos a estudiar: Santa María do Castelo ou da Barreira (ver fot. 2).

Tamén é posible que a muralla que rodeaba a *bara de casa* tivese por esta banda da fortaleza unha *barbacá*<sup>64</sup> a modo de reforzo. Tendo en conta esta posibilidade, moi pouco documentada, comprobamos que a *barbacá* rodeaba por completo o recinto máis importante da fortificación. Isto ofrécenos un indicio para atopar unha explicación para a denominación desta Fortaleza. Precisamente cando o bastión principal se atopa completamente rodeado por unha barbacá, esta pasa a denominarse "barreira". Non é por tanto improbable que a presencia deste elemento, o máis visible para tódalas persoas que entraban no recinto, acabase por estender o seu nome ó resto da fortificación como modo de identificación que perdería no percorrer do tempo: a Fortaleza da Barreira. De todos os xeitos, ista é só unha hipótese que debería contrastarse con investigacións máis polo miúdo da toponimia anterior ó asentamento da torre, investigación que, nestes intres, as nosas fontes documentais non nos permiten levar a cabo.

Os elementos deste patio podían quedar protexidos coa presencia da que algunas testemuñas chaman "*torre del suetano*"<sup>65</sup>. Sería unha das tres torres que se integraban na muralla que pechaba o recinto. Aínda que non temos constancia da situación deste elemento, a torre tería o seu mellor punto de ubicación no saínte que a superficie da fortaleza ten cara ó río, no lado da fortaleza orientado cara ó oeste. Ós pés deste saínte obsérvase un orificio no muro de peche da fortaleza -que xa temos descrito nos apartados anteriores - que podería estar relacionado co suposto "*suetano*" desta torre.

O patio completábase coa presencia de varios edificios para o servicio e aposento das persoas que traballaban na fortificación<sup>66</sup>.

#### **1.4.5.- A prolongación da presencia da Fortaleza.**

A constatación de certos nomes de lugar próximos á Barreira fixéronnos plantexar a posibilidade da teoría que

imos expoñer neste epígrafe<sup>67</sup>. Ó suroeste da ubicación da Fortaleza, existe un microtopónimo que sitúa, con bastante proximidade á Barreira, unha hipotética "*Torre Darriba*". O conxunto compleméntase coa constatación da existencia dunha segunda torre que na documentación aparece no lado oeste da Barreira citada ó longo do tempo cos nomes de "*Torre Dabaixo*", "*Torre de Ruy*" ou "*Torre de Roi*". Parece que no pasado existían aquí indicios dos cimentos dalgunhas edificacións que hoxe teñen desaparecido por completo. Isto abriu na reconstrucción da Barreira unha nova porta para ampliar o panorama dos seus elementos constituíntes. Completando ese indicio cunha superficial observación do territorio e coa consulta da cartografía da zona, chama a atención a equidistancia da Barreira con respecto de cinco puntos do seu entorno xeográfica e historicamente significativos: polo suroeste, preto de Vilasusán, lugar da parroquia de San Vicente de Berres, a mentada "*Torre Darriba*"; polo oeste a "*Torre Dabaixo ou de Roi*", no lugar de Pazos; polo surleste, con respecto ó lugar da Mota -topónimo tradicionalmente relacionado co asentamento de torres e castelos - (onde hoxe en día se atopa o Pazo da Mota); polo noroeste, un promontorio elevado con respecto da Fortaleza, que nós consideramos un punto topograficamente ideal para a ubicación dunha construcción destas características -áinda que non temos constancia de edificación algúns na súa cima -, e, polo norleste, con outro montículo -o máis elevado desta área - a carón da Praza e Pazo de Oca. Esta curiosa circunstancia evocounos a posibilidade de que a Fortaleza, disposta nun lugar ben defendido, pero con escasa potencialidade para ver e ser vista ó lonxe, se fixese presente no territorio próximo mediante a disposición destas torres con unha finalidade clara de facer palpable o seu poder xurisdiccional e, ó mesmo tempo, contar cunha rede avanzada de postos de defensa ou de aviso ante posibles ataques, estendendo a súa presencia incluso máis aló da disposición do recinto amurallado.

### **1.5.- Os documentos falan da destrucción: As consecuencias da revolta irmandiña.**

A chegada dos continxentes movilizados na gran revolta irmandiña do século XV marcan o comezo do fin do mundo

das fortalezas. Os sucesos acontecidos na Barreira son narrados por Ferro Couselo:

*"Siguiendo el camino que conduce de Santiago a Orense, marcharon los hermandinos santiagueses a destruir las fortalezas de Taboirós y Vea, engrosando sus filas los de Puente Ulla, que tenía por jefe a Juan Blanco, alcalde, y a Ruy de Sarandón, tal vez también alcalde o cuadrillero. Llegados a la Barrera, a un kilómetro de Oca, con el auxilio que les prestaron los de Taboirós que tenían un jefe en Betote Freiría, de Vea, y el Comendador de Puerto Marín, que allí llegó también con gente de aquella comarca y acompañado del escudero Pero Castrarrón, pusieron cerco a la fortaleza. Emplazaron sus trabucos, distribuyeron su gente y empezaron el asedio para el asalto. No sabemos cuánto tiempo éste duró, aunque hay un testigo que dice que duró tres semanas; pero sabemos que el alcaide de la fortaleza, Alvaro Sánchez, tuvo que salir con la artillería y ballestería que en la misma tenía, para dar libertad a la obra demoledora de los sitiadores, como así lo realizaron con picos, barras de hierro y otros instrumentos.*

*A este derrocamiento siguieron los de las fortalezas de Cira, de Bernal Dianes de Moscoso, y de la de Insua de Vea, de Suero Gómez de Sotomayor, de cuyos derrocamientos nos hablan muchos testigos, algunos de los cuales han sido testigos presenciales, otros fueron parte en la demolición, muchos lo han oído a los antepasados y a los mismos hermandinos, todos ellos dignos de todo crédito"*<sup>68</sup>.

O proceso de reconstrucción posterior á revolta acontecida entre 1467 e 1469 está rexistrado nas fontes documentais, onde tódalas opinións coinciden en suliñar que case que ningunha das fortificacións alcanzou de novo o señorío e grandeza que as caracterizaba con anterioridade ó proceso Irmandiño. No caso particular da Torre da Barreira, sabemos dalgunhas obras de reconstrucción no recinto, novas construcións que ocasionan as diverxencias existentes entre os datos arqueolóxicos do esquema de López Ferreiro e as noticias que nós vimos de comentar neste traballo. De calquera xeito, a chegada de novos tempos, dunha concxuntura política radicalmente diferenciada, dunha mentalidade alonxada do xeito medieval de entende-lo

mundo, e a notable perda de utilidade das fortificacións, van constituir unha serie notable de axudas que acentúan o proceso de paulatino abandono dos edificios da Barreira, decadencia que deixa o recinto nas mans da rapiña daqueles que consideraron que o aproveitamento das súas pedras era a mellor utilidade dun símbolo da Idade Media que xa non tiña senso algúns nos séculos posteriores ó medievo.

**Localización dos restos conservados superficialmente.**





Gráfico nº. 1

Mapa Xeral



2. Situación concreta



Gráfico nº. 2

**Mapa dos Camiños da zona da Barreira** (a partir da obra da profesora Elisa Ferreira)

## BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA

- Couselo Bouzas, Antonio: La **Guerra Hermandina**, Santiago, tip. de El Eco Franciscano, 1926.
- Couselo Bouzas, J.: *Palacios y fortalezas de la mitra de Santiago antes de la guerra hermandina*. **Boletín de la Real Academia Gallega**, 1926, páxina 193 e seguintes.
- De Aponte, Vasco: **Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia**. Editado polo Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500" integrado por Manuel C. Díaz y Díaz (et alii), Santiago de Compostela, Servicio de publicacións da Consellería da presidencia, 1986.
- Del Hoyo, Jerónimo: **Memorias del Arzobispado de Santiago**. Edición de Angel Rodríguez González y Benito Varela Jácome. Transcripción del original de 1607. Santiago de Compostela, Porto y Cia. Editores, 1950.
- Ferreira Priegue, Elisa: *Los caminos medievales de Galicia*. **Boletín Auriense**, 1988, Anexo nº 9, Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense.
- López Ferreiro, Antonio.: **Fueros municipales de Santiago y de su tierra**, Madrid, Ediciones Castilla, 1975. (Orixinal do ano 1895 editado en 1975 polos heredeiros de A. López Ferreiro).
- López Ferreiro, A.: **Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela**. Santiago de Compostela, Edición facsímil da Editorial Sálvora, 1983.
- López Ferreiro, A.: *La torre de la Barreira. Galicia histórica*, tomo I, nº 1, ano 1901, páxinas 35 a 39.
- Reimóndez Portela, M.: "Marcas de canteros de la desaparecida Torre de la Barreira". **Actas do V coloquio internacional de Gliptografía**, Pontevedra, Excma. Diputación Provincial (et alii), Julio de 1986.
- Rodríguez González, A.: **Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños"**. Pleito Tabera-Fonseca. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de La Maza, 1984.
- Varela Castro, Pedro: **La Estrada**. Santiago de Compostela, Tipografía de "El Eco de Santiago", 1923.

## NOTAS:

<sup>1</sup> No ano 1524 Don Alonso de Fonseca tomaba posesión da sede de Toledo e deixaba vacante a sede compostelá da que se facía cargo Don Juan Tabera, que lle reclamaba ó primeiro que se fixesen e reedificasen algunas fortalezas que a Mesa Arcebispal tiña en Galicia, xa que os danos sucederan durante o seu episcopado. Ó negarse Fonseca, deciden poñer o caso nas mans de árbitros para que presentasen todo tipo de probas e informacións que puidesen clarificar os feitos. O complexo da situación provoca un cúmulo de desacordos. Simplificando os acontecementos, convócase a 184 testemuñas que contestan ós cuestionarios plantexados sobre a situación das diversas construccóns.

Este cuestionario e as súas respuestas é o que nos facilita a investigación sobre os elementos arquitectónicos, a disposición e a ubicación da *fortaleza da Barreira* e, por isto mesmo, constitúese o preito no elemento indispensable para o coñecemento de calquera das fortalezas medievais que se atopaban nas terras do arcebispado compostelán. O noso coñecemento do contido desta fonte documental ten sido facilitado pola súa publicación: Rodríguez González, A.: **Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños". Pleito Tabera-Fonseca**. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de La Maza, 1984. (A partir deste momento citado como "Fortalezas de la Mitra...").

<sup>2</sup> Concretamente, falando en termos más cuantitativos, temos seleccionado para a contabilización tan só aquelas ocasións nas que os calificativos acompañan directamente ó nome da fortificación que analizamos. É dicir, temos excluído do estudio unha serie de mencións que puideran incluso ampliar as nosas conclusóns sobre o proceso, como tódalas listas de nomes que empregan un só calificativo ó comezo da serie coma por exemplo: "o Castelo de Otes, de Peñafiel, de Darabo...". Prescindindo desta serie de plurais indefinidos, e contabilizando únicamente as mencións directas, son en total 97 as ocasións nas que se fai referencia á Barreira, constituíndo un total de 94 as veces nas que se emprega o concepto "fortaleza" fronte a unha mención coma "torre" e a dúas coma "casa".

<sup>3</sup> Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 389, testemuño de Juan Robalino (O Vello).

<sup>4</sup> "e dize este dicho testigo que al tiempo quel dicho señor Patriarca fiz e llebanto la fortaleza de Montesagro que todos sus criados e serbidores e caballeros que le querian bien y deseaban su serbiçio le dieron por consejo y acuerdo que la llebantase", Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 363-364, testemuño de Juan de Mondragón , coengo da Catedral.

<sup>5</sup> "...quel dicho señor Patriarca [...] mandara labrar e adresçar la torre de la villa de Caldas de Reis porque estaba toda desmaderada y descubierta y el testigo tomara la dicha obra por mandado del dicho señor Patriarca para fazerla como oficial de carpintero que hes y dize que la fiziera y labrara de tres sobrados en la torre y en el cuerpo de la casa una sala y otra antesala y los texados y puertas y bentanas por lo qual todo por hazerlo dieran a este testigo quinze mill marabedis pares de blancas [...] y la madera que en la dicha torre y sala y antesala se posiera e la clabazon dize este testigo **que la comprara el tesorero Nicolas de Azevedo**, la qual madera e clabos dize este testigo que costaria a su parescer veinte mill marabedis." Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 414, testemuño de Juan Gonzalez de Villaviciosa.

<sup>6</sup> "... que fazia a sus vasallos que serbiesen en ellas por premias que les ponian e maiordomos que se las exsecutaban las dichas penas pero que los oficiales que las

labraban dize este dicho testigo que vido quel maiordomo que cogia las rentas del dicho Diego d'Andrade que se llamaba Pedro de Timirans que bibía en la Puentesdeume pagaba los dichos oficiales que en ellas labraban porquel testigo xe las bio ansi pagar al dicho maiordomo y las vido pagar a un Rodrigo Míquez, maestro de las obras de las dichas fortalezas". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 437, testemuño de Rodrigo Ares.

7 "quel dicho señor Patriarca traia oficiales de canteria y los labradores le serbian con la serpentia y a los dichos oficiales les daba de comer y pagaba Fernando de Capillas, criado del dicho señor Patriarca". A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 508, testemuño de Lopo de Pallares.

8 "Item mando que todos los Moordomos q.<sup>e</sup> foren de Afonso Vazques meu Padre, et despois meus q.<sup>e</sup> lles non demanden contra ninguna, et que todas las couas que recabdarón et gastaron por lo dito Afonso Vaazq.z , et por min asta este dia, que eu os dou por quitos, et libres, et frances..." *Testamento de Pero Vaazques da Insua*, **Boletín de la Real Academia Gallega**. Colección de documentos históricos. A Coruña, Imprenta Moret, 1931. Tomo II.

9 Vasco de Aponte: **Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia**. Editado polo Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500" integrado por Manuel C. Díaz y Díaz (et alii), Santiago de Compostela, Servicio de publicacións da Consellería da presidencia, 1986, páxina 159 (Casa das Mariñas). -Dende agora citado como "Recuento"-.

10 "que en las dichas fortalezas de la Barrera y de las Rochas abia merinos y alcaldes por el arzobispo de Santiago ". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 461, testemuño de Martín de Tarrio.

"... siempre las a visto tener e poseher a la dicha Santa Iglesia de Santiago e a los arzobisplos y prelados della poniendo en ella sus alcaldes e merinos e mandandolas como cosa suya propia.". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 73, testemuño de Antonio González, notario de Pontevedra.

11 "En varios casos los arzobisplos de Santiago cedieron en préstamo, no en feudo, esta fortaleza con la extensa comarca que de ella dependía, a alguno de los más poderosos magnates gallegos, que como gran favor ambicionaban su tenencia [...] A f. del s. XIV la posesión de esta fortaleza fue objeto de una gran controversia entre el arzobispo compostelano Don Juan García Manrique y el conde de Trastamara Don Pedro Enríquez, nieto de don Alfonso XI. Por su esposa Doña isabel de Castro pretendía el conde la posesión de esta casa fuerte y la de Castro de Montes, las cuales había tenido a lo que parece, en préstamo por los arzobisplos de Santiago, su suegro Don Álvaro Pérez de Castro. Ya en el año 1384 el rey Don Juan I había librado una provisión para obligar a su primo, el conde don Pedro, a hacer entrega al arzobispo de las dos fortalezas con sus respectivas tierras". López Ferreiro, A.: *La torre de la Barreira. Galicia histórica*, tomo I, nº 1, ano 1901, páxinas 35 a 39.

12 Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 364, testemuño de Juan de Mondragón.

13 "Y luego de allí a pocos días ymbio a Lope de Cadavo con algunos escuderos y peones con lo nescesario para Cira ". Vasco de Aponte: **Recuento**. Páxina 183 (Casa de Moscoso).

- 14 "Testamento de Don Fernando Álvarez de Carantoña, capitán del Conde de Altamira". **Boletín de la Real Academia Gallega**, A Coruña, Imprenta Moret, 1931, tomo IV.
- 15 Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 461, testemuño de Martín Tarrío.
- 16 "Y dejo allí el arcebispado por alcaldía a Juan Mariño de Lovera, que era de antigua caballería". Vasco de Aponte: **Recuento**. Páxina 183 (Casa de Moscoso).
- 17 Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 487, testemuño de Afonso López de Gaibor.
- 18 A información que comentamos aquí sobre este "preito homenaxe" ten coma base o documento "Pleito homenaje que hizo Ruy Sánchez de Moscoso de tener por el arzobispo Don Lope de Mendoza el castillo de Jallas". López Ferreiro, A.: **Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela**. Santiago de Compostela, Edición facsímil da Editorial Sálvora, Apéndice documental, números II e III, páxinas 6 - 18, 1983.
- 19 "Que había guerras al conde de Altamira cuia heredades la fortaleza de Cira del dicho castillo de Monte Sagro e de la fortaleza de la Barrera se juntaban a uno contra ellos y aseguraban los dichos caminos para dejar pasar los dichos mantenimientos e se aseguraban más sobre la tierra del conde". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 302, testemuño de Pedro de Vigo.
- 20 "[Sobre o castelo do Pico Sacrol...que aseguraba mucha parte de los dichos daños que se hazian porque el dicho señor Patriarca tenía a la contigua en ella al dicho tiempo alcalde con peones y con la gente de alrededor con que aseguraban la pasaje de los dichos caminos e puentes de la Ulla y de Ledesma]". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 378, testemuño de Gonzalo de Cardeleiro.
- 21 "[faldando da prisión do arcebispo de Santiago por Bernal Dianes de Moscosol ...y de allí lo llevaba a la fortaleza de Ferreira y quel padre deste testigo y otros hidalgos de la dicha tierra lo guardaban a semanas e quel susodicho así lo oyó decir al dicho su padre que fue uno de los que lo guardaban en Mens y en Ferreira]". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 381, testemuño de Gonzalo de Cardeleiro.
- 22 "abía un otro caramachón e torre peiturilado e almenado sin cobertura e que iban a bajar allí algunas bezas" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 67, testemuño de Juan Besteiro.
- 23 "e que la gente de la tierra servían en la obra así carreteando barro e piedra todos por sus roldadas, cada feligresía según que le cabía e le mandaban e que cree que dicho señor Patriarca pagaría a los oficiales que labraban en la dicha obra como quería quel dicho señor Patriarca repartiera o hiciera repartir la acción pola que se determina a cuantía a cobrar a cada vasallo do señor dineros a los vasallos e personas de la dicha tierra a cada uno lo que le parecía, porqué dicho testigo dice que vido que su padre deste dicho testigo pagara del dicho repartimiento una doble, pero el dicho testigo no sabe si se repartía para la dicha obra, si para otra cosa [...] si el dicho repartimiento que dicho heredado se hizo a todos los vecinos e basallados de la dicha Barrera como a su padre ni si el dicho su padre dio la dicha doble por bájica de repartimiento si por una semana que faltara de ir a carretar e servir en la dicha fortaleza". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 114, testemuño de Pedro de Costenla.

- <sup>24</sup> “El camino de **Puente Sarandón**. Es el camino que recorre el *caminho Breeiro* de Forcarey por tierras del Ulla hasta Santiago. Este último tramo es difícil y carece casi por completo de testimonios escritos. El camino se pierde en la compleja red vialia del valle del Ulla. Sin embargo, y sabiendo que va en dirección a un puente documentado en la Edad Media, el itinerario más probable es por Forca da Lagoa, Boi Morto, Senteiro, Curantes, Brey, San Pedro de Ancorados, Porto, O Francés, Pereiro, Vilancosta, Ribeira y Ponte de Sarandón. Cruzando el Ulla, pasa cerca de San Cristobal de Merín y se une al camino de Ourense cerca de Lestedo. Este último tramo desde el puente está reconstruido a partir de la vereda que aparece en el mapa de Fontán, y no ofrece más garantía que la ayuda de los topónimos y algunas referencias fragmentarias, como la de la fortaleza de la Barreira, que se alzaba a la vera de este camino, en la parroquia de S. Martín de Riobó.” Ferreira Priegue, Elisa: *Los caminos medievales de Galicia. Boletín Auriense*, Ourense, Anexo nº 9, Museo Arqueológico Provincial, 1988, páginas 120 a 121. A profesora Ferreira engade a seguinte nota documental: “1565: Foro del lugar de Vilancosta, feligresía de San Vicente de Berres, que linda con el “camino que ba de la Puente Sarandones a la fortaleza de la Barreira”” A.H.D., Santiago, San Martín Pinario, Pr. de Sar, M. 47 a 49, Carpeta 28.
- <sup>25</sup> “bido sobre la puerta que se llama la puerta de Marina Carrera una torre de piedra labrada como agora esta e que entoncés se moraba y hestaba maderada e cubierta de colmo en que moraba al dicho tiempo a la contina un peón e que agora no moraba nadie en ella”. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, página 66, testemuño de Juan Besteiro.
- <sup>26</sup> Jerónimo del Hoyo: **Memorias del Arzobispado de Santiago**. Edición de Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome. Transcripción del original de 1607. Santiago de Compostela, Porto y Cia. Editores, 1950.
- <sup>27</sup> López Ferreiro, A.: *La torre de la Barreira. Galicia histórica*, tomo I, nº 1, año 1901, páginas 35 a 39.
- <sup>28</sup> Varela Castro, Pedro: **La Estrada**. Santiago de Compostela, Tipografía de “El Eco de Santiago”, 1923.
- <sup>29</sup> Reimondez Portela, M.: “*Marcas de canteros de la desaparecida Torre de la Barreira*”. **Actas do Vº coloquio internacional de Gliptografía**, Pontevedra, Excma. Diputación Provincial (et alii), Xullo de 1986. É de destacar a nota na que se cita ó Arquitecto técnico D. Ramiro Goldar Soto como responsable do alzado de planos, e a D. Javier Paz Vidal como executor da confección de planos e debuxo suposto do aspecto físico da torre.
- <sup>30</sup> Interrogatorio presentado polo procurador do arcebispo de Santiago. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, página 17.
- <sup>31</sup> Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, página 21 a 39.
- <sup>32</sup> Fray Bartolomé (página 57 e ss.), Lopo de Pallares (página 508 e ss.), Alonso Morete (página 111 e ss.), Gómez de Goyanes (página 43 e ss.), Juan Melgarejo (página 286 e ss.), Gonzalo García de Baamonde (página 180 e ss.), Pedro de Costenla (página 113 e ss.), Juan Colmeiro (página 190 e ss.), Fernán Preto (página 188 e ss.) e Juan Besteiro (página 66 e ss. Tamén 334 e ss.). Tódalas referencias con respecto a Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**.

33 Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 113, testemuño de Pedro de Costenla.

34 “e ques acordado el dicho testigo que subieron arriba a dos sobrados de la bara de casa de la dicha fortaleza e que hera una torre muy alta e muy fremosa aguinaldada e que era de piedra de grano labrada e bien echa e que tenia otras torres alde-redor de la dicha bara de casa e que no acuerda quantas heran, las quales heran labradadas muy bien de piedra de grano argamasada e que la bara de la dicha casa sobrepujaba en altura a las otras torres de la dicha fortaleza”. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 111, testemuño de Alonso Morete.

35 Así o confirman os testemuños de Juan Besteiro e de García de Baamonde; “que ansi bido sobre la puerta que se llama la puerta de *Marina Carrera* una torre de piedra labrada como agora esta e que entonces se moraba y hestaba maderada e cubierta de colmo en que moraba al dicho tiempo a la contina un peon e que agora no mora nadie en ella por estar descubierta e no aderezada” Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66, testemuño de Juan Besteiro; “a la entrada de la qual abia una puerta e torre que dezian de *Marina Carreira* e que tenia su baluarte por defuera almenado que cubria un onbre a caballo” Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

36 “[...] e dize el dicho testigo que entre la cerca e incinto primero desde la primera puerta que se dize la *puerta falsa* que hesta la torre que se dize de Marina Carreira” Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

37 “a la entrada de la qual estaba una torre e puerta que dezian de Mariña Carreira [...] y dentro de la dicha torre con su muger” Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

38 “abia otra *cerca y encinto postrero* que cercaba la dicha fortaleza enderredor con muro grueso e almenado labrado de piedra de grano labrada a la entrada de la qual estaba una torre e puerta que dezian de Mariña Carreira” Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

“e que comenzaba desde la dicha puerta hasta bolber a ella el *incinto en derredor de la dicha fortaleza* el debajo del qual hera de piedra e de la manera questa agora un pedaço de muro questa tras la torre parda” Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

39 Aínda tratándose dunha especulación puramente subxectiva, de cara á construción dunha hipótese, tendo en conta indicios indirectos como a altura do baluarte á entrada da fortificación, a disposición da porta-torre cunha altura dun piso, así como a altura dos muros doutras fortificacións deste intre histórico que se conserván en pé, fan pensar en que a altura dos lenzos da muralla, a partires do nivel do chan, podería estar sobre os 6 metros de altura. Desta maneira, nalgúns zonas da Barreira o muro podería alcanzar os 12 metros de altura, sendo menor noutros lados (coma por exemplo na cara Norleste) no que a disposición do terreo acentúa o aspecto defensivo da edificación e facilita o asentamento deste muro de peche.

40 “Primeramente allaron que falta una almena en el *adarme de fuera*, entrando por la puerta a mano ezquierda [...] Otrosi hallaron questa desvaratado el petril del adarve, nueve tapias en largo y fue de manposteria e de barro de lo qual tiene nescesi-

dad de tornarse a hazer...]" Valoración de los daños en las fortalezas. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 576.

41 "e dize el dicho testigo que vido al dicho tiempo un baluarte luego a la entrada de la primera puerta abaxo un poco un baluarte echo de piedra menuda e tierra, la qual se hiziera quando estaba cercada la dicha fortaleza de la Barrera porque dize que de antes no lo abia como agora no lo ay el qual dize que hera de altura de un honbre" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

"abia una puerta e torre que dezian de Marina Carreira e que tenia su baluarte por defuera almenado que cubria un onbre a caballo" Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

" [...] con su baluarte por de fuera almenada que cubriria un onbre a caballo" Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 21 a 39.

42 Véxase na nota 39 o testemuño de Juan Besteiro.

43 "bido quel dicho incinto un **torrejon** descubierto al rincon donde hasta la hera ques a la mano derecha como entran en la dicha fortaleza por la dicha puerta de Marina Carrera, el qual hera descubierto y almenado y con sus saeteras y troneras e con sus peituriles" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

44 "y entrando por ella [pola porta de Mariña Carreira] en el primero patio sobredicho azia el rincon de la mano derecha donde agora esta la hera del pan solia aber **otra torre descubierta** con su peitoril y almenas de canteria" Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

45 "dize que vido quel dicho señor patriarca fesiera llebantar en la dicha fortaleza la torre en questa el suetano e ansimismo otro torrejon redondo questa cerca della que se llamaba de Belputo" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 508, testemuño de Lopo de Pallares.

46 "que fue que llevanto la torre que llaman Redonda y la de sobre la puerta" Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

Convén facer significación de que as noticias sobre as 3 torres da muralla exterior son moi escassas e confusas, polo que a súa ubicación e denominacións son case que imposibles de fixar. Desta maneira ten que quedar claro que, ante a escaseza de informacións, os datos que establecemos sobre estes tres elementos e a súa disposición son absolutamente hipotéticos e falto dos más básicos indicios históricos que permitan actuar cunha mínima seguridade. En consecuencia, queda claro que só coñecemos os seguintes detalles: que o recinto amurallado tiña 3 torres e que dos diversos testemuños se teñen anotado 4 nomes diferentes de torre (Torre Parda, Torre Redonda, Torre de Belputo e Torre del Suétano). A asociación é imposible, e nada impide, por exemplo, que douce destes nomes se teñan empregado para designar a mesma torre, ou que algún destes nomes designe algunha das outras tres torres situadas no segundo muro máis próximo á edificación principal. Queda patente pois que no que respecta a este elemento, as conclusións que plasmamos son un exercicio puramente especulativo elaborado a partires de indicios absolutamente indirectos, labor que se exerce nun intento de proporcionar un pouco de claridade na confusión.

47 [...] al rincón donde hasta **la bera** ques a la mano derecha como entran en la dicha fortaleza por la dicha puerta de Marina Carrera" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

"ecepto que dize que la dicha torre descubierta que se contiene en la pregunta quies-taba hazia donde agora **la beira del pan** el dicho testigo no hes acordado della al presente". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 190, testemuño de Juan Colmeiro.

"y entrando por ella [pola porta de Mariña Carreira] en el primero patio sobredicho azia el rincón de la mano derecha donde agora esta la **bera del pan**" Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

48 "estaba **otra puerta que se dezía de en medio** y ençima tenia su peitoril alme-nado y apósteno para la guardia de la dicha torre y puerta" Interrogatorio presenta-do polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxi-na 21 a 39.

"En entrando en el dicho primero corral e entrada abia una otra puerta que se dezía la puerta de en medio que se cerraba con la dicha barbacana e inçinto de manera que quedaba de fuera el dicho corral primero entre las dichas dos puertas, la qual dicha puerta se cerraba con sus puertas de madera con su fechadura e zerrojos en la qual dicha puerta abia un otro caramachón e torre peiturilado e almenado sin cobertura e que iban a belar allí algunas bezes". Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

49 "e que abia ansimismo una **mina** desde el corral donde esta la puerta de Marina Carreira, la qual ba por debajo de tierra hasta el río, la qual vido abierta e limpia e que agora esta tapada de dentro de la torre e que no sabe si esta tapada de dentro o no" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

50 É esta unha teoría aventurada e sen fundamento documental algúin. Pero non é improbable xa que ó carón do río, en ámbolos lados, apréciase unha especie de soporte en pedra que podería aguantar dunha ponte, soporte que está moi preto da entrada dunha cova (hoxe completamente obstruída) na que -segundo testemuñas actuais - as persoas que traballaban no taller construído a poucos metros deste punto, poñían a secar as pezas barnizadas xa que secaban moi rápido debido ás correntes de aire que se producían nesta cova. Desta maneira a Barreira contaría cunha vía de escape en caso de ataque, de acceso doado a algo tan indispensable coma a auga ou cunha maneira de facilita-lo abasto da fortificación. Son moitas as obxeccións que se lle poden plantear a esta teoría, coma por exemplo o importante desnivel existente da outra banda, co que o camiño non sería practicable máis que para individuos a pé, ou incluso que esa ponte, de ter existido, podería terse feito para a chegada ós muíños e talleres de madeira que durante séculos aproveitaron a enerxía hidráulica do río Boo ós pés da Barreira, pero cando menos quede expresada aquí a que quere ser unha idea suxeita á crítica tanto para a súa confirmación como para o seu rexeitamento definitivo.

51 " [...] E dize el dicho testigo que entre la cerca e inçinto primero desde la primera puerta que se dize la puerta falsa que hasta la torre que se dize de Marina Carrera fasta ir dar a la puerta que dicho tiene que se dize la puerta del medio abia una **bar-bacana** con un torrejoncico muy bien echa e aderezado segun esta el dicho muro

que hasta cabe la torre parda segun dicho tiene con sus almenas e peiturile bien echas" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 66 e 334, testemuño de Juan Besteiro.

"abia una barbacana de la misma manera que llegaba desde la puerta de la cerca primera de cabe la bara de casa hasta la cerca de fuera" Rodríguez González, A.: Fortalezas de la Mitra, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

52 Tampouco temos constancia documental que nos permita rexeitar rotundamente a existencia dun foxo, pero a súa presencia parece innecesaria. Por outra banda, parece lóxico pensar que pola doada disposición desta zona, absolutamente chan, a pedra da barbacá se teña extraído sen contemplacións afectando incluso esta extracción ás pedras que constituían os cimentos, quedando así á vista o oco producido por este proceso.

53 "en medio del patio de dentro una **bara de casa torre de omenaxe** de tres o quatro sobrados guinaldada con sus almenas sobre el aguinaldada cubierta e tejada de teja sobre madera y encima en el remate del tejado una taza o bazía de piedra grande y la pared de dicha bara de casa de cantería de piedra de grano y argamasa de anchor de mas de media lança bien cumplida" Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

"e ques acordado el dicho testigo que subieron arriba a dos sobrados de la bara de casa de la dicha fortaleza e que hera una torre muy alta e muy fremosa aguinaldada e que era de piedra de grano labrada e bien echada" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 111, testemuño de Alonso Morete.

"Que a visto e bido la dicha fortaleza de la Barrera antes que fuese derribada e derrocada e que la bido en el primero patio de la dicha casa que tenía una bara de casa e de omenaxe alta e asobradada de dos o tres sobrados e que hera almenada e cubierta de teja sobre su madera y en medio del tejado tenía un capitel a manera de salón-brero de piedra e que la pared de la dicha torre hera de piedra de grano e argamasa e que hera muy ancha" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

54 "e que la bara de la dicha casa sobrepujaba en altura a las otras torres de la dicha fortaleza". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 111, testemuño de Alonso Morete.

55 "que sabe e tiene noticia de la Barrera porque la bido y estubo en ella muchas veces e dize el testigo que se acuerda aber bisto en la dicha Barrera llevantada la bara de casa y que hera muy fermosa de piedra de grano labrada trabada **e con cal**" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 57, testemuño de Fray Bartolomé.

"que la dicha fortaleza de la Barrera tenía una bara de casa en medio que hera alta de tres o quattro sobrados y las paredes de cal i canto e hera enguinaldada e almenada y hera cubierta e tejada" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 188, testemuño de Fernán Preto.

"bido llevantada la fortaleza de la Barrera e que tenía una bara de casa de omenaxe alta de piedra de grano y de cal y argamas y que hera muy ancha en gran manera y que tenía tres sobrados y de la manera que hasta en la dicha pregunta [...] excepto que dize que la dicha torre descubierta que se contiene en la pregunta questaba hazia donde hasta agora la heira del pan el dicho testigo no hes acordado della al presen-

te". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 190, testemuño de Juan Colmeiro.

56 "a los lados de la dicha torre abia dos salas de aposento labradas de piedra de grano y cubiertas de madera de castaño debaxo de las cuales avia caballericas y pesebreras con todo su atabio y serbiçio para mas de çien caballos cerca de las cuales estaba un poço muy bien labrado con sus gradas de canteria que baxaban hasta llegar a la agoa a fondo del dicho poço". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

"a los lados de la dicha torre abia dos salas de aposento grandes e buenas labradas de piedra de grano cubiertas de madera debajo las cuales abia sus caballericas e pesebres e que no save los caballos que caberia en ellos pero que heran bien largos y un paço bien labrado de piedra de grano e a la otra parte de la bara de casa abia un forno grande". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

57 "en la qual cerca abia tres torres altas no muy grandes de dentro que heran de piedra de grano de cal y canto y almenadas e de un sobrado cada torre" Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 180, testemuño de Gonzalo García de Baamonde.

58 "lo qual todo cercaba buen çinto de pared gruesa de piedra de grano con sus almenas y andameos alderredor en que abia tres torres altas e grandes cubiertas de madera de castineiro y texadas con texas labradas de calicanto y almenadas y enguinaldadas y de buen aposento". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

59 "y demas en la dicha cerca abia una entrada que se cerraba con quatro puertas muy fuertes". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

60 "e desde alli [dende a porta do medio] **basta la puerta de la torre de la cerca primera** [o interrogatorio define como "cerca primera" a que rodea á Torre da Homenaxe] **del encinto** de la que cobria un onbre a caballo que no se pudiese descubrir desde los montes de fuera". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

61 Reimondez Portela, Manuel: Opus cit. (vid. nota 29), páxina 638.

62 "e junto al dicho incinto y torres habia **una barbacana** con su muro almenado y sus torrejones de piedra de grano que comenzaban desde la dicha puerta de la çinta primera de cabe la bara de casa hasta la cerca del patio de fuera". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39 (cita en páxina 27).

63 "y dentro del dicho lienzo, torre y puerta estaba el segundo patio en que abia una iglesia y hermita bien hedeficada que se dezia de Santa Maria de Castro o Barrera". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39.

64 "dice que vido quel dicho señor patriarcha fesiera llebantar en la dicha fortaleza la torre en questa el suetano e ansimismo otro torrejon redondo questa cerca della que se llamaba de Belputo e ansimismo **una barbacana questa bazia** el rio de la parte

de la torre donde está el suetano que es en la cerca baja". Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 508, testemuño de Lopo de Pallares.

65 Véxase a cita da nota nº 64.

66 "y que abia otros hedefíos de serbiço y aposentos". Interrogatorio presentado polo Dr. Pedro de Cisneros. Rodríguez González, A.: **Fortalezas de la Mitra**, páxina 21 a 39 (cita na páxina 27).

67 Xurde a teoría comentada neste epígrafe no momento en que Salvador Barros pon no meu coñecemento a existencia dalgúns microtopónimos que identifican unhas supostas "Torre Darriba" e "Torre Dabaixo ou de Roi". Aquí semella que no seu momento apareceron, cunha profunda alteración -ó estar nunhas terras de labor -, algúns pequenos indicios dos cimentos dunhas posibles torres de reducidas dimensións. A proximidade coa Barreira dou pábulo ó resto de plantexamentos deste apartado.

É aquí onde quero manifestar un profundo agradecemento, e un reconecemento explícito, ó xa citado Salvador Barros Nogueira. Compartindo comigo e contaxiándome os seus coñecementos, interese e curiosidade, fixo que xurdise en min a inquietude necesaria para proceder co estudio da Fortaleza da Barreira. Sen a súa axuda, a súa erudición -compartida sen ningunha limitación - e os seus ánimos, moi posiblemente, este artigo, que no seu momento foi un cúmulo de teorías sen aspiracións de quedar plasmadas no papel, nunca tería tomado forma. De xustiza sería que o seu nome figurase tamén ó final dun traballo que, cando menos pola idea orixinal e polas múltiples conversas mantidas durante a súa elaboración, é tan seu coma meu.

68 Couselo Bouzas, Antonio: **La Guerra Hermandina**, Santiago, tip. de El Eco Franciscano, 1926, pax. 31-32.



1.- Restos da muralla.



2.- Cruz procedente da fortaleza da Barreira



Algunhas das moitas bolas de pedra encontradas nos arredores da fortaleza e que hoxe son empregadas como motivo decorativo en casas do lugar dos Besteiros.



## OS TROBADORES DE TABEIRÓS

Mercedes Brea

A cantiga que leva o número 142 (a tensó *Vi eu donas ence-lado*) no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*<sup>1</sup> (coñecido -antes de ser adquirido por esa institución- como Colocci-Brancuti, porque fora mandado copiar por Angelo Colocci nas primeiras décadas do século XVI, e descuberto por Costantino Corvisieri -que informou inmediatamente da súa existencia a Enrico Molteni, o primeiro filólogo moderno que se ocupou del- na biblioteca do conde Paolo Brancuti de Cagli en 1875<sup>2</sup>) vai acompañada dunha *razó* (breve texto explicativo, en prosa) ou "rúbrica explicativa" que di o seguinte:

*Esta cantiga fez Pero Velho de Taveiroos e Paay Soarez, seu irmão, a duas donzelas muy fremosas e filhas d'algo assaz que andavan en cas dona Mayor, molher de dom Rodrigo Gomez de Trastamar. E diz que se semelhava huā a outra tanto que adur poderia homem estremar huā da outra; e seendo ambas huū dia folgando por huā sesta en huū pomar, entrou Pero Velho de sospeita, falando con ellas. Chegou o porteiro e levantou-o end'a grandes enpuxadas, e o trouxe-o muy mal.*

Este texto intenta explicar de algunha maneira o contido da cantiga (dun xeito similar a como o facían -en moitos casos, ampliándoo ata constituir un auténtico relato breve- os cancioneiros provenzais), pero o que neste momento nos interesa son as referencias que nos proporciona en relación co

nome e a biografía dos dous trobadores que participan na contenda poética:

a) por unha parte, sinala que Pero Velho de Taveirós (do que non chegaron a nós outras composicións) e Pai Soarez son irmáns;

b) pola outra, sitúaos no entorno dun dos máis importantes nobres galegos do século XIII, D. Rodrigo Gómez de Trastamara, conde de Traba.

Carolina Michaëlis de Vasconcelos<sup>3</sup> identificara a Pero Velho con Pero Soares Escaldado (CA, II, pp. 309-312), pertencente á liñaxe portuguesa dos Velhos, apoiándose nas súas relacións de parentesco con María Pais Ribeira e tamén na súa vinculación (e a de seu irmán) a outro trobador, Martin Soarez. Pero António Resende de Oliveira<sup>4</sup>, estudiando atentamente os Livros de linhagens medievais, non atopa na familia dos Velho ningún Pai Soarez que poidera ser irmán do Escaldado; por outra parte, tampouco atopa mención que permita asociar unha familia "de Taveirós" ós Velho portugueses (nin tan siquera a outras liñaxes portuguesas). Pola contra, e como xa notara a propia C. Michaëlis, destaca a existencia de Taveirós (ou Taberíos) como topónimo galego e, ánda mais, advírtete que o *Livro de linhagens do Conde Don Pedro* preservou un elemento indicador da existencia dunha liñaxe galega con ese nome na figura de D. Rica de Taveirós, avó de unha Sancha Rodrigues casada con Fernão Gonçalves Churrichão; ademais, en 1267 aparece mencionado un D. Vasco Peres de Taveirós, que, tanto polo apelido e nome de familia como pola crono-loxía, pode ser fillo de Pero Velho, nunha donación feita pola súa muller ó mosteiro de Carboeiro.

En canto a Pai Soarez, do que, ademais desta tensó e doutra que mantén con Martin Soarez, se conservan dez cantigas de amor<sup>5</sup> (que aparecen casi todas tamén no *Cancioneiro da Ajuda*) e tres de amigo<sup>6</sup>, unha das razóns que levara a C. Michaëlis a supoñelo portugués foi a identificación de Pai Moniz (que figura como pai da dona cantada polo trobador na famosa *cantiga da guarvaya*, a que comenza *No mundo non me sei parella* -A 38-) cun noble portugués, sen ter en conta que na documentación galega do mesmo período aparecen




Personaxe mostrando un libro. Ábsida da Igrexa de Santiago de Taboada-A Estrada.

polo menos tres individuos do mesmo nome pertencentes a outras tantas liñaxes nobles galegas: Paio Moniz de Rodeiro, Paio Moniz de Refronteira, Paio Moniz Varela<sup>8</sup>. Se o personaxe en cuestión poidera se-lo primeiro destes<sup>9</sup>, o contexto xeográfico (Rodeiro) non nos levaría moi lonxe das terras de Taboada, co que os datos dispersos que se poden ir adxuntando en relación con estes trobadores irían encaixando.

Lembremos tamén que, complementariamente a canto levamos indicado, tñase situado ós nosos trobadores na corte portuguesa de Sancho I (morto en 1211), porque a filla de Pai Moniz Ribeira, María Paez Ribeira, foi amante dese rei. Se, como propoñemos máis arriba, hai que pensar noutro Pai Moniz (tal vez o de Rodeiro), esa hipótese carecería de apoio, porque as relacións co tamén trobador Martín Soarez poderían telas establecido mesmo na corte castelán de Fernando III. E, en última instancia, o dato aportado polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (de que estaban na casa de D. Rodrigo Gómez de Trastamara ou Traba), xunto co resto das argumentacións -coincidentes- presentadas por António Resende de Oliveira mais Gema Vallín<sup>10</sup>, conducen a facer más verosímil a hipótese de que **o Taveirós que aparece como nome de familia destes trobadores corresponde efectivamente ó que forma parte na actualidade do concello da Estrada.**

Algún outro documento, ademais do xa citado que menciona a Vasco Perez de Taveirós, pode vir a confirmar esta posibilidade. Así, en 1279, aparece, nun documento de venta ó mosteiro de Oseira, un Lourenço Perez de Taveirós, que,



Músico da ábsida do templo parroquial de Santiago de Taboas.

igual que Vasco, podería ser fillo de Pero Velho; e, en 1300, un Iohan Vasques, "cavaleiro de Taveyros" (¿fillo de Vasco, e, polo tanto, neto de Pero Velho?), recibe a encomenda do mosteiro de Oseira de defender varias terras, entre elas a de Ceredo.

Desta maneira, Pero Velho (que sería o irmán maior) e Pai Soarez de Taboas móstranxenos - tanto por eses escasos datos que podemos acopiar como pola posición que ocupan nos cancioneiros- como dous dos más antigos trobadore galegos (primeiras

décadas do século XIII), pois anteriores a eles só aparecen algúns nomes que corresponden a trobadore situados fora da xeografía galega e portuguesa. Pertencían á pequena nobleza galega (a propia presencia no *Cancioneiro da Ajuda* de Pai Soarez corrobora este rango) e formaban parte da que posiblemente sexa a "primeira corte poética galega" da que temos noticia, a de D. Rodrigo, conde de Traba e personaxe influínte na política da época.

Aínda que carezamos de más información fiable ó respecto, non podemos tampouco deixar de traer a colación a existencia na zona de varias igrexas románicas (a propia de Taboas, ou a próxima de Ouzande, por exemplo), a presencia dun mosteiro feminino da orde benedictina en Codeseda (que estivo rexido sempre por relixiosas pertencentes á pequena nobleza local), ou a mesma pervivencia da "torre de Guimarei", que parecen redundar tamén na existencia dalgúnha familia de certa relevancia nun período que pode coincidir coa cronoloxía destes trobadores.

## NOTAS

<sup>1</sup> Aparece reproducida só neste cancioneiro; non figura, pois, nin no *Cancioneiro de Ajuda* nin no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*.

<sup>2</sup> Posteriormente pasou ás mans doutro ilustre filólogo italiano, Ernesto Monaci, a quem primeiro llo deberon presta-los propietarios e despois vender (en 1888). Posto á venta en 1918 polos herdeiros de Monaci, a pesar da vontade expresa deste de que fose “sempre conservato alla pátria italiana”, foi adquirido polo Goberno portugués en 1924, e dende entón atópase na Biblioteca Nacional de Lisboa, onde posúe a cota *cod 10991* e onde foi recentemente obxecto dunha restauración, vixiada por dúas das mellores coñecedoras do códice, a profesora italiana Anna Ferrari e a súa colega portuguesa Elsa Gonçalves.

<sup>3</sup> *Cancioneiro da Ajuda* (= CA), reimpresión da edición de Halle, 1904, en Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1990 (2 vol.).

<sup>4</sup> Cfr., sobre todo, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Colibri, Lisboa, 1994, pp. 424-425.

<sup>5</sup> Esta dona, chamada Urraca Eanes, podería ser quizais irmá de Nun'Eanes Cérzeo, que J. A. Souto Cabo (“Achegas documentais sobre Nun'Eanes Cerzeo, trovador galego da primeira metade do século XIII”, *Romanica Vulgaria Quaderni* 13/14, 1989-94, pp. 147-176) documenta como pertencente a Cercio, no Concello de Lalín.

<sup>6</sup> Algunhas delas poden ser mesmo “escarnios de amor”.

<sup>7</sup> Son as únicas que están no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (además de no da *Biblioteca Nacional de Lisboa*), porque, como é sabido, neste cancioneiro falta un bloque de textos que se corresponden coa parte inicial de *B*, que é xustamente onde está incluído Pai Soarez.

<sup>8</sup> Cfr. A. Resende de Oliveira. Depois do espectáculo..., pp. 401-402.

<sup>9</sup> Véxase ó respecto G. Vallín, “Filla de don Paay Moniz ¿de Rodeiro?”, *Medieval y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, ed. de Juan Paredes, Universidad de Granada, Granada, 1995, vol. IV, pp. 431-437.

<sup>10</sup> Véxanse así mesmo outros traballos de G. Vallín (además do libro *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Universidad de Alcalá de Henares, Alcalá de Henares, 1996): “Pai Soarez de Taveirós: datos biográficos”, *Actas do IV Cogreso da Associação Hispánica de Literatura Medieval*, Cosmos, Lisboa, 1993, vol. III, pp. 39-42; “Pay Soarez de Taveirós y la corte del Conde de Traba”, *O Cantar dos Trobadore. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993, pp. 521-531.



## LA POÉTICA DE PAZ Y SOAREZ DE TAVEIRÓS

Gema Vallín

¿Qué hacía Pero Velho en el huerto de doña Mayor? El texto en prosa que acompaña al poema en el cancionero, es decir, lo que entonces se llamaba la razom, cuenta que Pero, el hermano de Pay Soarez de Taveirós, se encontraba en casa de la mujer del poderoso conde de Traba, cuando le sucedió el siguiente percance:

-Vi eu donas encelado  
que ja sempre servirei,  
porque ando namorado,  
pero non vo-las direi  
com pavor que d'elas ei:  
assi mh-an lá castigado!

[Vi unas damas a escondidas que ya siempre serviré, porque ando enamorado; pero no os diré quiénes son por el miedo que les tengo: ¡en tal modo fui allí escarmentado!]

Mientras contemplaba a estas donas, que, según la misma fuente, dormían en el huerto una plácida siesta, ajenas a la mirada del intruso, se le acercó el guardián de la finca, quien, celoso de su empleo -y del rango de las damas en cuestión-, decidió escarmentar al trovador, quizá echándolo realmente a *grandes empuxadas*, como afirma la *razom*.

A continuación, en la copla segunda, toma la palabra Pay Soarez, porque quiere conocer los detalles del encuentro:

-Vós, que essas donas vistes,  
falaron-vos rem d'amor?  
Dizede, se as conhocistes,  
qual d'elas é a melhor?

[Vos, que visteis a esas damas, ¿os hablaron de amor? Decid, si las diferenciasteis, ¿cuál de ellas es la mejor?]

Sin embargo, Pero Velho solamente se percató de la extrema belleza de las dos:

-Anbas eran-nas melhores  
que omem pode coucir:  
brancas eran come flores.

[Ambas eran las mejores que uno puede considerar: eran blancas como flores]

de manera que nuestro trovador le reprocha su falta de atención, la torpeza que demuestra ante una ocasión única, como es ver de cerca a dos damas nobles y hermosas, y no poder apreciar sus cualidades más personales, ya que, como bien puntualiza,

...no falar e no riso  
poderades conhecer  
qual á melhor parecer.

[...por la manera de hablar y de reír podríais saber cuál es más bella]

La *tensom* de los hermanos de Taveirós ejemplifica el valor que adquiere el detalle en las cantigas de Pay Soarez. Mientras otros trovadores se muestran avaros a la hora de ofrecernos información y su discurso es abstracto o impreciso, el de Pay Soarez nos sorprende siempre con una confesión, un apunte significativo. Tomemos, a título de ilustración, la cantiga que Eugenio Asensio distinguió por la perfección en el empleo del paralelismo semántico. Comienza así:

Como morreu quen nunca ben  
ouve da ren que mais amou,  
e quen viu quanto reçeu  
d'ela, e foi morto porei:  
ay, mia sennor, assi moir'eu!

[Como murió quien nunca obtuvo favor de lo que más amó, y que vió cuanto de ella temió, y por ello fue muerto: ¡ay, mi señora, así muero yo!]

En esta, y en las dos estrofas sucesivas, la disposición paralelística, la semejanza de algunas frases y la repetición del estribillo afirman la idea central: el sufrimiento del enamorado por un amor sin correspondencia. Pero no confundamos estos versos con los de cualquier cantiga de amor: la de Pay Soarez tiene más lujo de imaginación. La estrofa final contiene una sincera y no menos sorprendente declaración:

Como morreu quen amou tal  
dona que lle nunca fez ben,  
e quen a viu levar a quen  
a non valia, nen a val:  
ay, mia sennor, assi moir'eu!

[Como murió quien amó a tal mujer que nunca le favoreció, y que la vio llevar a quien no la merecía ni la merece: ¡ay, mi señora, así muero yo!]

¡Por fin sabemos de qué muere el poeta!: porque la dama ha preferido a otro amante; y resulta que esa precisión desborda largamente las convenciones del género amoroso.

Más resueltamente provocador se muestra en la famosa e inefable cantiga da *garvaiá*. El enigmático y bello poema se halla en un cancionero dedicado en exclusiva a las trovas amorosas, y, aunque el tema es de esa índole, las licencias que se permite respecto a la tradición le convierten en un personalísimo escarnio de amor. La convención poética exige preservar la identidad de la dama, pero Pay Soarez por el contrario rompe el gran secreto nombrándola como la *filla de don Pay Moniz*, con lo cual disipa toda posible duda respecto a su linage y condición social. Por si esto no fuera suficiente, dice haber compartido con ella un momento de intimidad doméstica nada aconsejable para la reputación de una dama de alcurnia: aquél en que ella se le mostró *en saya*, o ropa íntima. Leamos todo el poema.

No mundo non me sei parella  
mentre me for como me vi,

ca ja moiro por vós e, ay!  
mia sennor branca e vermella  
queredes que vus retraya  
quando vu eu vi en saya?  
Mao dia me levantei  
que vus enton non vi fea!

[No conozco a nadie en el mundo semejante a mí mientras me vaya como me va, pues muero ya por vos y, ¡ay! mi señora blanca y coloada, ¿queréis que os describa cuando os vi en saya? ¡Mal día me levanté, que entonces no os vi fea!]

E, mia sennor, des aquella  
me foi a mi mui mal di'ay!  
E vus, filla de don Paay  
Moniz, e ben vus semella  
d'aver eu por vós guarvaya?  
pois eu, mia sennor, d'alfaya  
nunca de vós ouve nen ei  
valia d'ua correa.

[Y, mi señora, desde aquella ocasión me fue a mí muy mal, ¡ay! Y vos, hija de don Paay Moniz, ¿os parece bien que obtenga por vos una "guarvaya"?, pues yo, mi señora, de valioso nunca tuve ni tengo de vos lo que vale una correal]

Nos preguntamos, ante estos versos, el por qué de ese querer "retratar" o en definitiva "contar" a todos que vio a la dama en cuestión en una actitud poco decorosa. La respuesta quizá sea que, como nos dice el poeta en la segunda estrofa, nunca obtuvo nada de ella, más que esa provocación. A ello, es decir, al soberano enfado del amante, podría haber contribuido de forma decisiva la humillación que supone para un trovador que le tomen por un juglar cualquiera. Me explico. La *guarvaya*, que era un manto, acaso se la ofreciera la *filla de don Pay Moniz* como pago en prendas, tan frecuente en el ambiente trovadoresco, por unos versos laudatorios, incluso por un servicio de tipo juglaresco, que él no estaba dispuesto a aceptar.

Entonces, ¿el desengaño amoroso era de verdad, y no una impostura poética? Ciento es que la dama tiene un nombre, tras el cual hay un personaje histórico, seguramente de la nobleza

gallega, o quien sabe si de la realeza portuguesa, si en verdad era la amante del rey Sancho I, es decir, la famosa Ribeiriña. Cierto es también que en el poema anteriormente comentado, el desengaño amoroso lo expresa el trovador en modo convincente, con dolorido sentir y aduciendo una razón concreta, como es la de que su amada le abandone por otro hombre. Además incide sobre este particular en otra de las cantigas:

Ca vos faran cedo veer  
a por que eu moiro, casar,

les dice a sus ojos, como si estos tomaran la identidad de testigos mudos e impotentes en la boda de su dama con el otro, con ese amante que, como nos señala en el texto anterior, no se la merece. Y no son estas las únicas ocasiones en que el trovador se permite añadir un detalle significativo que nos incita a pensar en la posibilidad de que se trate de una historia real y no de ficción literaria. Siempre impredecible, como acierta a definirlo Peter Dronke, en ocasiones hasta nos cuenta el lugar de procedencia de aquellos que junto a él se encuentran, cuando, en un viaje, siente nostalgia del amor que está lejos:

Quantos aqui d'Espanna son,  
todos perderon o dormir  
con gran sabor que an de s'ir;  
mais eu nunca sono perdi,  
des quando d'Espanna saí,  
ca mi-o perdera ja enton.

[Cuantos de España aquí están, todos perdieron el dormir, por el gran deseo que tienen de irse; pero yo, desde que salí de España, nunca perdí el sueño, pues ya lo había perdido entonces]

En una cantiga de amor resulta impensable tanta exactitud, el uso deliberado de un topónimo por parte de cualquier poeta que no sea él.

Pero en las trovas de amigo no es menos osado. Consciente de sus propias licencias en el código cortés, y orgulloso de ellas, pone en boca de la muchacha (ahora convertida en dama) la anécdota de que en una de las cantigas amorosas, obviamente en la de la *garvaia*, la había llamado por su nombre:

Sofrer-lh'ei eu de me chamar senhor  
nos cantares que fazia d'amor,  
mais enmentou-me todo con sabor  
de lhi saberem que mi quer gram ben.

[He de sufrir que me llame señora en los cantares que hacía de amor,  
pero me nombró con placer para que sepan lo mucho que me quiere]

Foi-m'el en seus cantares enmentar,  
vedes ora se me dev'a queixar,  
ca se non quis meu amigo guardae  
de lhi saberem que mi quer gram ben.

[En sus cantares me nombró, ved ahora si debo quejarme, pues no  
quiso mi amigo guardarse de que sepan lo mucho que me quiere]

Creo que no me ciega la pasión de quien ha dedicado muchas horas a un tema de estudio, si escribo que **las quince cantigas de Pay Soarez constituyen uno de los conjuntos más valiosos de la tradición gallego-portuguesa**. Valiosos históricamente, porque la capacidad alusiva y sugestiva del autor, su estética fronteriza, impura, nos apunta en esas quince cantigas casi el repertorio entero de actitudes, posibilidades y caminos de nuestra lírica trovadoresca. Pero más valioso aún artísticamente, porque por su fuerza para hacer significativo el detalle y revelador el matiz, Pay Soarez se nos aparece dotado de una de las personalidades poéticas más ricas de la Edad Media peninsular.

## BIBLIOGRAFÍA

- Asensio, E., *Poética y realidad en el cancionero peninsular de la Edad Media*, Gredos, Madrid, 1970.
- Beltran, V., *A cantiga de amor*, Xerais, Vigo, 1995.
- Vallín, G., *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Universidad de Alcalá de Henares, Alcalá de Henares, 1996.
- "Elogio y reproche en la *Cantiga da Guarvaya*", Cultura Neolatina, LVI, 1996, pp. 157-175.

Pero velho de Taveiros

**D**y eu donas en celada  
que ja semp seruirey  
por q ande namorado  
po no uolas dizer  
co paixor q delas er  
**A**y mihi la castigado

**T**hos q esas donas iuste  
falarõem rem damor  
dizedes casas confiste q̄es delas he melhor  
no fosts conchegedor q̄dous no de fusts

**E**lubas era nas melhores  
q omē pode courir  
bracas era come flores  
maro por rios eu no metir  
no naspudi deparſſar ſam bois ſenç

**A**lv pdestre ſyſo q das fostes ueer  
tino falar enomiso ſ poderados conhey  
q̄l amelhor puxec ſ mare fa lrua hrouyſo

Poema de Pero Velho de Taveirós. Vi eu donas encelado / que ja sempre servirei  
/ porque ando namorado...

## **A ACTIVIDADE TEXTIL TRADICIONAL NO VAL DO VEA (A ESTRADA-PONTEVEDRA). ESPADELAS E ESPADELEIROS**

Manuel Rodríguez Calviño

*Á memoria dos que xa non están.  
Benigno Calviño Lorenzo e  
Amparo Nodar Mantiñán.*

### **1. Contextualización Xeográfica e histórica.**

A zona de Vea pertence ó Concello de A Estrada, Pontevedra, e está formada polo val do río do mesmo nome, que nace na Bragada, no límite entre o Concello de A Estrada e o de Cuntis, e desemboca no río Ulla, recibindo no seu traxecto a auga de diferentes regatos. O val compóneno unha serie de parroquias, como son: San Andrés, San Xorxe, San Xiao e Santa Cristina de Vea, Divino Salvador de Baloira, Sta. María de Frades, Sta. María de Couso e San Miguel de Cora, ainda que hai que mencionar outras, xa fóra do val propiamente dito, moi relacionadas con este, como Sta. Mariña e San Miguel de Barcala, Sta. Eulalia de Matalobos, San Pedro de Toedo, Sta. María de Aguións e San Xoán de Santeles (Reimóndez, 1990), todas elas pertencentes, xunto con outras, en Época Moderna á Xurisdicción de Vea, na Provincia de Santiago de Compostela. Terras nas que os cultivos foron en

tempos moi variados (Somodevilla, 1747) "... maíz, centeno, trigo, patatas, lino, castañas, hortalizas, legumbres y frutas...", en boa medida pola calidade das súas terras.

O cultivo do liño nesta zona foi moi importante, ó igual que no resto de Galicia, e menciónase no Catastro do Marqués de la Ensenada en 1747 ou no Diccionario de Pascual Madoz de 1845-50, para casi todas as parroquias, "... *la bilaza y tejido de lino, estopa y lana para el uso ordinario...* ", ou "... *varios telares de lino y estopa...* ", (Madoz, 1845). Do Catastro de Ensenada társe ademais datos referentes ó tipo de liño utilizado, donde ademais de existir a variante de verán, tamén se utiliza outra sementada no inverno, "... *y en las fincas de maíz que se benefician y estercolan se cojen dos frutos en un año, de manera que sembrada esta tierra de zenteno o lino de primera mano, alzados estos frutos el mismo año se buelbe a sembrar segunda mano de maíz, mijo menudo o nabos...*" (Somodevilla, 1747 ).

A importancia do liño queda remarcada coa existencia na Xurisdicción de Vea de tres feiras nas que destaca o liño como principal producto, dúas no século XVIII, nos lugares de Casanova (San Andrés de Vea), e Carbia (San Miguel de Cora) (Somodevilla, 1747), as dúas celebradas "... *todos los meses del año ...*", das que se beneficiaban tódalas parroquias da Xurisdicción, recibindo unha porcentaxe "... *por el pesillo del lino ...*".

Estas feiras parecen ser sustituídas no XIX pola de Renda (San Xoán de Santeles ), na que "... *en la aldea de Renda ... el 21 se celebra un mercado cuyo principal tráfico consiste en lino ...*" (Madoz, 1845). A tal punto debeu de chegar a magnitude e importancia do liño e das concentracións de xente para a súa transformación, que ó igual que en toda Galicia (Saavedra, 1994 ) o clero prohibiu por medio das Visitas Pastorais a realización de "*Hiladas*" desde finais do S.XVII e intensamente no XVIII, como se extrae dos apartados de " Mandatos Generales " dos Libros de Fábrica das parroquias do val<sup>1</sup>.

Así, en 1718 dise no Libro de Fábrica de San Xulián de Vea: "... *somos informados de que en esta feligresía se hacen hiladas o fiadas, mandamos que no se hagan en adelante ...*", sucedéndose estos mandatos ó longo de todo o século en todas as parroquias.

## 2. A transformación da lá e do liño.<sup>2</sup>

A lá e o liño foron as dúas fibras máis utilizadas para diferentes funcións, e mentres a lá só precisa ser rapada, lavada abundantemente, posta a clareo e despois cardada e fiada do mesmo xeito que as outras fibras, o liño require un proceso longo e traballoso.

Iníciase pola sementeira, que se pode facer no mes de Novembro ou a finais de Abril e principios de Maio, sendo a variante última a más frecuente. Requiere terras de boa calidade e que teñan auga para regalo. Despois de estercar a veiga, labrábase co gando, coteábase co canizo, sementábase a liñaza e logo pasábaselle a grade para enterrar as sementes, achanzando logo co angazo. Como remate facíanse as rolas, ou presas para regalo, que consistían nunha presa principal e outras perpendiculares por toda a leira, e ós tres días más ou menos xa nacía o liño. Regábase cada oito días aproximadamente, en función da climatoloxía e do terreo. Era todo un ritual, xa que como mencionan tódalas informantes era necesario ir descalzas para non pisalo, e íase tapando na rola principal a entrada de cada unha cun saco enrolado, para guiar a auga, e a donde non chegaba "... *había que botala cunha sartén vella ...*", dinos Dna. Preciosa Godoy.

O madurado ven ó que caen as flores, azuis ou brancas, e a pranta se pon dourada, sendo más ou menos a mediados de Xullo, variando coa climatoloxía. Isto daba paso á *arriga*, ou arrincado das prantas, traballo realizado normalmente por mulleres, chamadas frecuentemente para a ocasión, e ó mesmo tempo, na veiga facíase a "*eira do liñar*". Dinos Dna. Dolores Loureiro, que consistía en sacar os terróns dun trozo da leira, que logo era pisado "*facíase unha eira ben acuñadíña*", para instalar o ripo para ripar o liño e sacarlle as cocas ou cápsulas en cuio interior se atopan as sementes. O ripado consistía en pasar polo ripo ou banco cun peite de ferro ou madeira a pranta, labor feita normalmente por homes, colocándose un a cada lado do peite. Eran os nenos os encargados de dar ós ripadores as mancheas arrigadas polas mulleres. Na parroquia de San Andrés de Vea unha das informantes

dinos que na arriga se daba pan de trigo á xente que se chamaba para axudar.

As cucas, ou o seu conxunto, a *bagaña*, eran recollidas ó remate e levadas para poñelas ó sol e que soltasen a semenza, cribando logo todo ata deixar limpa a *liñaza*, utilizada como semenza o próximo ano. Ó estar o liño ripado, as mancheas vanse colocando en feixes, alternando os *cabos* e os *couces* das prantas para que non se mezclen. Os feixes son levados a un pozo ou estanque improvisado de auga corrente para *empozalo*, é dicir, mergullallo durante nove días, con pedras por enriba para que non o leve a auga, e favorecer o desprendemento das fibras da parte leñosa da pranta.

Pasados os nove días, varias persoas, case sempre homes, entraban na poza, na que se colocaba unha pedra, e desfacían os feixes, que ían lavando e golpeando contra o improvisado lavadoiro, ó tempo que lle ían dando as mancheas lavadas ás mulleres, e estas estendíanas en vieiras paralelas nunha herbeira cercana, o que se denominaba *tendal*, durante nove días para que secasen. Unha ves seca, a pranta era recollida en feixes e levada á eira para o *mazado*. En tódalas parroquias as informantes recordan varios sistemas para o mazado.

"*O mais traballoso*", según recordan era mediante dúas mazas de madeira, unha en cada man e golpeábanse as mancheas colocadas sobre un mazadoiro ou banco de pedra "*aquello era matar a un*" comentan. Outro sistema é cos mangles de mallar o trigo e o centeo, colocando os feixes na eira e mallando sobre eles, pero en todas as parroquias recordan que "*logo veu o modo de co gando*", que consistía en cubrir unha zona da eira con bosta que se deixaba secar e sobre ela se botaban os feixes extendidos nunha roda, e se sacaba o gando, bois, vacas e bestas e facíanse andar sobre o liño ata que estaba ben mazado, "*viñan os bois de toda a aldea, catro, cinco ou seis parejas*", dinos unha informante de San Andrés, aínda que eran moi utilizadas as bestas, que ó ter as ferraduras eran más eficaces. Pola contra as vacas non eran moi utilizadas, xa que "*cagaban moito e manchaban o liño. Ó que levantaban o rabo había que marchar correndo con elas*". En Baloira temos referencia de que nos últimos anos nos que se

sementou o liño, na década dos 60, utilizouse a malladora mecánica AJURIA, empregada habitualmente nos cereais, para mazar tamén o liño.

Un sistema de mazado pouco difundido en Galicia, e moito en Portugal é o trillo, (Oliveira, 1978), dos que existiron e funcionaron dous neste século na parroquia de Santeles, no lugar de Cruxera, a donde foi levado liño a mazar en casos específicos desde o val do Vea, e para o que "*había que pedir ves*". Logo do mazado ven o ripado, ou estirado das fibras en mancheas, e logo "*tres ou catro mulleres ibamos a manchear*", que consistía en fregar sobre as mans as mancheas de fibra maza da para eliminar parte da aresta, ou elementos leñosos. As mancheas colócanse en feixes para espadelar. En Baloira unhas informantes dinnos que os feixes estaban feitos con "*vintecatro pares de mancheas, que eran unha madeixa*".

Seguidamente viña a *espadelada*, co *espadeleiro* e a *espadelada* como instrumental, labor para a que se chamaban mulleres nas casas nas que había moito liño, podendo xuntarse quince ou vinte mulleres, ou ata corenta nas más grandes, vindo incluso de outras parroquias, unha muller por cada madeixa más ou menos, nos informaron en Baloira, "*se había vinte madeixas tiñas que traer vinte ou vintedúas mulleres, xa que moitas non botaban media madeixa e tiñan que collellas as outras*". Constabía de dúas fases, a *debouza* e a *tasca*, "*había que darlle dúas voltas*" dinnos en San Andrés, que podían facerse no mesmo día ou noutro distinto. Cada muller ía collendo unha manchea para debouzar, momento no que se desprendían as arestas e os primeiros *tascos*, e con esas mancheas facíanse as *estrigas*, ou especie de moños de fibra. Na tasca as madeixas de *vintecatro pares* pasaban a ser de vinte-catro sencillas, xa que se unían dúas estrigas nunha manchea. É da tasca de onde saen as peores fibras, os *tascos*, que tamén se aproveitaban para facer sacos.

O espadelado é un traballo comunal na maioría dos caso, que se facía nos meses de Agosto ou Setembro, "*pola tarde*", ata que se acababa, que podía ser de noite. Facíanse no corral ou nunha palleira, e ó acabar, como pago, había unha comida, que remataba en baile de pandeireta, ou "*traíase un cor-*

*deón*". Baile para o que chegaban os mozos ou mulleres que non participaran no traballo. A comida podía variar, ainda que o máis frecuente era "*patacas con bacalao e papas de arrós*" en case tódalas parroquias, pero en San Andrés variaba, con caldo e papas de arrós na debouza, ó que se lle unías castañas na tasca, ainda que no lugar de Murxide era frecuente que se dese só "*papas de arrós e castañas ou senón leite fervido con azucre e pan de trigo ou centeo*". O leite para as papas era pedido polas casas dos veciños, xa que unha casa non era capaz de xuntar o suficiente. A variante das castañas tanto na espadela como na fía non se da en Baloira, San Xulián, ou Santa Cristina, ainda que noutras como Santa Baia de Matalobos non eran frecuentes as comidas nas fías e espadelas. Pola contra nos din en San Andrés que "*ultimamente empezaron a dar patacas con bacalao esta xente que era más grande*".

Rematado de espadelar o liño, as mancheas eran colocadas de novo en estrigas e gardadas en cestas ou sacos ata que a xente da casa se encargase de *restelalo*, asedado en outras zonas de Galicia ( Lorenzo, 1933; Gil, 1992 ), ou peinalo co *restelo*, un peine con puntas de ferro, utilizado para depurar a fibra, separando a *estopa*, fibras más grosas e curtas, do *liño fino*. A estopa queda prendida dos dentes do restelo e o liño queda suxeito na man. A estopa é colocada en pequenos rolos ou *manelos*, e as mancheas de liño en *estrigas*, que son unha especie de periquitos ou trenzas que se fan "*espetando o medio nos dentes do restelo e enrroscando as puntas*" dinnos en Baloira, ainda que o centro tamén se suxeitaba cos dentes en San Andrés e San Xorxe.

Esta fase deixaba a fibra xa lista para o fiado, que nas casas más pobres era fiado polas mulleres da casa e as que tiñan maior cantidade de liño "*dábanlo a fiar polas casas dos veciños*". Os cerros e os manelos eran atados en fateixos diferentes, cun peso uniforme, "*unha libra ... algunas poñían as libras ben completas*"<sup>3</sup>. "*collía unha muller unha cesta chea canto podía e iba polas casas adiante a donde lle collían os fateixos, e collían estopa ou liño, o que quixesen ... algunas deixaban o liño a quien fiaba mellor*". En todo o val estaba estipulado o peso dos fateixos de manelos ou de cerros, e tamén

que se collese un fateixo por casa<sup>4</sup>. O día que se repartían os fateixos polas casas xa se dicía cando era o día da fía, normalmente un sábado dos meses de Novembro ou incluso Decembro. Á fía asistía unha muller de cada casa, pero non para fiar, senón que era para levar o liño xa fiado, en marañas, pois o fiado do liño facíase nas casas, ás noites, "*despois de facer os labores, ata a unha ou dúas da noite, ou algunha cando iba co gando*", xuntándose varias veciñas nunha casa, ou cada unha na súa. Fíase co fuso e coa roca, os tascos, a estopa e o liño, e incluso a lá. Na roca colocábase o manelo ou o cerro que era prendido co casquete ou naipe, unha tira de cartón ou tela.

O día da fía cada muller acudía á casa do dono do liño coa maraña xa feita. O propietario facía unha comida para as mulleres que fiaran o liño. Ó igual que na espadela o menú mais habitual eran as patacas con bacallao e papas de arrós, "*era en casi todas a misma comida*", pero en San Andrés e San Xorxe de Vea estaban presentes as castañas cocidas, sustituíndo en casos ás papas de arrós, podendo ser "*castañas, pan e viño; patacas con bacalao e castañas*". Na Ribeira, en San Andrés dinnos que "*na fía dabán castañas bastantes, e axudaban os da aldea a estonalas uns días antes*". Rematada a "*comida da fía*", había ó igual que na espadela, un baile de pandeireta, ou levaban un músico, baile ó que acudían os mozos e mulleres que non participaran da comida.

Estas comidas non eran só o pago pola realización dun traballo de forma comunal, senón que eran tamén un marcador social de prestixio da casa que a celebra, xa que máis mulleres implica máis liño, o que significa máis potencial económico. Segundo se vai fiando, vanse acumulado as *mazarocas*, que son os conos de fío que se enrolan no fuso, que ó rematar a fiada están listos para ensarillar, é dicir, enrolar no *sarillo* (Dibuxo 4), para facer as marañas, madeixas de fío cun atado nun extremo de modo que non se desfagan e mezclen os fios, que se denomina *costal*. O fío recién fiado é de cor casi grisácea, e para conseguir tonos brancos utilizan varios recursos. É o que se denomina *blanqueo*, ou encoladado noutras zonas de Galicia (Lorenzo, 1933). A forma máis frecuente que se constata no val e no resto de Galicia, e incluso na Península é

a de preparar na lareira un caldeiro ou pote con auga fervendo, borralla peneirada e xabón, metendo as marañas dentro para o que se denomina "*cocer as marañas*", operación que se repite varias veces. Ó facelo é frecuente que se decorran, se metan nunha cesta e se introduzcan no forno do pan toda unha noite. Outra variante menos extendida na zona, pero que constatamos en Baloira e en San Andrés é a de facer un burato "*na corte dos bois*", botar palla na base, e tras cocer con borralla as marañas, eran depositadas no seu interior e cubertas con sacos e cubertas despois co esterco, deixándoas durante nove días. O ácido do esterco conseguía unha blancura maior. Fose cal fose o proceso seguido, ó rematar había que lavalas nun regueiro, "*había que lavalas , e mallar de Cristo, hasta que se poñían de bo color, tiñamos que collelas e darralle a volta por encima da cabeza contra unha pedra*". Logo botábanse bogadas de auga fervendo con xabón e volvíase a lavalas. Tras desto había que levalas a unha herbeira e poñelas a clareo durante nove días, para que coa acción do sol se puxesen máis brancas, tendo que humedecelas varias veces no día, para que non se resecasen. O clareo tamén se podía facer na eira, "*colgadas nunhas barancas.*" como se constata no lugar de Murxide en San Andrés de Vea.

Unha vez branqueadas as marañas son levadas para a casa e colócanse na *devandoira*, que é un artiluxio xiratorio con catro aspas horizontais, utilizado para desfacer as marañas e facér os *novelos*, ou bolas de fío nas que para empezar a enrolalo era frecuente se iniciase sobre un coco dos carballos ou o anaco dun carozo. Estes novelos eran metidos en sacos e levados á tecedeira, que se encargaba de facer distintos productos da roupa doméstica e de roupa de uso persoal, combinando tecidos como o liño, lá, e incluso trapos reutilizados.

En todas as parroquias existiron tecedeiras, dúas ou tres en cada unha<sup>5</sup>, recordando a mayoría das informantes desde os anos trinta deste século en San Andrés, unha en Paramá e unha na Ribeira, en San Xulián tres en Gondomar, unha en Sandelle, unha en San Bartolomé, en Baloira unha no lugar da Iglesia e outra en Montoiro, non lembrando ningunha en San Xorxe. Tódalas informantes apuntan que "*en Santeles había*

*moitas*". É tamén en Santeles donde se constata a existencia dun dos únicos batáns<sup>6</sup> da zona, no lugar de Cruxeira.

### **3. Espadeleiros e Espadelas no Val do Vea. Obxectos de prestixio femenino<sup>7</sup>.**

As espadelas, son unha xuntanza comunitaria de traballo, e de pago do traballo mediante a comida no caso das fías. O espadelado require un instrumental propio e individual para cada muller, **unha espadela e un espadeleiro**<sup>8</sup> (Dibuxos 1, 2, 3).

Ó igual que o resto dos apeiros de traballo, a excepción dos xugos, a decoración é mínima, limitándose a xogos tenues de compás que forman rosaceas, incisións ou algunas formas xeométricas. Isto non se dá no veciño Portugal, donde os espadeleiros e espadelas son profusamente decorados e pintados de cores varias, algo que tamén se da na maioría dos instrumentos de traballo como manles, xugos, etc. No caso dos espadeleiros e espadelas estes xogan un papel de prestixio social da súa propietaria que o amosa nas multitudinarias espadelas, presumindo ante o resto das mulleres que fan o mesmo, lucindo velidas ferramentas, moitas regalo " do namorado ", ou simplemente unha ferramenta mercada por unha familia acomodada. Esta mesma situación se dá no val de Vea, donde tamén existiron "*espadeleiros moi pintados*", dinnos en Baloira, "*as que eran más chulas tíñanos de dibuxos* ", ou no lugar de Murxide, en San Andrés de Vea dinos unha informante: "*cada unha quería ver se podía pasar por riba da outra co espadeleiro...colgábanse na man para levalo ás espadelas, e a que o tiña bonito xa o poñía ben para arriba para que llo visen todas*". Algo que non é aillado nalgúns casas, senón que é a tónica xeral en todo o val, aínda que existían tamén, en menor número, os lisos, fenómeno que se vai difuminando segun se sae da zona. ¿ Cal é a causa deste fenómeno nunha área tan concreta?, ¿ Quizais chegou esta moda dende terras portuguesas nalgún momento do século pasado por medio de carpinteiros dese país afincados na zona, ou traída por viaxeiros a terras máis alá do Miño?. Esperamos en pouco tempo saber máis sobre o tema, pero o que sí é certo, é que tendo en conta o barroquismo de talla e de cor dos espadeleiros,

pintados de vermelho, verde, azul, branco, dourado, prateado, etc, con incrustacóns de metais, cristais, etc, a visión dunha espadela das que falan as informantes, con trinta ou corenta mulleres espadelando nunha eira ou cuberto, cos seus engalanados espadeleiros e espadelas, tiña que ser realmente espectacular, todo un despregue visual de connotacións sociais, económicas e de prestixio, causas suficientes para evitar que estas pezas caian no esquecemento e sexan pasto do lume, a humidade e a couza. Niso estamos.

## NOTAS

<sup>1</sup> O meu agradecemento ós párrocos de San Xulián e Baloira, San Andrés, San Xorxe, Santa Cristina e Cora por facilitarme o acceso ós datos do arquivo parroquial que eles custodian.

<sup>2</sup> A información do proceso de transformación procede das entrevistas realizadas ás mulleres do Val do Vea, Preciosa Godoy Martínez, Erundina Torres Pazos, Dolores Loureiro Tanoira, Isolina Riveira Dorelle, María Eiras Matalobos, e outras que prefireran ficar no anonimato, a todas elas o meu eterno agradecemento.

<sup>3</sup> Unha libra equivale en peso a medio Kg. (500 gr.).

<sup>4</sup> Non era obligatorio colgar para fiar, pero apuntan as informantes que era raro que dixesen que non, xa que se recurría a veciños, familiares ou xente coñecida que non se negaban, xa que eles estaban na mesma situación.

<sup>5</sup> O total de tecedeiras non se constata en ningún rexistro oficial, referenciando aquí só aquellas que as informantes recordan nun momento determinado, xa que era frecuente que unha muller tecese de solteira e deixase o oficio de casada, o que fai que continuamente estivesen cambiando as tecedeiras de unha parroquia.

<sup>6</sup> É un artiluxio hidráulico con mazos de madeira, utilizado para bater ou mazar os tecidos, básicamente de lá, saídos do tear para que a tea saia máis tupida e con más pelo.

<sup>7</sup> Hai que destacar a importancia dos espadeleiros e espadelas do Val do Vea, únicos en Galicia, como obxetos de prestixio femenino, que están a ser obxeto de estudio conxunto de quen suscribe e de Belén Sáenz-Chas Díaz.

<sup>8</sup> Non é suficiente o espacio do que dispongo para mencionar a todos os propietarios do Val do Vea que me amosaron os seus espadeleiros e espadelas, como tampouco hai espacio suficiente neste artigo para o meu agradecemento a todos eles. Gracias.

## BIBLIOGRAFÍA.

- (1993): *El llinu y la llana*: La industria textil en la sociedad tradicional asturiana, Museo Etnográfico del Pueblo de Asturias, Gijón.

ALFARO GINER, C.

- (1984): Tejido y cestería en la Península Ibérica. Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización, *Biblioteca Praehistórica Hispana*, XXI, Madrid.
- (1997): El tejido en época romana, Cuadernos de Historia, 29, Arco/Libros, Madrid.

CARDOZO, M.

- (1963): A fiaçao e a tecelagem na antiguidade peninsular, Actas do Congreso Internacional de Etnografía, II, Santo Tirso.

CASTELLOTE HERRERO, E.

- (1980): Labores textiles tradicionales ( Guadalajara ), Etnografía Española, I, Ministerio de Cultura.

CONDE D', A.

- (1935): A vida do liño, Litografía Nacional, Porto.

GALHANO, F.

- (1968): Objectos e alfaias decoradas do Museu de Etnología do Ultramar. I- Portugal Metropolitano, Junta de Investigações do Ultramar, Lisboa.

GIL DE BERNABÉ E LÓPEZ, X, M.

- (1992): O liño, , Edt. Ir Indo, Vigo.

GONZÁLEZ ARPIDE, J, L.

- (1990): Artesanía textil leonesa, Diputación Provincial de León, León.

KRÜGER, F.

- (1948): O liño no vale do río Ibias ( Asturias ). Estudio Etnográfico-Lingüístico, Miscelánea de Estudios á Memoria de Claudio Basto, Porto.

- (1997): Manufacturas caseras, Indumentaria, Industrias, Los Altos Pirineos, Vol. IV, pp. 11-69.

LORENZO FERNÁNDEZ, X.

- (1933 ): Notas etnográficas da Terra de Lobeira, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, 6, 28-34., Santiago de Compostela.

MADOZ, P.

- (1845): Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar. Galicia, Vol. I, II, III, IV e VI, Madrid

MONESMA, E.

- (1990): Labores tradicionales en Aragón, Vol. II, Diputación General de Aragón.

OLIVEIRA, VEIGA, DE, E.

- (1978): Tecnología tradicional portuguesa: O liño, Instituto Nacional de Investigaçao Científica. Centro de Estudios de Etnoloxía, Lisboa.

OTERO PEDRAYO, R.

- (1962): Os tecidos, Historia de Galicia , II, Edt. Nos, Buenos Aires.

REIMÓNDEZ PORTELA, M.

- (1990): A Estrada rural, Excma. Diputación Prov. de Pontevedra, Pontevedra.

SAAVEDRA, P.


- (1989): Industria textil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1860, Grial, 102, Tomo XXVII, Vigo.
- (1994): La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen, Crítica, Barcelona.

SÁENZ DE LA CALZADA, M.


- (1979): Telares, tejidos y tecelanas en la Galicia rural, Gallaecia, 3-4, Santiago de Compostela.

### **ENTREVISTAS:**


- Erundina Torres Pazos. Rabiáns dos Caballeros, Dvno. Salvador de Baloira.
- Dolores Loureiro Tanoira. Murxide, San Andrés de Vea.
- Preciosa Godoy Martínez. Rabiáns dos Caballeros, Dvno. Salvador de Baloira.
- Isolina Riveira Dorelle. A Ribeira, San Andrés de Vea.
- María Eiras Matalobos. Azureiros, S. Xorxe de Vea.
- Mención tamén a unha informante de San Xulián de Vea que prefire ficar no anonimato.




1



2



3



4

1, 2, Espadeiros; 3 Espadela; 4, Sarillo

## **MEMORIA GRÁFICA DO CUERPO DE EJÉRCITO DE GALICIA NA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA**

*Traballo elaborado a partir de varias entrevistas efectuadas por Xoán Andrés Fernández a don **Mario Blanco Fuentes** quen, así mesmo, facilitou as fotografías que se reproducen.*

O día 1 de abril deseño ano de 1999 cumpriuse o **sesenta aniversario** do final da Guerra Civil que comezara o 18 de xullo de 1936 e que pasou a ser a traxedia máis importante ocorrida na nación Española en toda a súa historia.

Iniciouse cunha sublevación de parte do exército español en África contra o goberno lexítimo, alzamento que foi secundado por algunhas rexións da península, mentres permanecen fieis á República as tres cidades más importantes de España: a capital Madrid, Barcelona e Valencia, coas súas respectivas rexións ou capitánías militares.

As provincias que desde o principio se uniron á sublevación foron as catro galegas e máis a de León, que, con Asturias, conformaban daquela a 8<sup>a</sup> Rexión Militar. En Oviedo tamén se alzou o comandante militar, Coronel Aranda, pro só o puido facer na propia cidade, que foi inmediatamente arrodeada e cercada polos mineiros asturianos durante uns meses. Foi a finais do mes de outubro do 1937, coincidindo co derrubamento da fronte do Norte, cando as tropas galegas rompen o cerco de Oviedo e liberan a cidade.

Daquela, con tropas galegas e asturianas formouse o **Cuerpo de Ejército de Galicia** (ó que, daquí en adiante denominaremos CEG) baixo o mando de Antonio Aranda. Este corpo de exército xa non se limitou a operar "ás portas da casa" coma quen di, senón que o debería agora facer en todo o resto de España, alí donde fose preciso.


E Así, o CEG, desde o teatro de operacións de Asturias-León foise desprazando cara ó norte da cidade de Zaragoza nun intento de alonxar a fronte de guerra, que se encontraba moi pertiño da cidade, coa intención de dirixirse a continuación cara ó interior de Aragón e penetrar en Cataluña.

Sen embargo neste intervalo de tempo, aproveitando as fortísimas nevadas que cairon sobre a cidade de Teruel e arredores, o exército republicano tomou sen loita esta capital de provincia, a única que deu ocupado desde o comezo da guerra.

Esta acción obrigou a cambiar os plans do CEG que, en vez de encamiñarse cara a Cataluña, foi destinado a coutar ó exército republicano para que non consolidase o seu avance, o que sucedeu arredor da navidade de 1937. Alí, en Teruel, sopotando en ocasións temperaturas de ata dez graos baixo cero, permañece o CEG deica a entrada na cidade, en marzo de 1938. Toma logo camiño do norte para regresar logo cara o sur e participar na ocupación de Valencia, xa no remate da guerra.

As señas de identidade das tropas do CEG, eran a Cruz de Santiago bordada nos uniformes e enseñas, e máis a presencia da gaita galega que, poida que por primeira vez, se introduciu daquela nas bandas de música militares.

O noso conveciño e amigo **Mario Blanco Fuentes** foi un daqueles homes que formaron parte do **Cuerpo de Ejército de Galicia**, integrado no seu Gabinete Fotográfico, circunstancia que lle permitiu ser testemuña directa dos actos que fielmente recolleu coa súa *Leica* como fotógrafo do Estado Maior. Destas fotografías, que mostran a traxedia dunha guerra fraticida e terrible, efectuamos unha brevíssima escolma que **A Estrada, miscelánea histórica e cultural** ofrece en absoluta primicia.




1.- Ponte sobre o río Nalón en San Juan de la Arena, Asturias, destruído polo exército republicano para impedir o avance dos sublevados. Verán do 1936.



2.- De esquerda a dereita: xeneral Dávila, xefe do Exército do Norte; xeneral Aranda, xefe do CEG e xeneral Franco, cabecilla da sublevación. Frente de Asturias 1937.




3.- O pobo de Tarna destruído como consecuencia da defensa deste importantíssimo paso estratégico da Cordilleira Cantábrica. Frente de León, setembro de 1937.



4.- O autor destas fotografías, Mario Blanco, á esquerda, e un compaño no aeródromo de Trobajo del Camino (León) no mes de outubro do 1937. Detrás, un caza italiano *Fiat* da escuadrilla de García Morato.




5.- Os xenerais Dávila, Aranda, Franco, Fermín Gutiérrez de Soto (Coronel Xefe de Estado Maior do CEG) e outros xefes nunha visita de Franco á Frente de Asturias-León. Entre Franco e Gutiérrez apréciase parte da cara de Ramón Franco, irmán do xeneral sublevado. Porto de Butrón, Asturias, Outubro do 1937.



6.- Material de guerra do exército republicano exposto no paseo central do Hospital Provincial de Oviedo: obuses de 150, cañóns de montaña e as famosas "leonas" de 124'5 mm. Novembro de 1937.



7.- A cidade de Teruel foi sometida a un intensísmo bombardeo que a deixou semidestruida. Na fotografía de Blanco Fuentes, ruínas da igrexa do Seminario, marzo do 1938.



8.- O famoso *Torico*, símbolo da cidade de Teruel, pouco antes de ser reposto no seu lugar, no alto dunha columna na praza do seu nome.



9.- Cun fondo de ruínas fumegantes, entre as que se distingue o Banco de España e a famosa torre mudéjar, destruída polas bombas, entran as tropas franquistas na cidade de Teruel en marzo do 1938.



10.- Tamén os pequenos pobos sofriron a destruccións dos bombardeos; na fotografía Alfambra, saíndo de Teruel, ocupado polas tropas de Franco. Marzo do 1938.



11.- Prisioneiros do exército republicano trala batalla do Río Alfambra. Marzo-Abril do 1938.



12.- Primeiro plano doutro prisioneiro pertencente a unha Brigada Internacional. Viste gorra e capote rusos. Primavera do 1938.



13.- Observando a marcha das operacións militares, de esquerda a dereita, comandante Loperena, axudante do xeneral Aranda; xeneral Dávila, xeneral Aranda, xeneral Franco e o periodista Ruiz Albéniz *El Tebib Arrumi*, avô do actual presidente da Comunidade de Madrid, Alberto Ruiz Gallardón. Frente de Aragón, 16 de Marzo do 1938.




14.- Metralladora disparando desde a súa posición. Frente de Teruel, marzo-abril do 1938.



15.- Columna de caballería do xeneral Monasterio. A derredeira vez que esta arma operou como tal na Guerra de España e en tódalas guerras posteriores. Frente de Aragón, batalla de Alfambra, marzo do 1938.



16.- Prisioneiros do exército republicano conducidos ó campo de concentración. Frente de Aragón, primavera do 1938.



17.- Consignas nun edificio (posiblemente unha fábrica ou taller), en Belchite: *Los minutos que se pierden en la retaguardia (se pagan) con sangre de nuestro hermano en el frente. Sólo la muerte separa al combatiente de su parapeto; sólo el agotamiento podrá apartarnos de nuestras máquinas.*



18.- Prisioneiros do exército republicano traballando nunha vía de comunicación. Frente de Aragón, 1938.



19.- Prisioneiro do exército republicano atendido por un alférez-médico. Frente de Aragón, 1938



20.- Misa de campaña, no hospital de guerra de Benicasim, á que asiste, entre outros, o xeneral Aranda. Este militar foi marxinado posteriormente por Franco e pasado á reserva (1949) a causa das súas simpatías monárquicas. Sería rehabilitado e ascendido a teniente xeneral polo rei Juan Carlos I no 1976.




21.- Hospital de Benicasim, habilitado nunha residencia privada. Xa máis preto de nós, o Hotel-Balneario de Cuntís (Pontevedra) funcionou como hospital de recuperación de feridos durante a guerra civil: *Los soldados de Roma se curaban en Cuntís. Los soldados de Franco se curan en Cuntís*. (palabras atribuidas ó propietario do balneario, D. Marcial Campos).



22.- Trala constitución da *Junta de Defensa* en Burgos (finais de xullo de 1936) xorde entre os militares sublevados a necesidade de unificar política e militarmente o mando. De entre os xenerais responsables das principais operacións militares, **Franco, Mola e Queipo de Llano** (na fotografía, en Tarragona, 1938), decidíronse polo primeiro. Queipo de Llano, xefe de operacións en Andalucía, destacou pola cruidade das súas accións militares.



23.- O xeneral Franco en uniforme de Almirante da Armada durante a revista naval na que se reagrupou toda a escuadra sublevada. Tarragona 1938.



24.- O cruceiro *Canarias* navegando polo Mediterráneo. Tarragona 1938.



25.- Vehículo blindado republicano incendiado nunha acción de guerra na que pereceron carbonizados os seus servidores. Castellón, xuño de 1938.



26.- Perico Chicote serve un dos seus famosos cócteles ó xeneral Aranda no día do seu santo. A carón del, Pilar Primo de Rivera, xefa nacional da Sección Femenina da Falanxe. Benicarló (Castellón), 13 de xuño de 1938.



27.- Batallón ciclista adscrito ó CEG, circulando por unha estrada levantina. Agosto do 1938.




28.- Algunas galegas do CEG: de esquerda a dereita, Mario Blanco (Estrada), Touceda (Cesures), Manolo Guerra (Cuntis), Joaquín Gómez (Cuntis) e José de Xaxá (Cuntis). Castellón de la Plana, 28 de febreiro de 1939.



29.- As voluntarias do Auxilio Social servían comedores públicos e coidaban rapaces. Castellón 1938.



30.- Máis soldados galegos. De esquerda a dereita: Pedro Sande (A Estrada); Lelo Carballeda (Estrada), chofer da escolta do xeneral Aranda e célebre futbolista do Deportivo Estradense; José de Xaxá (Cuntis); Tino Bastida (A Estrada). Aniñados: Antonio Mato, chofer do Xefe Comandante de Inxeñeiros do CEG e Mario Blanco, ambolosdous tamén da Estrada. Castellón 4 de xullo de 1938.




31.- Demostración de fumes de ocultación realizado pola *Compañía de defensa química* do CEG. Cauce do río Balcaire, Castellón, 1938.




32.- Uniformes de defensa contra a guerra química. Castellón, 1938.



33.- Altar erguido no Paseo de Ribalta durante a misa de campaña celebrada o día do Apóstol polo bispo de Lugo Dr. Balanzá. A ambos lados, as cruces de Santiago, distintivo do CEG. Castellón, 25 de xullo de 1938.




34.- Desfile dos soldados galegos do CEG -mariscos- ante o bispo de Lugo, o xeneral Aranda e autoridades civís. Por vez primeira a tropa usou sombreiro de tea para protexerse daquel intenso sol ó que non estaban afeitos. Parque de Ribalta, Castellón, 25 de xullo de 1938.



35.- Grupo de gaitas da banda de música do CEG. No decurso destas celebracións do día do Apóstol, chegou a noticia do comezo da **Batalla do Ebro**, a más sanguinaria, longa e empeñada batalla da guerra civil española, pero tamén a más inme-cesaria e absurda, (Tussell).



36.- Corrida de touros celebrada polos artilleiros do CEG. No medio da praza, pintada con serrín de cores, unha galega beilando e o berro de guerra destes soldados:  
*¡Ei carballeira, a quen me dé un pau, doulle un peso!*



37.- Aeródromo de León, aeroplano do exército franquista, co seu distintivo -a cruz de San Andrés- nas ás e cola.



38.- Aeródromo de León, escuadrilla de aviós de bombardeo coñecidos como pavas. 21 de setembro de 1937.



39.- Hospital de guerra republicano de Benasal. Na súa parede, este fermoso soneto titulado ***Ella va del reducto a la trinchera***. *Ebra de sangre va la turba fiera/ rompe las filas el obús que estalla/ y en medio del fragor y la metralla/ se alza augusto el perfil de la enfermera./ Ella va del reducto a la trinchera/ donde la sangre brota, allí se halla/ que es ángel de la guarda en la batalla/ mostrando embista y blanca su bandera./ Fulge la roja cruz como una herida/ en suero el dolor estimula al fuerte/ y al tremolar sobre el combate, erguida,/ es humana señal que al mundo advierte/ ser el único símbolo de vida/ entre tantos emblemas de la muerte.*



40.- Trimotor alemán *Junkers*- 52, transporte habilitado como bombardeiro. Participou activamente no traslado de tropas de África á península nos primeiros días do alzamento. Hitler dixo que Franco debería por elo erguerlle un monumento a este aeroplano.




41.- Caza *Fiat CR-32* italiano camuflado na fronte de Aragón.



42.- Cazabombardeiro alemán *Stuka*, entre unhas oliveiras. Estes aparatos fixéronse célebres pola precisión dos seus bombardeos en picado mentres facían soar unhas potentes sirenas para aterrorizar á poboación. Levante, 1938.



43- Cruz de Santiago pintada na praza de touros de Valencia, donde se celebrou unha corrida-homenaxe ó CEG ó remate da guerra civil. Abril de 1939.



44.- Metralladoras antiaéreas.



45.- Cañones antiaéreos alemanes 8'8. Levante, 1938.



46.- Celebración da entrada en Valencia das tropas vencedoras da guerra. Día 1 de abril do 1939.



47.- Rematada a guerra, o arcebispo de Santiago, Múniz y Pablos, bendice as tropas. Abril de 1939.



48.- O xeneral Aranda cos xefes e oficiais (moitos deles galegos) do seu cuartel xeneral, pouco antes do remate da guerra. Marzo de 1939.



49.- Tanque ruso capturado, o *T-26 B*, coa enseña *nacional* pintada xa na súa torreta.



50.- Axuntamento de Valencia, abril do 1939. Chegada de Franco, arrodeado da garda moura, para celebrar a fin da guerra.



51.- Membros do Gabinete Fotográfico do Estado Maior do *Cuerpo de Ejército de Galicia* na Praza do obradoiro de Santiago de Compostela o día 23 de Maio de 1939. De esquerda a dereita: Jaime Pacheco, de Vigo; Mario Blanco; José Lombardía, xefe do Gabinete, e o teniente Wenzel, enxeñeiro suízo da Telefónica.



52.- Percorrido en barco pola ría de Vigo en honra do xeneral Aranda. Maio de 1939.



## LA PURÍSIMA DE ASOREY DE LA ESTRADA (PONTEVEDRA)

Javier Travieso Mougán.

Se trata de una de las obras más interesantes de la abundante producción religiosa de **Francisco Asorey**. Un encargo del párroco de entonces, el recordado D. Nicolás Mato Varela, para el que nuestro escultor indaga en la tradición mariana más representativa. Recurre Asorey al procedimiento habitual de muchos artistas de su generación -también frecuente en arquitectura y en monumentos civiles- y que dio en llamarse *eclectismo*, esto es, que la obra en cuestión es el resultado de una amalgama de elementos artísticos tomados directamente del pasado según convenga al tema a tratar. Es el caso de esta imagen de la *Purísima*, de iconografía arraigada como pocas en el acervo popular y que no ofrece el menor contratiempo interpretativo a quien a ella se aproxime.

Estamos ante la presencia de la gran madre protectora, de la defensora por excelencia de la cristiandad. En la plaza de la iglesia de La Estrada su imagen resulta un tanto singular por el contraste que ofrece con su entorno funcional. Una plazoleta, un templo y un amplio pedestal, dan cobertura a una imagen deliciosa de factura, cercana al *ingenuismo*.

La figura de la **Inmaculada Concepción** forma parte indiscutible de nuestra historia. España ha sido, desde siempre, pionera en las luchas por lograr para su figura, una mayor consideración en el seno de la Iglesia. *Hasta siempre España, tierra*

*de María...* se despedía el Pontífice tras su primer peregrinar por nuestra geografía. Otros contemplaban a la Inmaculada, sin embargo, con mirada más recelosa, queriendo ver en ella la valedora sin rival de cuantas dosis de ignorancia e hipocresía se acumulan en el trasfondo de muchas generaciones.

La figura de María tuvo, no obstante, un auge muy especial en la España de los años cincuenta. En el régimen político imperante la Iglesia Católica detentaba un papel muy destacado. Había que potenciar determinados símbolos de eficacia demostrada ante ciertos sectores de la población atemorizados ante la supuesta prosperidad del poder soviético. En diferentes países de Europa estaban tomando apogeo, además, variadas doctrinas filosóficas -en especial el *existencialismo*- que pretendían dar cobertura ideológica a una visión atea de la vida. Era fácil entrever como, detrás de nuestras fronteras resonaba el eco temerario de **Sartre** o **Camus**.

Los gobernantes españoles deciden, entonces, promover un arte sacro de gran ambición, reflejado en las exposiciones nacionales de Bellas Artes. Muchos artistas pasan a ser receptores privilegiados de numerosos encargos. Otros acometen proyectos de mayores pretensiones, como el mismísimo Salvador Dalí, que emprende todo un gran ciclo temático hoy de referencia en el arte contemporáneo de intencionalidad religiosa: *La Santa Cena*, *el Santiago Apóstol*, diferentes versiones de la crucifixión o también la propia Virgen en telas como la *Assumpta* o la *Madonna de Port Lligat*, entre otras, según modelo inspirado en el rostro de su esposa Gala. Podemos afirmar pues, sin riesgo alguno, que en la España de los años cincuenta nos encontramos, en buena medida, en presencia de un arte de militancia antiexistencialista.

Es en 1954, concretamente, cuando se conmemora el centenario de la proclamación del Dogma de la Inmaculada Concepción. La Iglesia y los poderes del momento se vuelcan en celebraciones oficiales y esta talla de Asorey no dejó de ser una consecuencia más de todas esas expresiones de fidelidad a María. Fue inaugurada el 22 de marzo de 1956, con la presencia del Cardenal Quiroga Palacios, según comenta Ramón

Otero Túñez, el estudioso que más páginas ha dedicado a la producción de nuestro artista.

El párroco actual, don Manuel Castiñeira nos ha facilitado algunos datos de gran utilidad. El pedestal funcionalista -que no agradaba del todo al escultor por considerarlo demasiado estrecho en lo alto- fue obra de D. José Sanmartín Constenla. El cubo superior fue suprimido en la última remodelación de la plaza y así, al quedar la figura a menor altura, puede el espectador disfrutar de su belleza con mayor detalle.

El arquitecto encargado de las modificaciones tenía previsto asentar la imagen a la izquierda de la fachada de la iglesia sin embargo D. Manuel Castiñeira decidió -cremos que con buen criterio -emplazarla definitivamente a la derecha, en su situación actual, pues mejora en perspectiva y se dibuja *sobre las estrellas del cielo* ganando veracidad respecto al relato bíblico del *Apocalipsis* de San Juan en el que se inspira. Parece que, en el boceto original la Virgen María sostenía entre sus manos una Sagrada Forma, sin embargo D. Nicolás consideró poco acertado ese vínculo y optó por la solución actual.

La obra costó un total de 30.000 pts reunidas por aporte de los vecinos de La Estrada, destacando en la abnegada labor de organización y recogida de fondos la Asociación de Hijas de María y, muy especialmente, doña María Tabarés Álvarez.

Aunque había nacido en Cambados, la personalidad reservada de Francisco Asorey estuvo ligada, desde siempre, a su actividad incansable en el taller compostelano de **Caramoníña**, en las proximidades del convento de Santa Clara. Allí llevó una vida artística carente por completo de acontecimientos que resaltar, entregado a llevar a buen fin el proceso técnico de cada una de las tallas de encargo de las que era objeto. Para esta imagen de La Estrada escogió Asorey piedra de Alicante, dúctil de apariencia, blanquecina en el tono, que le aleja de la frialdad del mármol tradicional. A fin de lograr una expresión más personal nuestro escultor hizo siempre uso de un material de factura informe, ligeramente áspero, propio de una sensibilidad adaptada a la contemplación de las formas peculiares del paisaje gallego. Y es que la gran labor de Asorey descansa sobre la consideración de la materia, en la adaptación

elemental de que es la piedra la que se impone al artista hasta someterlo al dictado de su propia ley, como ya venía ocurriendo, tiempo atrás, desde **Miguel Ángel**.

La iconografía de esta *Purísima* no ofrece, por otra parte, ninguna novedad con respecto a la tradición. Encontramos en el discurrir de la historia del arte diferentes etapas significativas en las que podemos indagar. Pensemos en la rigidez de las vírgenes de estilo románico-bizantino y como, a finales del siglo XIII la imagen de María gana en dulzura y elegancia, pasa a ser representada de pie y los pliegues en el ropaje muestran mayor naturalidad y un cierto movimiento. El manto se tercia, por entonces, de derecha a izquierda, como empujado por ligera brisa. El prototipo de virgen que escoge Asorey para nuestro monumento de La Estrada encuentra sus orígenes, sin embargo, en el mundo de la pintura, en la figura del levantino Juan de Juanes. En pleno S. XVI este pintor valenciano, entusiasta como pocos de la nitidez y pulcritud renacentistas del arte de Rafael, recibe el encargo de plasmar en lienzo la visión apocalíptica que su confesor, el jesuita Padre Alberro, le había relatado con la mayor precisión. Bajo la supervisión directa del clérigo fue Juan de Juanes elaborando una gran tela, hoy paradigma de la iconografía mariana en España, y que se guarda en la Iglesia de la Compañía en Valencia, ... *una mujer vestida de sol con la luna bajo sus pies y en su cabeza una corona de doce estrellas*.

La orden de la Cartuja, -siempre tan devota de María- da nuevos bríos a esta devoción en la ciudad de Granada, contribuyendo a asentar una tradición hoy ya consustancial a las tierras todas de Andalucía. Será fray Juan **Sánchez Cotán**, lego y pintor de la Cartuja granadina, el que establezca un nuevo eslabón al trazar los rasgos de esa *Inmaculada* que hoy conserva el museo de Bellas Artes de aquella ciudad. El remate del manto bajo las manos formando un triángulo escorado a la derecha a la altura del abdomen, lo retoma también **Asorey**, aunque sin la precisión geométrica del maestro cartujo.

Una vez asentado el prototipo iconográfico en la pintura, éste se transmite al mundo del relieve también en Granada, en el relicario que Alonso de Mena modeló con destino a la

Capilla Real. Posteriormente este arquetipo se asienta definitivamente en el campo de la escultura exenta en la admiradísima *Inmaculada* de Alonso Cano proyectada para colocar en el facistol de la citada cartuja granadina y que hoy se puede contemplar en la sacristía de la catedral.

La gran novedad de esta talla de Cano es que en ella se elimina de manera determinante la frontalidad anterior pues, al poder girar en su entorno, el espectador la puede apreciar desde diferentes ángulos y recrear así la mirada en ese juego tan delicado de líneas ondulantes en el cuerpo y en los pliegues, en un alarde de muy sutil musicalidad.

Buena parte de los tratadistas de la Virgen instigaron a los creadores a hacer irradiar de su figura unos rasgos casi infantiles, semejantes a los de una joven de doce o trece años. Es frecuente que, fruto de un exceso de celo de muchos de estos artistas, resulte un rostro que pudiéramos tildar de amuñecado. Asorey, en cambio, bien conocedor de las posibilidades de su oficio evita este resabio tan habitual, dotando a esta imagen de La Estrada de un semblante más correcto: austero, veraz, etéreo casi, acentúa ligeramente el volumen de la frente para compensar así, desde lo alto, el efecto de la perspectiva. Las manos, en actitud de oración, tienden a recostarse con elegancia hacia la derecha del espectador, evitando que sobresalgan en exceso a riesgo de cualquier fractura o deterioro.

El ropaje, abundante y majestuoso, es lo que más llama la atención en la estética del conjunto. Cuenta Francisco Pacheco en su tratado sobre el arte pictórico que a la Virgen se la representaba en su tiempo *con el cordón de San Francisco a la redonda*. No podía Asorey dejar de insinuar, también en esta ocasión, esa identidad entrañable con la orden mendicante a la que dedicó buena parte de su labor. Pensemos en el gran monumento al *pobrecillo de Asís* a la entrada del convento de Santiago o la imagen del propio santo galardonada con la primera medalla en la Nacional de Bellas Artes del año 1926 y que guarda el Museo de Lugo.

Tanto el manto como la túnica de esta imagen de La Estrada algo tienen, ciertamente, de franciscanismo, de marcada similitud con el hábito de la orden, por el grosor de una

vestimenta que le sirve a Asorey de pretexto para gozar, sin apenas impedimentos, del gran anhelo al que aspira cualquier artista que se precie, el de explorar hasta el límite la carga de posibilidades expresivas inherentes al propio material con el que trabaja. Es entonces cuando podemos captar con plenitud la esencial vocación *primitivista* de nuestro autor, incluso cierto *ingenuismo* en esa tosquedad aparente que implica todo un lenguaje por sí solo. No es otra cosa que la *empatía*, esto es, poner al espectador en una situación en la que parece asistir al proceso de elaboración de la propia obra. Parece como si realizar la escultura fuera una labor sencilla, sin secreto alguno a considerar pero, eso sí, con un resultado final pleno de encanto y misterio.

Esta noble identificación con la materia sitúa a Asorey dentro del panorama global del arte gallego como precedente muy singular de esa gran ceramista que es Elena Colmeiro, mientras que el franciscanismo al que venimos aludiendo sería el testimonio indiscutible de cierta hermandad afectiva de Asorey con los versos del gran poeta Noriega Varela.

No debemos olvidar que las órdenes mendicantes de dominicos y franciscanos se instalaban siempre en las ciudades, en aquellos centros urbanos que cobraban auge a finales de la Edad Media, compensando, con ciertas dosis de humanitarismo los aspectos más ingratos de la vida burguesa. La propia orden de San Francisco arropó a la figura de María de una devoción muy especial. Es muy posible que en la intención de aquellos que proyectaron este monumento de La Estrada estuviera la de subsanar, en la medida de lo posible, a través de la presencia simbólica de una imagen, la ausencia en nuestra villa de alguna orden religiosa regular que, con independencia de creencias personales, hubiera irradiado un aire diferente al vivir cotidiano.

La figura sugiere la presencia, muy probable, de la luna en la parte inferior. Si el sentido de la estética llevaba a representar a María sobre una silueta en cuarto creciente con los extremos hacia arriba, es a partir de las consideraciones del jesuita Luis del Alcázar, a principios del S. XVIII, cuando los extremos de la luna se colocan hacia abajo, *sobre el convexo*,

lógica consecuencia del pasaje del *Apocalipsis* que identifica a María con el sol que se refleja sobre la superficie de nuestro satélite. El propio Pacheco pinta a la Virgen de la Catedral de Sevilla sobre la esfera completa en luna llena. Asorey, sin embargo, apenas la insinúa, y de manera un tanto dudosa, a causa de la función monumental de su imagen, pero sí coloca bajo sus pies la serpiente que simboliza el mal y que pone en relación a María con el conocido pasaje del Génesis en el que la mujer aplasta, imperturbable, el símbolo del pecado, al igual que podemos ver en otras advocaciones recientes, como la tan venerada de la *Milagrosa*.

Damos fe, por último, de algunos deterioros que se pueden observar en la figura: pequeñas roturas en la nariz, una grieta en la rodilla y, sobre todo, un boquete considerable de origen desconocido situado en la parte izquierda del cuello y que reclama la atención de personal especializado.



Antiguo emplazamiento de la imagen de la Purísima de Asorey, frente a la iglesia Parroquial de La Estrada.



La Inmaculada de La Estrada recorta contra el cielo su hermoso perfil.



La Purísima de La Estrada.



## CANDO O CEO ESCURECE. CRÓNICA DA EPIDEMIA DE GRIPE DE 1918 NA PARROQUIA DE SABUCEDO - A ESTRADA. PONTEVEDRA

María del Pilar Regueiro Ovelleiro.

O azar, xunto coas orientacións do meu propio pai, fixeron que, mentres revisaba os distintos traballos que realizara cos seus alumnos meu difunto avó, don **Francisco Regueiro Moreira** (1884-1962), primeiro Mestre Nacional da Escola Nacional Mixta de San Lourenzo de Sabucedo, os meus ollos fosen dar nunha redacción sobre os efectos que a epidemia mundial de gripe do ano 1918 causara na parroquia.

Aquela magnífica redacción estaba incluída no "Cuaderno de excusiones y hechos relevantes de la Escuela Nacional Mixta de Sabucedo" (1), redactado polos propios alumnos e que conserva a familia do mestre, D. Francisco Regueiro. O autor, Adolfo Obelleiro Garrido, relata coas súas propias palabras como se vivira na súa aldea natal o mortífero andazo, unha vez que este, a principios do 1919, se dese xa por rematado.

Xunto a este caderno chama tamén a tención un volume, escrito polo Mestre a dúas tintas (negra e vermella), donde se encontra plasmada, en primorosa caligrafía, a historia da Parroquia, asignatura obligatoria na Escola de Sabucedo (2). Pero realmente o máis importante dos seus traballos son dous volumes de follas cuadriculadas, tamaño folio e escritos a catro tintas, donde se recollen, día a día, os acontecementos máis

importantes da citada Escola, os censos de poboación e as memorias de cada curso escolar, entre outras cousas (3).

Estas lecturas impresionáronme vivamente e despertaron en mim o desexo de coñecer máis de preto a temible epidemia gripal que afectou tan profundamente a vida dunha parroquia como Sabucedo, localidade que me veu medrar e donde naceron meus avós e meus pais. A eles vai adicado este traballo.

A pintoresca parroquia de San Lourenzo de Sabucedo encóntrase no extremo sur do Concello de A Estrada, a 16 km. da súa capital, sendo esta parroquia, xunto coas de Souto, Codeseda e Lirípicio, as que lindan co concello de Ceredo.

